



PARLAMENTO  
DE GALICIA




## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

XI lexislatura  
Serie Pleno  
Número 8

**Sesión plenaria**  
7 de outubro de 2020

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



## ORDE DO DÍA (continuación)

---

### Punto 5. Proposicións non de lei

#### 5.1 1157 (11/PNP-000097)

##### **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

##### **Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín**

Sobre a procura polo Goberno galego dun amplo acordo co sector turístico co fin de establecer un plan de choque para salvar o turismo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 12, do 08.09.2020

#### 5.2 1507 (11/PNP-000138)

##### **Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

##### **Presas Bergantiños, Noa e dous deputados/as máis**

Sobre a constitución no Parlamento de Galicia dunha ponencia para elaborar unha proposta de cara á negociación da distribución dos fondos europeos para abordar as consecuencias da covid-19, para a súa defensa por parte da Xunta de Galicia diante do Goberno central mediante negociacións bilaterais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.09.2020

#### 5.3 1841 (11/PNP-000170)

##### **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

##### **Pazos Couñago, José Alberto e sete deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e á Comisión Europea en relación co impacto para a frota pesqueira de Galicia da decisión de inserir o mar-raxo dientuso no Apéndice II da Convención sobre o Comercio Internacional de Especies Ameazadas da Fauna e Flora Silvestres, CITES

Publicación da iniciativa, BOPG nº 19, do 22.09.2020

#### 5.4 1932 (11/PNP-000177)

##### **Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

##### **Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de recuperar para o patrimonio público as esculturas do Mestre Mateo, en poder da familia Franco, pertencentes ao Concello de Santiago de Compostela

Publicación da iniciativa, BOPG nº 19, do 22.09.2020

#### 5.5 2083 (11/PNP-000194)

##### **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

##### **Calvo Pouso, Diego e sete deputados/as máis**

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central co fin de incluír as máscaras e os hidroxelos desinfectantes na listaxe de bens aos que se lles aplica o tipo reducido do IVE do 10% ou o superreducido do 4%

Publicación da iniciativa, BOPG nº 19, do 22.09.2020



**5.6 2147 (11/PNP-000203)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo e dous deputados/as máis**

Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa dedicación e o esforzo de todas as persoas, entidades e institucións que fixeron posible a recuperación para o patrimonio público do pazo de Meirás

Publicación da iniciativa, BOPG nº 19, do 22.09.2020

**Punto 6. Interpelacións****6.1 465 (11/INT-000005)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre a consideración do Goberno galego respecto de se o borrador do protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021 dá resposta ás necesidades dos centros, así como sobre os problemas detectados na implementación dese protocolo no inicio do curso

Publicación da iniciativa, BOPG nº 9, do 02.09.2020

**6.2 828 (11/INT-000033)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre a política do Goberno galego en materia de reactivación do sector cultural fronte aos efectos da covid-19

Publicación da iniciativa, BOPG nº 11, do 04.09.2020

**6.3 961 (11/INT-000037)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Lourenzo Sobral, Manuel Antonio**

Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto da covid-19 no ensino

Publicación da iniciativa, BOPG nº 11, do 04.09.2020

**6.4 1435 (11/INT-000073)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto da covid-19 nas residencias de persoas maiores privadas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.09.2020

**6.5 1966 (11/INT-000110)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e tres deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación cos incendios forestais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 19, do 22.09.2020



## Punto 7 .Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

### 7.1 2601 (11/POPX-000003)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Caballero Miguez, Gonzalo**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da crise municipal no Concello de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 23, do 30.09.2020

### 7.2 2602 (11/POPX-000004)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Pontón Mondelo, Ana**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para paliar a crise industrial que está a vivir Galicia, nomeadamente ante a grave situación de Alcoa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 23, do 30.09.2020

## Punto 8. Preguntas ao Goberno

### 8.1 1630 (11/POP-000128)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Prado Cores, María Montserrat e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para posibilitar a viabilidade e o mantemento dos postos de traballo da conserveira Thenaisie Provoté, no concello do Grove

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.09.2020

### 8.2 2570 (11/PUP-000071)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Castro García, Daniel**

Sobre as actuacións que está a defender o Goberno galego diante da crise de Alcoa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 23, do 30.09.2020

### 8.3 2596 (11/PUP-000072)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Otero Rodríguez, Patricia e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que está a desenvolver o Goberno galego en relación coa situación de Alcoa, en San Cibrao, na provincia de Lugo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 23, do 30.09.2020

### 8.4 848 (11/POP-000254)

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Candia López, María Elena e seis deputados/as máis**

Sobre as medidas que puxo en marcha a Xunta de Galicia para garantir a sostibilidade do sector do transporte público por estrada e para favorecer unha mobilidade segura

Publicación da iniciativa, BOPG nº 9, do 02.09.2020



**8.5 2597 (11/PUP-000073)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e sete deputados/as máis**

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da implantación do Plan de transporte metropolitano de Galicia na Área metropolitana de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 23, do 30.09.2020

**8.6 1231 (11/POP-000082)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e catro deputados/as máis**

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego para evitar o empeoramento ou supresión do servizo de comedor escolar do CEIP As Mercedes, de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 12, do 08.09.2020

**8.7 1736 (11/POP-000147)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e tres deputados/as máis**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da posible incidencia na calidade da educación pública das alternativas ofrecidas ao alumnado do Colexio de Educación Infantil e Primaria Frei Luis de Granada, de Sarria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 20, do 23.09.2020

**8.8 927 (11/POP-000273)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Tellado Filgueira, Miguel Ángel e seis deputados/as máis**

Sobre as iniciativas que desenvolveu o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia para prever os riscos derivados da pandemia da covid-19

Publicación da iniciativa, BOPG nº 9, do 02.09.2020

**8.9 438 (11/POP-000001)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da situación actual de Galicia ante os gromos da covid-19

Publicación da iniciativa, BOPG nº 4, do 19.08.2020

**8.10 1825 (11/POP-000281)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e dous deputados/as máis**

Sobre o plan de conciliación integral elaborado pola Xunta de Galicia para o caso de que as familias deban exercer o coidado dos menores nos casos de suspensión da actividade lectiva a consecuencia da covid-19

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.09.2020



## SUMARIO

---

*Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.*

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Gonzalo Caballero Miguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego da crise municipal no Concello de Ourense.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Caballero Miguez (S)*. (Páx. 13.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 15.)

Réplica do autor: *Sr. Caballero Miguez (S)*. (Páx. 15.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 16.)

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D<sup>a</sup> Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para paliar a crise industrial que está a vivir Galicia, nomeadamente ante a grave situación de Alcoa.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 18.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 19.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 20.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 21.)



**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de recuperar para o patrimonio público as esculturas do mestre Mateo, en poder da familia Franco, pertencentes ao Concello de Santiago de Compostela. (Punto quinto da orde do día.)**

*O señor presidente anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 22.)*

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 22.)*

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Díaz Varela (S) (Páx. 26.), Sr. Vereia Fraiz (P). (Páx. 28.)*

*O señor Bará Torres (BNG) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 29.)*

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Diego Calvo Pouso e sete deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central co fin de incluír as máscaras e os hidroxelos desinfectantes na listaxe de bens aos que se lles aplica o tipo reducido do IVE do 10 %, ou o superreducido do 4 %. (Punto quinto da orde do día.)**

*O señor presidente anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 31.)*

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Amigo Díaz (P). (Páx. 32.)*

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Francisco Rivera (S) (Páx. 34.), Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 37.)*

*A señora Amigo Díaz (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 40.)*

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pablo Arangüena Fernández e dous deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa dedicación e o esforzo de todas as persoas, entidades e institucións que fixeron posible a recuperación para o patrimonio público do pazo de Meirás. (Punto quinto da orde do día.)**

*O señor presidente anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 42.)*

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Arangüena Fernández (S). (Páx. 43.)*

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 45.), Sr. Pazos Couñago (P). (Páx. 48.)*

*O señor Arangüena Fernández (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 52.)*

*O señor Bará Torres (BNG) pide a palabra por alusións, que o señor presidente (Calvo pouso) non considera procedente. (Páx. 54.)*



### ***Votación das proposicións non de lei***

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Leticia Gallego Sanromán e D. Martín Seco García, sobre a procura polo Goberno galego dun amplo acordo co sector turístico co fin de establecer un plan de choque para salvar o turismo: *rexeitada por 32 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 54.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e dous deputados/as máis, sobre a constitución no Parlamento de Galicia dunha ponencia para elaborar unha proposta de cara á negociación da distribución dos fondos europeos para abordar as consecuencias da covid-19, para a súa defensa por parte da Xunta de Galicia diante do Goberno central mediante negociacións bilaterais: *rexeitada por 18 votos a favor, 38 en contra e 13 abstencións.* (Páx. 55.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Alberto Pazos Couñago e sete deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e á Comisión Europea en relación co impacto para a frota pesqueira de Galicia da decisión de inserir o marraxo dientuso no apéndice 2 da Convención sobre o comercio internacional de especies ameazadas da fauna e flora silvestres, Cites: *aprobada por 70 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 55.)

Votación do texto transaccionado sobre a Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de recuperar para o patrimonio público as esculturas do mestre Mateo, en poder da familia Franco, pertencentes ao Concello de Santiago de Compostela: *aprobado por 70 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 55.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Diego Calvo Pouso e sete deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central co fin de incluír as máscaras e os hidroxelos desinfectantes na listaxe de bens aos que se lles aplica o tipo reducido do IVE do 10% ou o superreducido do 4 %: *aprobada por 56 votos a favor, ningún voto en contra e 14 abstencións.* (Páx. 56.)

*O señor Pazos Couñago (P) pide a palabra e intervén para solicitar unha votación separada das partes do texto que se somete á votación, solicitude que non acepta o autor da proposición non de lei.* (Páx. 56.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pablo Arangüena Fernández e dous deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa dedicación e o esforzo de todas as persoas, entidades e institucións que fixeron posible a recuperación para o patrimonio público do pazo de Meirás: *rexeitada por 32 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 58.)





**Acumulación de dúas interpelacións para a súa formulación conxunta.**

*O señor presidente (Calvo Pouso) comunica a acumulación das interpelacións 6.1 e 6.3 para os efectos da súa formulación conxunta, conforme o establecido no artigo 159 do Regulamento. (Páx. 57.)*

**Interpelación de D. Luís Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a consideración do Goberno galego respecto de se o borrador do protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021 dá resposta ás necesidades dos centros, así como sobre os problemas detectados na implementación dese protocolo no inicio do curso. (Punto sexto da orde do día.)**

**Interpelación de D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación co impacto da covid-19 no ensino. (Punto sexto da orde do día.)**

*Intervención dos autores: Sr. Álvarez Martínez (S) (Páx. 57.) e Sr. Lourenzo Sobral (BNG). (Páx. 60.)*

*Resposta da Xunta: Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González). (Páx. 63.)*

*Réplica dos autores: Sr. Álvarez Martínez (S) (Páx. 68.) e Sr. Lourenzo Sobral (BNG). (Páx. 70.)*

*Réplica da Xunta: Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González). (Páx. 71.)*

**Interpelación de D<sup>a</sup> Noa Susana Díaz Varela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en materia de reactivación do sector cultural fronte aos efectos da covid-19. (Punto sexto da orde do día.)**

*Intervención da autora: Sra. Díaz Varela (S). (Páx. 74.)*

*Resposta da Xunta: Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González). (Páx. 77.)*

*Réplica da autora: Sra. Díaz Varela (S). (Páx. 80.)*

*Réplica da Xunta: Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González). (Páx. 82.)*

*Suspéndese a sesión ás dúas e doce minutos e retómase ás catro e media da tarde.*

**Interpelación de D<sup>a</sup> Olalla Rodil Fernández e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación co impacto da covid-19 nas residencias de persoas maiores privadas. (Punto sexto da orde do día.)**

*Intervención da autora: Sra. Rodil Fernández (BNG). (Páx. 83.)*

*Resposta da Xunta: Sra. conselleira de Política Social (García Martínez). (Páx. 86.)*

*Réplica da autora: Sra. Rodil Fernández (BNG). (Páx. 88.)*

*Réplica da Xunta: Sra. conselleira de Política Social (García Martínez). (Páx. 90.)*



**Interpelación de D. Martín Seco García e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación cos incendios forestais.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Martín Seco (S)*. (Páx. 92.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 95.)

Réplica do autor: *Sr. Martín Seco (S)*. (Páx. 99.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 101.)

*O señor Rivas Cruz (BNG) pide a palabra e intervén por alusións, ao abeiro do artigo 76 do Regulamento.* (Páx. 102.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores e dous deputados/as máis do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para posibilitar a viabilidade e o mantemento dos postos de traballo da conserveira Thenaisie Provoté, no concello do Grove.** (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 103.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 104.)

Réplica da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 105.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 106.)

### ***Acumulación de dúas preguntas para a súa formulación conxunta***

*O señor presidente comunica a acumulación das preguntas 8.2 e 8.3 para efectos da súa formulación conxunta, conforme o establecido no artigo 159 do Regulamento.* (Páx. 107.)

**Pregunta de D. Daniel Castro García, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que está a defender o Goberno galego diante da crise de Alcoa.** (Punto oitavo da orde do día.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Patricia Otero Rodríguez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que está a desenvolver o Goberno galego en relación coa situación de Alcoa, en San Cibrao, na provincia de Lugo.** (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención dos autores: *Sr. Castro García (BNG)* (Páx. 107.) e *Sra. Otero Rodríguez (S)*. (Páx. 108.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)*. (Páx. 110.)

Réplica dos autores: *Sr. Castro García (BNG)* (Páx. 111.) e *Sra. Otero Rodríguez (S)*. (Páx. 112.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)*. (Páx. 113.)



**Pregunta de D<sup>a</sup> María Elena Candia López e seis deputados/as máis, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre as medidas que puxo en marcha a Xunta de Galicia para garantir a sostibilidade do sector do transporte público por estrada e para favorecer unha mobilidade segura.** (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Prado (P)*. (Páx. 114.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 115.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Prado (P)*. (Páx. 117.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 117.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Teresa Egerique Mosquera e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da implantación do Plan de transporte metropolitano de Galicia na área metropolitana de Vigo.** (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Egerique Mosquera (P)*. (Páx. 118.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 120.)

Réplica da autora: *Sra. Egerique Mosquera (P)*. (Páx. 121.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 122.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e catro deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego para evitar o empeoramento ou a supresión do servizo de comedor escolar do CEIP As Mercedes, de Ourense.** (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 123.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González)*. (Páx. 124.)

Réplica da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 125.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González)*. (Páx. 126.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Olalla Rodil Fernández e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a opinión do Goberno galego respecto da posible incidencia na calidade da educación pública das alternativas ofrecidas ao alumnado do Colexio de Educación Infantil e Primaria Frei Luis de Granada, de Sarria.** (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Aira Díaz (BNG)*. (Páx. 127.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González)*. (Páx. 128.)

Réplica da autora: *Sra. Aira Díaz (BNG)*. (Páx. 129.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González)*. (Páx. 130.)



**Pregunta de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as iniciativas que desenvolveu o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia para prever os riscos derivados da pandemia da covid-19.** (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 131.)

Contestación da Xunta: *Sra. Conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 132.)

Réplica do autor: *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 133.)

Réplica da Xunta: *Sra. Conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 134.)

**Pregunta de D. Julio Torrado Quintela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego da situación actual de Galicia ante os gromos da covid-19.** (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 134.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 136.)

Réplica do autor: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 137.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 138.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Marina Ortega Otero e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o plan de conciliación integral elaborado pola Xunta de Galicia para o caso de que as familias deban exercer o coidado dos menores nos casos de suspensión da actividade lectiva como consecuencia da covid-19.** (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Otero Rodríguez (S)*. (Páx. 139.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 140.)

Réplica da autora: *Sra. Otero Rodríguez (S)*. (Páx. 141.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 142.)

*Remata a sesión ás sete e corenta minutos do serán.*



*Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.*

**O señor PRESIDENTE:** Bos días.

Reiniciamos a sesión co punto sétimo da orde do día, preguntas para resposta oral do presidente da Xunta.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Gonzalo Caballero Miguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego da crise municipal no Concello de Ourense**

**O señor CABALLERO MIGUEZ:** Grazas, señor presidente.

Onte a Xunta de Galicia anunciaba o peche de Ourense; decisións e restricións de nivel 3 que limitan a mobilidade, o dereito de reunión e a actividade. Que vaia por diante de calquera outra reflexión a nosa solidariedade, o noso apoio e, dende logo, o compromiso de todos de loitar con prudencia contra este virus tamén na cidade de Ourense e en toda a provincia, onde existen riscos evidentes, e nunha cidade na que se superou o número de 500 contaxios da covid nas últimas xornadas.

O 12 de setembro, señor Feijóo, vostede remitía unha carta ao presidente da Fegamp e unha carta a cada un dos sete alcaldes ou alcaldesas das grandes cidades galegas; unha carta na que vostede ofrecía colaboración e na que sinalaba que era necesario o traballo conxunto de todas as administracións para poder facer fronte ao virus. Pero realmente vostede non remitiu esas sete cartas, remitiu seis. Remitiu esas seis cartas porque non remitiu a carta ao alcalde de Ourense; aquel alcalde de Ourense do que vostede dicía que era letal para a cidade; aquel a quen vostede colocou á fronte da terceira cidade máis grande de Galicia; aquel que durante un ano de goberno amosou como levar o esperpento á política, á ineficacia e á incapacidade de xestión; aquel, señor Feijóo, sobre o que o Partido Popular dixo que facían unha suspensión temporal dun pacto despois de colocalo na alcaldía.

Vostede dicía, señor Feijóo, que en Ourense hai alcalde pero non hai goberno. E hai que dicir que 24 dos 27 concelleiros pediron a dimisión do alcalde e que a xunta de goberno da cidade está configurada por soamente 3 concelleiros. Vostede, señor Feijóo, optou por xogar co PP de Baltar para manter o baltarismo na Deputación de Ourense, poñendo á fronte da cidade a aquel que vostede consideraba letal para ela. Vostede colocou ao alcalde e vostede é responsable da crise municipal que existe na cidade de Ourense, nun momento no que todas as administracións teñen que estar en bo funcionamento e con capacidade para facer fronte aos riscos que hai ante esta pandemia.

Por iso vostede ten que explicar tamén que é o que quere facer coa crise municipal de Ourense. Hai 150.000 ourensáns e ourensás que están pendentes de vostedes, preocupados das súas decisións. E hai que preguntarlle, señor Feijóo, se vostede recoñece os erros por colocar a Jácome á fronte da cidade; se vostede, señor Feijóo, considera grave a situación de ingobernabilidade que existe na terceira cidade máis grande da comunidade autónoma que vostede goberna; se é consciente de que Ourense necesita un goberno capaz, especialmente en



tempos da covid, e, sobre todo, que vai facer vostede para arranxar aquilo que vostede ten en Ourense. ¿Vai ser parte da solución ou vai deixar a situación da cidade nas mans e no caos municipal no que o Partido Popular a colocou? *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Caballero.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, en relación coa situación de Ourense, o que máis lle preocupa á Xunta de Galicia e o que entra dentro das súas competencias, sen dúbida, é a situación epidemiolóxica da cidade e da área metropolitana de Ourense.

Efectivamente, onte tomamos a decisión, despois do estudo correspondente e de medidas previas activadas nos últimos días e nas últimas semanas, de pedir un confinamento exclusivamente de mobilidade dentro dos termos municipais da cidade de Ourense e do concello de Barbadás. As razóns que apuntan a esta decisión, sen dúbida, son razóns asistenciais.

Tres delas son: a taxa de incidencia acumulada nos últimos catorce días. Galicia é unha das comunidades autónomas con menor taxa acumulada, 107 por 100.000 habitantes e, sen embargo, Ourense ten unha taxa acumulada de 417 por 100.000 habitantes.

O segundo motivo foi a taxa de positividade das PCR. A media de Galicia está en 4,3 positivos por número de PCR e en Ourense está no 18 %. Esa evolución é, sen ningunha dúbida, moi preocupante. E, de feito, duplicáronse na última semana o número de persoas afectadas polo virus. Si quero acreditar que a capacidade asistencial da sanidade pública en Ourense está garantida. Hai 10 persoas na UCI e 50 persoas en hospitalización.

Seguimos, polo tanto, tomando medidas, que son as que corresponden á comunidade autónoma no ámbito da terceira cidade de Galicia. E teño que dicir que a interlocución co Concello de Ourense e co Concello de Barbadás só é unha interlocución correcta.

Hai tamén outras medidas de restricións nivel 2 noutras áreas da provincia de Ourense. Do mesmo xeito que na Mariña lucense tomamos as decisións de limitación da mobilidade interna nos concellos que conformaban A Mariña, tomámolas agora, antes en período electoral, e agora despois das eleccións.

Fálame vostede do problema político da cidade de Ourense. Para min o problema fundamental da cidade de Ourense neste momento é o problema sanitario, que é o que afecta a Xunta de Galicia.

En relación co problema político da cidade de Ourense, vostede sabe moi ben, moi ben, que durante o tempo que se tardou en formar gobernos en Galicia propuxen como presidente do partido que gobernase a lista máis votada. Propúxeno nas deputacións, propúxeno nos concellos,



propúxeno nas cidades e propúxeno en toda Galicia, pero non nas últimas semanas antes de conformar os gobernos municipais, propúxeno dende que son presidente do Partido Popular de Galicia; nin sequera dende que son presidente do Partido Popular de Galicia, propúxeno dende o meu inicio na actividade política. Vostede sabe moi ben, señor Caballero, que vostedes non quixeran que gobernase a lista máis votada. Vostedes simplemente o único que entendían era que non gobernase o PP en ningún sitio, aínda que gañase as eleccións, aínda que lle faltase un concelleiro en Ferrol ou aínda que lle faltase un deputado provincial na Deputación de Lugo. É a súa sistemática, impedir que o Partido Popular, aínda gañando, poida gobernar.

Por iso creo, señor Caballero, que deberíamos de deixarnos de plantexamentos demagóxicos e cínicos porque as hemerotecas non resisten a súa vontade de clarificar o mapa municipal en Ourense, nin o mapa municipal nin o mapa provincial. Por iso nós, ante unha sospeita de condutas irregulares do presidente do partido que encabeza a alcaldía de Ourense, suspendemos inmediatamente o pacto. Vostedes nunca o fan, proseguen cos pactos, con independencia do que ocorra...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...cos coligados dos pactos.

E por iso, señoría, non teño máis interese que que o Partido Popular de Ourense acerte nas designacións que correspondan no futuro próximo. O que me preocupa é a gobernabilidade de Ourense, non é se o alcalde é dun partido ou doutro partido. Pero vólvolle plantexar, señor Caballero: ¿vostede está de acordo, nas cidades, nas deputacións e nos concellos, con que governe a lista máis votada, si ou non?

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, presidente.

Réplica, señor Caballero.

**O señor CABALLERO MIGUEZ:** Señor Feijóo, coincidimos en que a situación sanitaria en Ourense e en toda Galicia, en cada un dos lugares do país, é o máis preocupante, pero iso non obxecta as súas responsabilidades políticas polo que está ocorrendo nesta cidade, onde se mestura o risco sanitario co caos municipal, coa crise municipal. Se vostede quere axudar a loitar con toda eficiencia nas administracións públicas fronte ao risco sanitario, ten que posibilitar que haxa unha solución ao caos municipal; unha solución a un caos municipal que vostede reconece cando di que non hai goberno en Ourense e cando di que está á fronte da cidade quen é letal para a cidade. A curiosidade, señor Feijóo, é que foron vostedes, os membros do Partido Popular, os que colocaron á fronte da alcaldía a quen é hoxe alcalde e os que provocaron tamén a crise municipal que vive a terceira cidade máis grande de Galicia. Hai 105.000 ourensáns e ourensás que están pendentes da solución do Concello, porque aí se xestionan políticas sociais, porque se xestionan políticas de vivenda e de urbanismo e porque se dan axudas para moitas cuestións en educación; polo tanto, solucionar o asunto do goberno é tamén a súa responsabilidade.



Señor Feijóo, o cinismo do Partido Popular co sistema parlamentario e a lista máis votada non ten límites. ¿É que non gobernan vostedes na Comunidade de Madrid pactando coa ultradereita fronte a un Partido Socialista que é a primeira forza política? (*Aplausos.*) ¿É que alguén de vostedes ten que pactar coa ultradereita sen gañar? ¿É que non gobernan? O sistema parlamentario, señor Feijóo, establece as posibilidades de que haxa pactos e coalicións de goberno para poñer á fronte a quen sexa, a opción que poida ter o apoio desas maiorías. O problema é que vostedes optaron por un pacto contra natura, incumprindo en Ourense os seus compromisos; o problema non é que configuren unha maioría de goberno en Ourense, é que configuraron unha maioría fronte ao que dicían nas eleccións, fronte ao que dicía Jácome nas eleccións, e puxeron á fronte unha maioría que foi un fracaso estrepitoso. Jácome é o seu alcalde, o único alcalde que vostede puxo nunha das sete grandes cidades de Galicia, e representa ese caos municipal. Deixe a demagogia e sexa parte da solución. Busque unha vía para sacar o colapso da cidade de Ourense, para poñer un goberno capaz e para construír unha nova etapa, deixando o escapismo da lista máis votada, que vostede utiliza como unha cortina de fume, para non ter que falar do problema que vostede xerou, non por non ser a lista máis votada, senón por poñer á fronte da cidade un proxecto e un programa de goberno co que vostede lle complicou a vida ao Partido Popular en Ourense para salvar o baltarismo, o caciquismo na deputación e para tentar manter unha forma de política que é errada para a provincia de Ourense e para a cidade de Ourense. E os cidadáns da cidade de Ourense pídenlle, señor Feijóo, que vostede solucione o problema que creou na terceira cidade máis grande de Galicia. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Caballero.

Para o peche desta pregunta, o presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señor presidente.

Fálame vostede da Comunidade de Madrid. Este é o Parlamento de Galicia, señor Caballero. (*Murmurios.*) Dígoo porque que fale o Partido Socialista da Comunidade de Madrid no Parlamento de Galicia é interesante para acreditar e sobre todo para esconder que vostedes gobernan perdendo as eleccións na maioría de concellos, por exemplo, en 21 concellos. Sendo a forza máis votada o Partido Popular vostedes lle impiden que governe. Na Coruña, en Lugo e en Ferrol gañamos as eleccións limpamente, non podemos gobernar. Gañamos as eleccións na Deputación da Coruña e na Deputación de Lugo e non podemos gobernar, e vén vostede falar aquí de principios, señor Caballero. Eu mesmo, antes de formar goberno na Deputación de Ourense, no Concello de Ourense, lle pedín un pacto, e aceptaba que vostede incumprira o pacto no resto das provincias. Incumpriu o pacto na Coruña, en Lugo, nos concellos... Pedínlle un pacto, dada a situación de Ourense, que é a lista máis votada na Deputación e no Concello. Resposta: non. (*Murmurios.*) ¡Pero se teño aquí todos os resumos de prensa, señor Caballero! ¡Agora vostede di que non son certas as miñas declaracións! Vólvollo repetir, señor Caballero, mire, nós gañamos en tres deputacións e o seu obxectivo era que non gobernáramos en ningunha. Non nos deixan gobernar en Lugo, non nos deixan gobernar na Coruña e tampouco nos deixaban gobernar en Ourense a un escano da maioría absoluta. E o seu plantexamento era ofrecerlle ao señor Jácome distintas opcións no Concello e na Deputación.





Non sexan cínicos, señor Caballero, sábeo todo Ourense; sabe todo Ourense que é a súa proposta.

Pero mire, o Partido Popular de Ourense ten liberdade para buscar a mellor saída nesta situación. A pregunta é: ¿o Partido Socialista en Ourense ten liberdade para buscar a mellor saída? Houbo responsables do Partido Socialista en Ourense que plantexaron un goberno co Partido Popular e inmediatamente vostede o desautorizou. (*Murmurios.*) ¿Realmente, o Partido Socialista o que pretende en Ourense é exercer a súa liberdade para darlle un goberno estable á cidade ou o único que pretende é seguir as súas instrucións para que o seu único obxectivo sexa conquistar a alcaldía de Ourense? Se o PSOE pensa en Ourense, podemos chegar a acordo; se o PSOE só pensa no PSOE, vai ser moi difícil, señoría.

Non creo que o mellor xeito de chegar a acordos sexa demonizar o partido que ten a maioría na Deputación menos un escano, e vostedes intentaron de forma continuada e constante que non puidera gobernar. Iso é o contrario, señoría. Volvo reiterar: o Partido Popular de Ourense ten a liberdade para buscar a mellor saída a esta situación. ¿O Partido Socialista en Ourense ten esa liberdade tamén?

Mire, en primeiro lugar, sería bo que se puxeran de acordo dentro do Partido Socialista en Ourense... (*Murmurios.*) Si. O día 28 de agosto o seu portavoz pedía un pacto co PP, e inmediatamente unha parte do Partido Socialista en Ourense dixo que en ningún caso pactarían co PP para o goberno de Ourense.

Mire, señoría, como presidente do partido, non como presidente da Xunta, que non teño ningunha competencia, a vontade do pacto está aí, en Ourense e en toda Galicia, non teña dúbida. Os populares de Ourense só teñen unha prioridade: buscar un goberno estable na cidade, froito do diálogo e do pacto. Teñen a liberdade para pactar. Espero que vostede tamén lles deixe a liberdade para pactar...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Espero, señoría, que a proposta do Partido Socialista non sexa a que foi antes de constituír o municipio de Ourense e a Deputación de Ourense: pactaremos con todos para que non governe o Partido Popular en ningunha institución. Esa é a súa instrución a todos os seus compañeiros en todos os municipios e en todas as deputacións. Comprenderá, señoría, que ter propostas de gobernabilidade honestas e honradas do Partido Socialista de Galicia, con todo o respecto, señor Caballero, é moi difícil pola súa parte.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D<sup>a</sup> Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para paliar a crise industrial que está a vivir Galicia, nomeadamente ante a grave situación de Alcoa**



**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra a señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Bos días.

Quero que as miñas primeiras palabras sexan de apoio, solidariedade e admiración para os traballadores e traballadoras de Alcoa e das auxiliares e para toda a comarca da Mariña, porque nos están dando un exemplo de unidade, de compromiso e de dignidade, deixando claro que non van permitir que unha multinacional enterre o seu futuro e o futuro dos seus fillos. *(Aplausos.)*

Señor Feijóo, os traballadores e as traballadoras estiveron á altura, a comarca da Mariña es-tivo á altura e agora é o momento de que a Xunta e o Goberno central dean a talla porque estamos no tempo de desconto e non valen as declaracións de intencións.

Alcoa ten unha folla de ruta que está perfectamente clara. Eles queren pechar a fábrica de aluminio primario porque non queren competencia. É evidente que durante este tempo a multinacional actuou de mala fe, é máis, eu diría que actuou con prepotencia, con chulería, e que mesmo quixo deixar moi claro que está por riba do Goberno do Estado e da Xunta.

A resposta ante este desprazo debe ser clara e contundente, porque, miren, chegados a este punto, de nada valen reunións sen conclusión, de nada valen notas de prensa. Necesítase que o Goberno pase á acción. E é claro que teñen que actuar xa e que a única medida que pode salvar o emprego e a industria deste país é que haxa unha intervención pública. Porque, miren, se pecha Alcoa, non só van á rúa 1.000 traballadores e traballadoras, é que están asinando a acta de defunción da Mariña, e non podemos permitirlo, porque un país sen industria é un país sen futuro.

Cada minuto que pasa sen que poñan sobre a mesa a proposta firme de intervención pública é un minuto que gaña Alcoa para pechar cubas e para despedir traballadores e traballadoras tanto da fábrica como das auxiliares. Por iso, señor Feijóo, como presidente da Xunta, debe dicirnos neste Parlamento se están traballando xa na intervención pública si ou non. Porque o que non pode ser é que esteamos ao albur do que vaia decidir Alcoa no futuro. Os gobernos teñen que actuar con decisión.

E, miren, esa intervención pública é viable, é legal e é posible. O único que se necesita é vontade política, a mesma vontade política que tivo, por exemplo, o Goberno italiano para salvar unha fábrica similar en Cerdeña ou a mesma vontade política que acaba de ter Angela Merkel en Alemaña nacionalizando Lufthansa. ¿Por que pode haber intervencións públicas en Alemaña e non pode haber en Galiza? ¿Por que pode o Estado rescatar a Banca con 90.000 millóns de euros —por certo, débenos unha explicación sobre o que pasou coas caixas—? ¿Por que pode o Estado rescatar as radiais madrileñas e por que non poden rescatar as traballadoras e os traballadores de Alcoa e o futuro industrial deste país, cando nos estamos xogando moito no medio dunha crise?

Pídolle, señor Feijóo, que por unha vez non escorra o vulto e que nos diga nesta Cámara: ¿están traballando xa nesa intervención pública, si ou non? *(Aplausos.)*



**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señor presidente.

A situación dos traballadores de Alcoa, de toda A Mariña lucense e, en consecuencia, de Galicia é unha situación absolutamente comprometida. Vostede debería de saber —porque aquí falamos moitas veces de Alcoa— cal é a postura do Goberno da Xunta de Galicia. Permítame tres citas. Hai un ano, en outubro do ano 2019, esta era a miña intervención —está no *Diario de Sesións do Parlamento de Galicia*—: «Cada minuto que pase que o Ministerio de Industria e Transición Ecolóxica non ensine o borrador da industria electrointensiva é un minuto máis cara ao peche de Alcoa».

No mes de novembro do ano 2019: «Alcoa está en perdas no ao 2018 e en perdas no ano 2019. A multinacional deu instrución a todas as fábricas que ten no mundo de que aquelas que non sexan rentables se pecharán. Por conseguinte» —engadía— «estamos nunha situación onde non se pode aprazar o problema». Esas son as nosas intervencións de forma continuada e constante.

Chegou xaneiro do ano 2020 e o BNG pactou un acordo de investidura, de lexislatura, co señor Pedro Sánchez, e daquela vostede dicía que o tema de Alcoa estaba nese acordo e, polo tanto, quedaría blindado.

En febreiro presentaron o borrador do Estatuto das electrointensivas. A miña proposta e a miña valoración dese borrador é: «Se o Estatuto das electrointensivas se aproba como está, Alcoa San Cibrao pechará». E chegou o mes de maio e Alcoa anunciou o peche. Esta é crónica, señora Pontón.

Polo tanto, claro que estivemos á altura, e seguiremos estando. A pregunta que debería facerse vostede é se o BNG estivo á altura. Estivo á altura, en primeiro lugar, enganando os galegos, dicindo que tiña un pacto de investidura co señor Sánchez, entre outras cousas, para salvar Alcoa —falso—. E, ademais, o 12 de febreiro vostedes se reúnen en Madrid —o seu deputado e o Goberno— para avaliar o Estatuto electrointensivo, que o Goberno de Galicia, o Goberno de Asturias e o Goberno de Cantabria consideraban absolutamente insuficiente, e vostedes dicían que a reunión fora satisfactoria. Non, señoría. A posición do BNG é absolutamente insatisfactoria, e a posición da Xunta de Galicia, dos traballadores, é unha posición coherente no tempo, coherente nos contidos e coherente nas actitudes. En dezasete ocasións me dirixín ao presidente do Goberno de España, e teño que recoñecer que despois das eleccións autonómicas de xullo todo cambiou, e agora, resulta que o Goberno de España, a Xunta de Galicia e os traballadores estamos alineados no mesmo obxectivo: que Alcoa venda Liberty —esa compañía que non quere operar—, absolutamente razoable esa venda, e que, ademais, lle digamos moi claramente a Alcoa unha cousa: o futuro do aluminio en España non pode depender dunha multinacional que non quere operar, a única fábrica de aluminio primario en España. E por iso, señoría, nós non descartamos nada, pero temos coherencia, temos hemeroteca e temos accións, reflexións e propostas.



Por iso, señoría, non nos veña aquí dar leccións de como se defende Alcoa. Alcoa deféndese todos os días, e dende que son presidente levo defendendo Alcoa todos os días do meu mandato. *(Aplausos.)* Señoría, todos, absolutamente todos.

Todos os traballadores desa multinacional saben perfectamente cal é a postura da Xunta de Galicia, e a postura da Xunta de Galicia é moi razoable. En primeiro lugar, esa venda ten que producirse si ou si, de forma directa Liberty. Segunda opción, se esa venda non quere producirse de forma directa Liberty, que se produza de forma directa SEPI e que a SEPI a traslade a Liberty. E terceira opción, no caso de que Alcoa estea de forma continuada e constante e prosiga nun plantexamento de mala fe, a intervención é unha solución.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señoría, esas son as nosas propostas, pero non porque agora veña unha pregunta parlamentaria, non, señoría, esa é a proposta froito do traballo, determinación e compromiso coa Mariña lucense e cos traballadores de Alcoa.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, presidente.

Para a réplica, a señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Señor Feijóo, hai que ter a cara de cemento armado para vir aquí dicir que o BNG non estivo á altura defendendo os traballadores e traballadoras de Alcoa, ¡cara de cemento armado! *(Aplausos.)* Si, si, e moito máis vindo dun representante do Partido Popular e dun presidente da Xunta que calou cando o seu partido puxo en marcha un marco enerxético que levaba as nosas industrias electrointensivas contra as cordas. *(Aplausos.)* Esa é a responsabilidade do PP.

¿E como pode vir aquí dicir que sabía que ía pechar Alcoa cando a súa gran proposta en materia enerxética foi vetar sistematicamente que teñamos unha tarifa máis baixa no noso país? Esa é a súa aportación, señor Feijóo, a que teñamos futuro industrial neste país.

Mire, está obsesionado co acordo que asinamos con Pedro Sánchez para a investidura. E claro, eu enténdoo, porque vostede ten mala conciencia, porque si o BNG, cando foi decisivo, díxolle a Pedro Sánchez que tiña que cumprir coa industria electrointensiva, pero ¿sabe que fixeron os dez deputados...? *(Murmurios.)* ¿Sabe por que está tan obsesionado? Porque vostede non pode asinar nin ensinar ningún acordo a favor de Galiza porque ten dez deputados secuestrados na estratexia de Casado. Ese é o problema que vostede ten, señor Feijóo. *(Aplausos.)* Dez anos de submisión a Madrid e de incapacidade para defender os intereses deste país.

Pero mire, paréceme lamentable que nunha crise económica e con máis de 1.000 traballadores contra as cordas o presidente da Xunta veña aquí facer oposición da oposición e criticar o BNG. O que queren os traballadores e traballadoras é que haxa solucións.



Miren, a venda non é posible porque o está dicindo Alcoa, e díxollelo absolutamente claro. E estamos no tempo de desconto porque quedan moi poucos días para saber cal vai ser a decisión empresarial de Alcoa. O que lle dicimos, señor presidente, é que vostede ten que dicir se xa están traballando nesa intervención si ou non e se a Xunta vai participar dela, porque o resto é palabrería, confrontación inútil e, en todo caso, querer tapar as desvergonzas dun Partido Popular que, sinceramente, en materia enerxética, era moito mellor que estivera calado. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

Para o peche da pregunta, o presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Comprendo, señora Pontón, que vostede prefira que o Partido Popular de Galicia estea calado. Pero non, non, señoría. Mire, levo doce anos de presidente da comunidade autónoma, e o Partido Popular gobernou en España, no Goberno central, sete anos, e sempre houbo unha solución para Alcoa. Agora mudou, agora hai outros partidos cos que vostedes pactan. Agora non hai unha tarifa eléctrica competitiva. O prezo da electricidade en España en setembro era de 48 euros o megavatio, en Alemaña, de 20 euros o megavatio e en Francia, de 35 euros o megavatio. Con 48 euros o megavatio non se pode operar aluminio. Levamos dous anos dicindo isto aquí, e vostede, calada *(Murmurios.)* Vostede simplemente se adicaba a facer acordos en beneficio de Galicia, que é o acordo de investidura co señor Sánchez. Siga vostede defendendo ese acordo, señora Pontón, siga vostede sentíndose orgullosa de que só o BNG defende a Galicia. ¿Pero realmente hai algunha cousa na que o BNG defendera a Galicia no acordo de Pedro Sánchez? ¡Se non lle fan nin caso, señora Pontón! Se nin o consideran: nin o traspaso da autopista do Atlántico, nin a rebaixa das peaxes da autopista do Atlántico, nin un estatuto electrointensivo para as empresas electrointensivas... ¡Pero se están todas igual! Todas, Alu Ibérica, Celsa, Xeal..., todas, nunha mesma situación, nun estatuto electrointensivo, en primeiro lugar, que non existe; e, en segundo lugar, o proxecto do borrador que tiña era o peche definitivo da industria electrointensiva e, por suposto, a inviabilidade da industria hiperelectrointensiva, que é o caso de Alcoa.

Pero mire, señora Pontón, calquera decisión que se poida poñer enriba da mesa hai que poñela de forma sosegada, e o Goberno central dende o mes de xullo está traballando para buscar unha solución e non pechar a única fábrica de aluminio primario que existe en España. Non me doen prendas en recoñecelo. Do mesmo xeito que estabamos sós reclamando ao Goberno de España que tomara en serio a industria hiperelectrointensiva e do mesmo xeito que o Goberno de España veu aquí, nos mitins das campañas electorais xerais, a dicir que o estatuto se aprobaba de forma inmediata —eu mesmo acompañei a unha ministra do Goberno de España, que tivo unha reunión co comité de empresa de Alcoa e mentiulle de forma descarada á xente, xa que lle dixó que tiña unha solución—, hai que dicir que esa solución aínda non está aprobada. E vostede, calada, e o BNG, calado. *(Murmurios.)* Si, señoría, calados. Simplemente, por non apoiar o Goberno do Partido Popular de Galicia, calados. *(Aplausos.)* Señoría, calados, en Madrid e aquí.

Pero mire, señoría, eu digo que non se debe de desbotar nada, do mesmo xeito que digo que estamos nun estado de dereito. Xa sei que para vostede o do Estado de dereito é simplemente



unha canción. (*Murmurios.*) Non, señoría, non se pode intervir unha empresa namentres non se acredite de forma clara que se fixeron todos os procedementos, todas as cautelas, antes de intervila.

Por tanto, señora Pontón, non engane a ninguén. Nós non desbotamos a intervención da compañía, levámolo dicindo dende hai moito tempo. Agora ben, hai un procedemento. A Avogacía do Estado, a Consellería de Emprego, a Autoridade Laboral e a Consellería de Economía están traballando de forma continuada e constante, e por iso non hai que descartar ningunha solución para salvar a produción de aluminio primario na Mariña lucense, ningunha.

¿Pide agora vostede un gran acordo de país para salvar a Alcoa? Supoño que será porque o acordo do BNG co Goberno de España non valeu para nada.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ¡Se vostedes xa o tiñan solucionado! E agora resulta, señoría, que se vostedes nos piden un acordo, non hai ningún problema. ¿Sabe por que? Porque nós, cando damos unha palabra, cumprimos. (*Risos.*) Non enganamos a ninguén, non enganamos aos traballadores; non enganamos a ninguén, señora Pontón. Vostedes enganaron aos traballadores de Alcoa dicindo que tiñan unha solución para eles cando asinaron en febreiro o acordo de investidura, e nós dicíamos que non había ningunha solución, nin en febreiro, nin agora, e agora estamos ante a posibilidade dun peche.

Volvo reiterar, se se equivocaron vostedes de aliados cando apoiaron o señor Sánchez a cambio de nada, esa é a súa responsabilidade. Nós apoiamos o Goberno se traballa con nós para salvar a Alcoa, e, se non, denunciaremos o Goberno, pero neste momento estamos traballando xuntos, e non teño máis interese que que o Goberno de España e a Xunta de Galicia sigamos traballando xuntos. Terá o meu respaldo o Goberno de España se segue por esta liña, e no caso de que se acredite a mala fe de Alcoa —que está aínda en prazo para rectificar— de pechar unha fábrica para eliminar un competidor, entón, o Goberno de España terá unha petición formal da Xunta de Galicia de intervir esa compañía.

Espero e desexo, señora Pontón, que vostede tome en serio os problemas de Alcoa.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, presidente.

Continuamos coa orde do día, coas proposicións non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de recuperar para o patrimonio público as esculturas do mestre Mateo, en poder da familia Franco, pertencentes ao Concello de Santiago de Compostela**



**O señor PRESIDENTE:** A esta proposición non de lei presentáronse emendas do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e do Grupo Parlamentario Popular.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Noa Díaz Varela, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (11/PNP-000177, doc. núm. 1932).*

*Emenda de modificación.*

*Débase substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:*

*«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a proseguir o camiño aberto na recente sentenza sobre o pazo de Meirás froito do traballo coordinado entre distintas administracións e, en consecuencia, colaborar co Concello de Santiago, co persoal investigador e coas asociacións de memoria histórica para documentar o espolio das estatuas do Mestre Mateo declaradas BIC, e, a maiores, coa Deputación Provincial da Coruña e o Goberno do Estado para estudar as vías para a súa recuperación por parte do Concello de Santiago, co obxectivo de garantir a súa protección, difusión e reintegración para o patrimonio público».)*

*(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado Borja Vereá Fraiz, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (11/PNP-000177).*

*Emenda de substitución.*

*Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:*

*«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a colaborar con Concello de Santiago na análise das evidencias recentes desveladas en torno ao proceso seguido polas estatuas de Abraham e Isaac, propiedade do Concello, mediante a creación dun grupo de traballo conxunto no que participen especialistas nos ámbitos xurídico e histórico, que valore as liñas de acción de cara a recuperación das estatuas para o dominio público, e que deberán ter en conta os antecedentes xudiciais deste caso e a recente sentenza sobre o Pazo de Meirás».)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Grazas, señor presidente. *(Pausa.) (Algúns deputados e deputadas abandonan o salón de sesións.)*

*Imos deixar que se produza o habitual éxodo das filas populares, e dalgunha máis. (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Bo día.

Quixera comezar esta intervención propoñéndolles unhas preguntas. A primeira pregunta é: ¿por que estamos falando na tribuna deste Parlamento desta situación de roubo consu-



mado durante 60, 70 ou 80 anos de bens públicos por parte da familia Franco? ¿Por que estamos descubrindo agora, corenta e cinco anos despois do final teórico da Ditadura, este roubo e este macroespolio? ¿E por que estamos a estas alturas do século XXI reivindicando verdade, xustiza e reparación? Fáganse esta pregunta porque a resposta é fundamental para entender o que pasou neste Estado durante as últimas décadas.

Estas preguntas son unha acta de acusación contra a Ditadura, porque perpetró todos estes roubos, pero son, sobre todo, unha acta de acusación contra o réxime que veu despois, que perpetró a impunidad. É a proba tamén de que o final cronolóxico da Ditadura non foi o final do franquismo, e aí está a hemeroteca, que é unha pesada mochila para algúns.

O feito de que esteamos hoxe aquí a falar da reparación de bens de gran simbolismo roubados pola familia Franco, como o pazo de Meirás —que xa se tratou en repetidas ocasións e do que falaremos tamén nunha próxima iniciativa neste pleno—, de que falemos da recuperación da casa de Cornide, das estatuas do mestre Mateo, das pías bautismais de Moraime, é unha grave anomalía democrática e pon de relevo todas as complicidades e conivencias con Franco e co franquismo durante corenta e cinco anos. (*Aplausos.*) Tamén pon de relevo —e explicarlémoslle neste debate— as portas xiratorias da Transición e as responsabilidades de todos os gobernos do Estado, de todos e cada un dos gobernos do Estado desde 1975, comezando pola propia monarquía, que, como sabemos, é herdeira do franquismo, que foi e segue sendo protectora dos intereses da familia Franco e que tardou pouco —só 5 días despois da morte do ditador— en conceder eses ignominiosos títulos do Señorío de Meirás e do Ducado de Franco, que aínda permanecen vixentes. Esta é unha auténtica indecencia e unha vergoña democrática. Non hai dereito a que a familia Franco siga gozando da categoría do título de Grandeza de España. Isto non é grandeza de España, isto é miseria de España. (*Aplausos.*)

E claro, fronte a estes roubos, fronte a este latrocinio de Estado perpetrado coa colaboración de todo o aparato do Estado, que mobilizou grandes sumas de diñeiro para beneficiar o ditador e a súa familia —que se segue beneficiando agora—, hai en Galiza unha sociedade viva, hai un movemento social que leva décadas loitando pola recuperación do roubado, e fíxoo no seu momento e lévao facendo fronte ao silencio, fronte á impunidad, fronte ao medo e fronte ao terror, contra o franquismo primeiro e despois contra os seus continuadores e contra os seus protectores, que son moi poderosos. Esta loita é motivo de grande orgullo para o noso país, e ademais está chea de logros, grazas á conxunción de tres frentes de traballo: en primeiro lugar, o labor de organización e de mobilización de moita xente, que merece o maior dos nosos respectos. Merecen respecto eles e tamén merecen respecto as súas pancartas —que se entere o Goberno da Xunta de Galiza e o señor Feixóo—. Grazas tamén á investigación rigorosa dos feitos para desvelar a verdade, a pesar de todo tipo de atrancos que aínda seguen existindo. E tamén grazas á actuación das institucións, primeiro os concellos, logo a Deputación da Coruña e tamén este Parlamento.

Estas tres frentes de traballo, que son normalmente consecutivas, como Meirás —da que falaremos, como digo, no próximo debate da seguinte PNL—, produciron grandes logros, e agora hai algúns que se pretenden apuntar e poñer as medallas ao final do traxecto. E, claro, para nós, benvidas e benvidos a todos os que se queiran sumar agora, porque mellor que es-





tean deste lado, pero o que non podemos consentir é que ignoren e que insulten a quen máis loitou, a quen máis traballou, con decisións de goberno, con investigación e tamén con mobilizacións; con mobilizacións de pancartas e tamén con mobilizacións de barricadas, porque, grazas ás barricadas contra os que din vostedes, están vostedes sentados aí, estamos sentados aquí; como digo, grazas ás barricadas e á loita de moitísima xente durante décadas, que pelexou contra o franquismo e que loitou polos dereitos e as liberdades da nosa terra. (Aplausos.)

Agora a loita pola recuperación das esculturas do Mestre Mateo —como sabemos, roubadas pola familia Franco— é tamén unha historia de mobilización, de organización social e de defensa do patrimonio e da dignidade colectiva, e hai que recoñecer o traballo, empezando polo do colectivo O sorriso de Daniel, que xa no 2012 ergueu esta bandeira e que merece o noso recoñecemento e a nosa gratitude.

Tamén hai que recoñecer o labor de investigación de moitas persoas, como pasou con Meirás. Aquí hai que recoñecer especialmente o gran labor, rigoroso, paciente e de investigación do profesor e doutor Francisco Prado Vilar, que investigou un conxunto de documentación e que, ademais, se pode consultar neste momento na páxina web do Consello da Cultura Galega. Puxo de manifesto todo o itinerario de tropelías cometidas polo franquismo e pola familia Franco para adueñarse das esculturas do Mestre Mateo. Aí hai detalles como cartas, por exemplo, de Chamoso Lamas ou de Figueira Valverde a Sánchez Cantón, que poñen de manifesto o momento preciso no que se vai facer o traslado das esculturas mercadas, con escritura pública de compra-venda no 1948 polo Concello de Santiago, cando lle di: «*Te supongo enterado del destino que piensa dar el Ayuntamiento de Santiago a las dos figuras del Pórtico de la Gloria que había adquirido*». En 1955, o momento no que se vai facer o traslado das estatuas e no que se vai perpetrar un roubo, que intentaron despois legalizar cunha manobra que non podemos cualificar senón de tropelía, incluíndo as esculturas no catálogo da exposición do románico que se fai en Compostela no ano 1961, e que ten un executor que ten nomes e apelidos: Francisco Fuertes de Villavicencio. É, ademais, un exemplo de libro de portas xiratorias do franquismo á chamada Transición democrática. E podería darlles moitos detalles ao respecto.

A realidade é que estamos nun paradoxo. Fíxense vostedes, en lugar de ser procesados os autores deste roubo no seu momento ou mesmo agora, resulta que os que foron roubados teñen que demostrar a propiedade, a titularidade dos bens roubados. Isto é autenticamente o mundo ao revés, unha auténtica tropelía, e é a carta de acusación —que lles dicía eu a vostedes— da Transición e de todos os gobernos que permitiron esa impunidade.

O Concello de Santiago, como sabemos, recorreu á vía xudicial, co resultado xa coñecido, cunha xustiza que non foi imparcial neste caso. Eu non vou entrar a vulgar a actuación do Concello de Santiago, porque está á vista de todos. Seguro que foi mellorable. Pero agora —despois do que pasou, ademais, con Meirás— é o momento de actuar e de facelo con urxencia, con celeridade e con rigor. Por iso, a oportunidade e a necesidade desta iniciativa, que alude aos datos desa investigación —á que fixen referencia— de Francisco Prado Vilar. Ten argumentos e datos contundentes para conseguir que se faga xustiza e que esas estatuas volvan aos seus lexítimos propietarios.



Por iso traemos aquí unha proposta que xa foi presentada no seu momento no Concello de Santiago. Xa foi aprobado por unanimidade un acordo bastante coincidente con isto o pasado 24 de setembro e foi presentado publicamente polo BNG o 15 de setembro, e tamén presentado ese mesmo día neste Parlamento. Polo tanto, nós tamén nos alegamos profundamente de que, a raíz destas iniciativas, puxesen as pilas e o pasado sábado fixesen unha reunión exprés o conselleiro —aquí presente— de Educación e Cultura e o alcalde de Santiago para anunciar a creación dun grupo de traballo. A verdade é que non podemos perder máis tempo, nin tampouco podemos perder máis bens roubados.

E por iso quero comunicarlles aquí a nosa disposición a chegar a un acordo unánime deste Parlamento que recolla a proposta que fai o BNG e que integre tamén as achegas que fixeron nas súas emendas o Grupo Socialista e o Grupo Popular. Nese sentido xa lles anuncio que lles imos presentar unha proposta de acordo transaccionado entre as tres. Penso que sería unha mensaxe moi positiva neste momento para toda a sociedade e un paso adiante que permitiría avanzar no camiño da recuperación deses bens, desas esculturas. Tamén sería un paso moi importante para combater un virus que se estende neste momento por toda Europa...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor BARÁ TORRES:** ...e tamén pola nosa sociedade, o virus do franquismo e dos fascismos, que é unha enfermidade social contra a que non cabe nin a compracencia nin a complicidade; un virus que hai que combater por saúde democrática...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor BARÁ TORRES:** ...tamén por dignidade colectiva e porque llelo debemos a todas as persoas que loitaron pola liberdade, pola democracia e polos dereitos nacionais de Galiza.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Bará.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Díaz Varela.

**A señora DÍAZ VARELA:** Grazas, señor presidente.

Bo día a todas e a todos.

Efectivamente, hoxe aquí non vimos para debater sobre a propiedade das esculturas de Abraham e Isaac, autoría do Mestre Mateo, nin tampouco sobre a súa autenticidade; non é o noso cometido. Hoxe aquí vimos falar de memoria e vimos falar de dignidade, neste caso, da dignidade do pobo galego —que, se queremos concretar máis, podíamos dicir tamén da dignidade do pobo compostelán—. Hoxe aquí falamos de rematar coa impunidade dunha familia



que foi a causante dos anos máis escuros da nosa historia recente e que se beneficiou da súa posición de poder, privilexio e impunidade para aumentar o seu patrimonio persoal. Falamos da fortuna corrupta do ditador Franco e da súa familia, que espoliaron da maneira máis vil os bens do noso pobo e que enriqueceron o seu patrimonio con xoias artísticas e posesións inmobles adquiridas mediante a extorsión e a forza, como se está demostrando.

Quero poñer de relevo nesta sesión plenaria—é algo que xa dixo o deputado que me precedeu— que, efectivamente, se aprobou unha moción —a mesma iniciativa, só que en forma de moción— por unanimidade no Concello de Santiago. Obviamente, ese concello —por certo, gobernado por socialistas—, e como xa se anunciou tamén no mes de xaneiro, continúa coa estratexia do anterior Goberno local, que foi quen iniciou a reclamación xudicial; tanto é así que recorreu ante o Tribunal Supremo en casación, pero aínda está por resolver. Ese Goberno socialista, igual que o noso grupo parlamentario, confía en que se abra un novo procedemento xudicial sobre este asunto co fin de poder achegar esa documentación aparecida a posteriori, que acredita, sen ningún xénero de dúbida, que as pezas son propiedade do Concello de Santiago.

E non queremos tampouco hoxe perder a oportunidade de agradecer o traballo tanto da sociedade civil como do persoal investigador que en Galicia dedica moito do seu tempo —e leva dedicando moito do seu tempo durante moitos anos— a documentar e probar o espolio da familia Franco no noso país. Neste caso, as novas probas documentais sobre as figuras de Abraham e Isaac —como tamén se dixo xa— son o resultado do traballo do historiador Francisco Prado Vilar, que, entre outras cuestións, achega varias cartas arredor da Mostra internacional de arte románico, que tivo lugar en Santiago no ano 1961, nas que se demostran presións para atribuírle ao ditador Franco a propiedade destas figuras. Realmente non parece que quede ningunha dúbida ao abeiro das conversas que a mediados do pasado século mantiveron persoas como o comisario de Patrimonio de Galicia, o alcalde de Santiago e o comisario xeral de Patrimonio de Madrid; todas elas, por certo —como tamén se dixo—, publicadas nun especial que está publicado na *web* do Consello da Cultura Galega e do que, ademais, recomendamos dende aquí a súa consulta.

Nós hoxe aquí non imos entrar nas cuestións técnico-xurídicas de fondo deste proceso, do proceso en marcha, non é o noso cometido. Pero si nos gustaría sumarnos ás teses do investigador Prado Vilar, que sostén en diversos artigos a invalidez da base legal da usucapión sobre a que parecen fundamentarse ata o de agora as dúas sentenzas favorables á familia Franco. A usucapión fala de posesión pacífica, e esta non foi unha solución pacífica, nin unha posesión pacífica, á vista das probas documentais que acreditan —como dicimos— presións por parte do contorno de Francisco Franco.

A isto hai que lle sumar que no expediente de adquisición de pezas e na escritura notarial que existe, que está localizada, aparece expresamente unha reserva para evitar que desaparezan do consistorio e se preserve a súa propiedade pública; ademais di literalmente: «dos veciños e veciñas de Santiago». Pero, claro, aquí estamos falando da vontade de que o patrimonio quede en mans do pobo, e todas e todos sabemos que era o que pensaba o ditador Franco acerca desta cuestión. E así foi, as pezas pasaron a decorar a residencia oficial, ou unha das residencias do xefe de Estado.



Así que celebramos, xa que logo, que a Xunta de Galicia, por fin, decidise tomar parte activa neste conflito. E, tal como se manifestou este sábado pasado, o alcalde compostelán e o conselleiro de Cultura —nun encontro non sei se exprés pero, dende logo, inesperado, e non por iso non agardado— decidiron constituír unha comisión para recuperar as estatuas do Mestre Mateo. Parece ser que esa comisión vai valorar a nova documentación achegada, e, en función do que alí se estude, iniciaranse novas vías xudiciais.

Chega algo tarde pero, bueno, benvida sexa igualmente, porque a colaboración entre administracións faise realmente esencial para recuperar ese patrimonio espoliado, como xa quedou demostrado no pazo de Meirás. Neste sentido, por certo, explícase a nosa emenda, que apela a outras dúas administracións, como o Goberno do Estado e a Deputación Provincial da Coruña, para que acompañen tamén neste proceso. Agora só resta pedirilles celeridade para rematar canto antes con esta inxustiza e esta amoralidade.

Pola súa banda —non queriamos hoxe deixar de mencionalo—, tamén celebramos que o Goberno de España aprobase recentemente o Proxecto da nova Lei de memoria democrática, que, establecendo o dereito das vítimas á verdade —e isto non é banal no que nos trae hoxe aquí—, contén un apartado dedicado ao espolio, de maneira que o Estado —e cito literalmente— «promoverá as iniciativas necesarias para a investigación das incautacións producidas por razóns políticas, ideolóxicas, de conciencia ou crenza relixiosa durante a Guerra Civil e a Ditadura; e, en particular, realizará unha auditoría dos bens espoliados nese período». Así pois, esta norma prevé un inventario de bens e dereitos incautados e, unha vez finalizado, implementaranse as posibles vías de recoñecemento ás vítimas, ás persoas afectadas. Agardamos realmente que esa lei que se prevé poida aprobarse no primeiro semestre do próximo ano e facilite a recuperación de todo o patrimonio roubado e secuestrado polos Franco.

Todos os esforzos serán poucos para recuperar pezas artísticas e edificios históricos que pertencen ao pobo, que nos pertencen a nós. A súa consecución suporá a restauración da dignidade de moitas xeracións, vítimas da Ditadura franquista.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Díaz.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Popular de Galicia, ten a palabra o señor Verea Fraiz.

**O señor VERA FRAIZ:** Grazas, presidente.

O Grupo Parlamentario Popular vai traballar en todas as instancias con todas as administracións e con todos os instrumentos legais dispoñibles para que as estatuas de Abraham e Isaac, do Mestre Mateo, declaradas BIC pola Xunta de Galicia, volvan formar parte do patrimonio público. Así o fixemos no proceso de recuperación do pazo de Meirás, e imos manter as mesmas ideas: traballo conxunto, solvencia xurídica e técnica e lealdade ao resto de actores políticos.



O compromiso do Goberno autonómico é absoluto —e así o traslada este grupo parlamentario— e ademais comprobable neste asunto concreto. A Xunta de Galicia incoou e declarou estas dúas estatuas ben de interese cultural no DOG do 4 de setembro de 2019, o que supón a maior figura de protección cultural que existe en Galicia. Estamos convencidos de que esta declaración BIC axudará no procedemento de recuperación ao patrimonio público, máis alá de exixir xa obrigas importantes, como é o deber de conservación, o acceso á inspección, o dereito de temento e retracto e o deber de habilitar un tempo de visita pública.

Nesta mesma fin de semana a Xunta e o Concello de Santiago acordaron crear un grupo de traballo para analizar as últimas evidencias sobre as estatuas e valorar liñas de acción conxuntas de cara á súa recuperación para o dominio público. A constitución deste grupo de traballo permitirá analizar o material existente, especialmente toda a nova documentación aparecida, o que permite abrir novas posibilidades de reclamación, máis alá das xa plantexadas no procedemento xudicial aberto. Sen dúbida, estamos ante unha boa nova que demostra a importancia de traballar de xeito conxunto.

Como dicía ao comezo, e seguindo o exemplo de Meirás, lembramos a importancia de traballar con toda a solvencia técnica posible nas reclamacións. O traballo conxunto significou, especialmente para espectadores alleos coma min, un exemplo de altura de miras e de responsabilidade moral, política e intelectual. Temos unha oportunidade de contribuír a demostrar a superioridade dos sistemas democráticos sobre calquera outra forma de goberno baseada na negación dos dereitos e liberdades públicas. Sigamos con este exemplo, co exemplo tamén do Concello, da Xunta e tamén dos grupos municipais do Concello, onde houbo esa unanimidade. Estamos ante unha cuestión que en última instancia afecta a dignidade de moitas persoas e, o que é máis importante, a dignidade histórica de Galicia.

Por iso, señoría, e porque queremos manter o espírito de consenso e diálogo, queremos apoiar a súa PNL, e para iso propoñemos unha emenda de transacción sinxela que recolle tamén os aspectos básicos da súa proposta. Penso que xa é coñecida a proposta de emenda —non a vou ler—, na que fundamentalmente incidimos nas liñas de traballo xa acordadas entre Xunta e Concello.

E como dicíamos, señoría, teñen toda a vontade de colaboración deste grupo parlamentario para conseguir a unanimidade na súa proposta.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señor Vereza.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra o señor Bará Torres.

**O señor BARÁ TORRES:** Dicía a voceira do PSOE que había que rematar coa impunidade da familia que se beneficiou deses roubos desde unha posición de poder e que se enriqueceu durante a Ditadura, pero tamén durante o tempo que veu despois. Isto é importante recalco



porque houbo moitas complicidades, moitas conivencias, para que isto non se resolvese ata agora. E eu fixen referencia no seu momento ao xefe do Estado. Se un dirixente di «*España nunca podrá olvidar a quien, como soldado y estadista, ha consagrado toda la existencia a su servicio.*» —palabras da toma de posesión do señor Juan Carlos I de Borbón, emérito, o dos Emiratos, ¿non?— ou «*Para mi Francisco Franco es un ejemplo vivo por su dedicación patriótica diaria al servicio de España, le tengo un gran afecto y una gran admiración*», claro, todo isto explica moitas cousas, explica moitas cousas e non se pode esquecer. A historia é importante, hai que sabela, hai que coñecela, hai que contar toda a verdade dende o 36 ata agora.

Ou, por exemplo, ese personaxe que foi clave no roubo, Fernando Fuertes de Villavicencio, resulta que foi xefe da Casa Civil de Francisco Franco e inmediatamente pasou a ser xefe da Casa Civil de Juan Carlos I de Borbón. Son as portas xiratorias da transición, que explican tamén moito.

En fin, non me vou estender por aí. Tampouco vou facer referencia ao Anteproxecto —fase de anteproxecto— de lei de memoria —chamada— democrática, que tamén é un pincharcarneiro dialéctico verbal para algo que xa veremos no seu momento a que responde, tere-mos tempo de debatelos; e tamén sobre esa auditoría que non vai resolver de verdade o asunto do que estamos falando. E xa falaremos diso.

Pero si quero falar dun debate que tivemos aquí hai un ano neste Parlamento, que foi para nós unha oportunidade perdida. Perdemos un ano. Miren, en outubro do ano 2019 o BNG trouxo aquí unha proposta para debate que propoñía facer unha investigación sobre todos os bens espoliados e roubados pola familia Franco, que a fíxese a Xunta de Galiza, o Goberno de Galiza, e que tiña ademais outra parte, que era que se estudasen as vías para a súa recuperación. E agora estamos aí nese punto. Vostedes votaron en contra naquel momento e impediron que se gañase tempo e que avanzásemos moito máis. Polo tanto, que cada un atenda tamén á súa responsabilidade.

E, xa por último, quixera facer referencia a esta vontade que creo que teñen todos os grupos de chegar a un acordo, porque neste momento —falábase antes dun novo procedemento xudicial—, desde logo, isto é algo que terán que estudar as persoas expertas e calibrar todas as consecuencias e os momentos procesuais oportunos, porque estamos xa no tempo de desconto e hai o grave risco de perder unha grande oportunidade, unha grande batalla. Entón eu o que traio aquí, o que trae aquí o BNG, é unha proposta de acordo —que me perdoe o representante do Partido Popular, porque as propostas de transacción fainas o grupo propoñente a partir das emendas que presentan os outros grupos— que pensamos que recolle o espírito, e mesmo o contido, das propostas que fan as emendas tanto do Partido Socialista como do Partido Popular. Entón a proposta de acordo —leo— sería: «Proseguir o camiño aberto na recente sentenza sobre o Pazo de Meirás, froito do traballo coordinado da iniciativa social» —é importante tamén destacar o papel dos movementos sociais e das institucións— «co obxecto de investigar e documentar o espolio das estatuas de Xeremías, Abraham, Ezequiel e Isaac declaradas BIC e estudar as vías para a súa recuperación por parte do Concello de Santiago». E, un segundo punto, que di: «Crear un grupo de traballo co Concello de Santiago, aberto á participación da Deputación da Coruña e do Goberno do Estado» —porque isto está na literalidade do acordo tomado polo Concello de Santiago—,



«así como de especialistas nos ámbitos xurídico e histórico e de asociacións de defensa do patrimonio» —sería un bo xesto incluír aí, por exemplo, a Asociación de Defensa do Patrimonio Románico “O Sorriso de Daniel”, que foi quen ergueu en primeiro lugar esta bandeira— «que valoren as liñas de acción de cara á recuperación das esculturas», incluíndo, por suposto, esa acción xudicial que moitos xuristas expertos din que hai que tomar con grande axilidade e celeridade tendo en conta os antecedentes xudiciais deste caso e a recente sentenza sobre o Pazo de Meirás.

Esta é a proposta de acordo. Penso que sería un gran paso adiante para conseguir o que xa conseguimos —polo menos en parte— no caso da loita pola recuperación do Pazo de Meirás.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Bará.

Se pode facernos chegar a redacción da proposta, en caso de que sexa aceptada, agradecerémollos.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Pasamos agora á seguinte proposición non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Diego Calvo Pouso e sete deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central co fin de incluír as máscaras e os hidroxelos desinfectantes na listaxe de bens aos que se lles aplica o tipo reducido do IVE do 10 %, ou o superreducido do 4 %**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** A esta iniciativa presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e outra do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 2083 (11/PNP-000194).*

*Emenda de adición.*

*Engadir un novo punto co seguinte texto: “Así mesmo, o Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a que tome as medidas necesarias para o fornecemento de máscaras para aquelas persoas e colectivos vulnerábeis, nomeadamente para o emprego do alumnado con máis carestías vitais, repartíndoas gratuitamente.”)*

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Juan Carlos Francisco Rivera, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (11/PNP-000194, doc. núm. 2083)*



*Emenda de modificación.*

*Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido: “O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a: 1. Que se dirixa ao Goberno de España, para que a súa vez este inste no seo do Consejo de la Unión Europea estudar a modificación da Directiva 112/2006 del Consejo, no sentido de permitir a inclusión no Anexo III de máscaras e hidroxelos desinfectantes como produtos beneficiarios da aplicación dun IVE reducido ou superreducido, permitindo un marco de seguridade xurídica para a modificación da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do IVA. 2. Que no ámbito das competencias que ten asumidas en educación e política social o Goberno autonómico facilite de xeito gra-tuíto máscaras e mecanismos de protección á comunidade educativa, a entidades sociais e en especial aos colectivos máis vulnerables.”)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Amigo Díaz.

**A señora AMIGO DÍAZ:** Bos días, señorías.

Moitas grazas, presidente.

Este ano que estamos vivindo condicionounos a todos o modo e a forma de vivir en todos os eidos das nosas vidas. A finais do ano 2019 no mes de novembro chegaban novas de China sobre unha enfermidade respiratoria por un coronavirus ata agora descoñecido. Tras meses de incerteza, o pasado 11 de marzo a Organización Mundial da Saúde declaraba a pandemia pola covid-19, e no noso país, mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarábase o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada pola covid-19 —sucesivamente prorrogado, en última instancia, mediante a publicación o 23 de maio do Real decreto 537/2020, do 22 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma, declarado polo decreto antes mencionado—.

Con esta declaración do estado de alarma o ministro de Sanidade quedou habilitado para ditar as ordes, resolucións, disposicións e instrucións interpretativas que, dentro do seu ámbito de actuación como autoridade delegada, fosen necesarias para garantir a prestación de todos os servizos ordinarios ou extraordinarios para a protección de persoas, bens e lugares.

Como dicía, desde que o pasado 14 de marzo se declarara o estado de alarma como consecuencia da pandemia pola covid-19, igual que pasou no resto do mundo tamén a vida dos galegos e das galegas mudou de maneira radical en todos os ámbitos da vida, da vida educativa, social, laboral e tamén no ámbito económico. O confinamento nos nosos domicilios fixo que mudaran todas as nosas rutinas, os nosos hábitos e os nosos costumes. As saídas quedaron restrinxidas unicamente ao noso traballo, á xestión dos trámites máis urxentes e imprescindibles e ás compras de primeira necesidade.

A fin do estado de alarma permitiu que moitas das restricións se fosen levantando, pero a realidade é que estamos ante unha enfermidade infecciosa de moi alta transmisión e que o virus da covid-19 se atopa nas gotículas respiratorias que teñen un diámetro moi pequeno,





entre 5 e 10 nanogramos, e que saen da boca ou do nariz, ao tusir ou esberrar, ou mesmo ao falar, dun paciente infectado —ben teña síntomas ou ben non os teña—. Se estes virus chegan ás mucosas da boca ou nariz, ou á conxuntiva dos ollos dunha persoa, esta pode infectarse. ¿De que maneiras? Fundamentalmente de dúas maneiras: por transmisión directa ao estar en contacto estreito —menos dun metro— cun paciente infectado, e que esas gotículas respiratorias alcancen as mucosas —e por isto é o illamento—, ou por transmisión indirecta por fómite. Estas gotículas que teñen unha carga viral poden estar en superficies ou obxectos que poden durar horas —ata días, dependendo do material—. E, se tocamos eses obxectos e levamos logo as mans á cara, ao nariz ou aos ollos, podemos tamén contaxiarnos.

O 5 de xullo de 2020 a Organización Mundial da Saúde fai unha recomendación global: recomenda o uso xeral de máscaras de tea se non hai distancia física e recomendan a máscara cirúrxica para maiores de 60 anos —e para persoas con enfermidades crónicas tamén—. E no noso país, en España, a partir do 20 de maio de 2020, e segundo a Orde do Ministerio de Sanidade 422/2020, do 19 de maio, pola que se regulan as condicións para o uso obrigatorio da máscara durante a situación de crise sanitaria, será necesario levar máscara de forma obrigatoria nas seguintes condicións: para maiores de 6 anos, na vía pública, espazos ao aire libre ou calquera espazo pechado de uso público; e quedan exentos nalgúns casos os menores de 6 anos, as persoas que presenten algún tipo de dificultade respiratoria que pode verse agravada polo uso da máscara ou por motivos de saúde xustificadas, ou por algunha situación de discapacidade ou dependencia que presente alteracións da conducta que fagan inviable a súa utilización, e tamén no desenvolvemento de actividades físicas ou por causas de forza maior.

Esta orde foi posteriormente modificada por cada comunidade autónoma para facer o seu uso obrigatorio a pesar de poder manter a distancia de seguridade. E, por suposto, o uso de máscaras non debe de substituír ningunha das outras recomendacións, como é o lavado e hixiene de mans, evitar tocar a cara, manter a distancia física de polo menos 2 metros ou gardar corentena obrigatoria en todos os positivos confirmados ou casos de sospeita. Unha cousa temos que ter clara: todos somos potencialmente positivos asintomáticos e, como tales, debemos actuar en consecuencia.

Ben, a proposición non de lei que hoxe desde o Grupo Popular traemos a este Parlamento é para solicitar ao Goberno central a redución do IVE das máscaras e do xel hidroalcohólico do 21 % actual a un 10 %, ou, mellor, a un tipo superreducido dun 4 %. Parécenos unha proposta de sentido común. Supón un custo importante para moitas familias que neste momento están a pasar por momentos críticos. Estímase que a media anual do custo para unha familia de catro membros é de aproximadamente trescentos euros anuais. Estamos a falar de que isto é un problema de saúde pública, e en momentos excepcionais como os que estamos a vivir procede adoptar tamén medidas excepcionais. Aínda que o Goberno, a través do Real decreto lei 7/2020, do 12 marzo, polo que se adoptan medidas urxentes para responder ao impacto económico da covid-19, se reservou a posibilidade de regular o mecanismo de fixación dos prezos dos medicamentos e produtos sanitarios non suxeitos á prescrición médica —e así o fixo no mes de abril—, o risco de fixar un prezo máximo incorrecto é a posible xeración novamente de escaseza duns artigos que, como quedou patente na exposición de mo-



tivos, son imprescindibles para todas as persoas. E, polo que estamos vendo, van seguir sendo imprescindibles para toda a cidadanía no futuro inmediato para impedir novos abrochos e así poder controlar a pandemia.

Desde o Partido Popular sempre sostivemos que unha medida eficaz e inmediata para abaratar e facer máis asequibles estes artigos sería baixar o tipo de IVE que se lles aplica, desde o 21 % actual a un tipo reducido, como dicía antes, do 10 %, ou ao superreducido do 4 %, equiparándose a outros produtos farmacéuticos que tamén son imprescindibles.

Esta proposta foi trasladada polo presidente Feijóo ao Goberno de España na conferencia de presidentes celebrada o 19 de abril deste ano e reiterouno en sucesivas convocatorias —a última delas celebrada o 31 de xullo na Rioxa—.

Tamén o Grupo Popular no Congreso dos Deputados en Madrid, a través do deputado galego Jaime de Olano, nunha iniciativa neste sentido debatida na Comisión de Facenda do Congreso —e que, por certo, contou co voto en contra dos partidos do Goberno, tanto do PSOE como de Unidas Podemos—, tamén o pediu, e presentou emendas neste sentido na tramitación de diversos decretos lei que se tramitaron como proxectos de lei no Congreso.

Por todo o exposto é polo que desde o Grupo Parlamentario do Partido Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en pleno: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que demande do Goberno do Estado a modificación do artigo 91 da Lei 37/1992, do imposto sobre o valor engadido, de xeito que se inclúan as máscaras e os hidroxelos desinfectantes no listado de bens aos que se lles aplica o tipo reducido de IVE do 10 %, ou o superreducido do 4 %».

Eu agradezo e espero que esta iniciativa —que, como dixen, xa se presentou noutros parlamentos— sexa apoiada por todos os grupos da Cámara. Parécenos unha iniciativa de sentido común que vai traer, na economía de moitos galegos, de moitos españois —se se leva a cabo—, moitos beneficios.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Amigo.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra o señor Francisco Rivera.

**O señor FRANCISCO RIVERA:** Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos os deputados que hoxe están aquí na Cámara.

Antes de nada, quería amosar en nome do Grupo Socialista o noso apoio, a nosa solidariedade, con todos os afectados pola covid, como é lóxico, no conxunto do país, e unha lembranza tamén aos falecidos, que son máis de 765 neste momento. E moi especialmente



—vanmo permitir, como deputado de Ourense, conxuntamente con outros deputados que hai aquí do Grupo Socialista, do BNG e do Grupo Popular— quero amosar a preocupación pola situación que está atravesando a nosa provincia, e especialmente a cidade de Ourense e o concello de Barbadás, hoxe confinados; unha preocupación que se estende, no ámbito sanitario, como é lóxico, ao conxunto da provincia —outros concellos tamén están vendo limitada a capacidade de relación social dos seus veciños— e unha preocupación que se estende tamén, no ámbito económico, a unha provincia devastada en moitos eixos do seu sector económico e produtivo, unha provincia abandonada, envellecida, que necesita discriminación positiva da Xunta —e neste momento moito máis—, que necesita implicación das administracións públicas, necesita implicación da Xunta de Galicia, necesita que a Xunta de Galicia adopte medidas de axuda directa aos autónomos e ás pemes que constitúen o tecido fundamental e esencial da economía desa provincia. Nese sentido é importante —xa o fixo o noso portavoz parlamentario, Gonzalo Caballero— que o señor Feijóo desbloquee tamén a situación política na cidade de Ourense, unha situación política actualmente insostible e que pon en risco que as axudas e as demandas dos veciños que neste momento están a plantexar nunha situación de crise se vexan atendidas.

E xa centrándonos na iniciativa en cuestión, señora deputada, señora Amigo, eu non discuto, en fin, que esta é unha iniciativa con boa intención, creo que está plantexada dende a boa fe, evidentemente. É unha iniciativa que loxicamente vai ter e ten receptividade social, porque se plantexa nun ámbito como é a redución dos impostos, que pode ter loxicamente unha aceptación amable polo conxunto da sociedade. Pero tamén nos parece que é unha iniciativa oportunista, polo momento en que está plantexada, e bastante demagóxica. É oportunista polo momento porque nunha situación, efectivamente, de drama económico, nunha situación de caída do consumo, da demanda e, como consecuencia, da recadación tributaria, xa vostede me contará tamén se reducindo impostos podemos manter o actual estado de benestar, se podemos manter a sostibilidade das contas públicas ou mesmamente acometer o financiamento do gasto público.

E é demagóxica esta iniciativa porque vostedes, efectivamente, levan no seu ADN isto da redución de impostos, da baixada de impostos. Pero cando gobernan lévano menos. E cando lles tocou gobernar situacións de crise, como no ano 2012, non tiveron ningunha dúbida para subir os impostos ao conxunto da cidadanía como nunca aconteceu no Estado español. Mesmamente o IVE —o tipo normal— pasárono do 18 % ao 21 % (*Aplausos.*), e o tipo reducido pasárono do 8 % ao 10 %. Nese contexto, nos anos 2012-2013, en situación de crise, vostedes non tiveron ningún empacho en subirlles os impostos aos cidadáns. E na situación de crise actual, como a que estamos vivindo —aínda máis profunda—, vostedes veñen cun debate desta natureza. Eu creo que vostedes o que queren é confrontar vía parlamento autonómico co Goberno do Estado, meterlle o dedo no ollo ao Goberno, e fano vía debate dunha iniciativa que é, en definitiva, unha iniciativa de ámbito fiscal.

Efectivamente, debateuse esta iniciativa xa na Comisión de Facenda do Congreso dos Deputados, por instancia de varios grupos. Onte comentábame tamén a deputada do BNG que o BNG tamén tivera unha iniciativa nese sentido no propio Congreso dos Deputados. A posición dos grupos nese debate é a que é. Mesmamente a posición do Grupo Socialista, efectivamente, é coñecida. Eu non o discuto que este tipo de iniciativas se poidan tramitar no



Parlamento de Galicia vía PNL. Pero eu creo que o marco adecuado, o foro adecuado de debate deste tipo de iniciativas que pretenden basicamente modificar unha lei, é o ámbito do Congreso dos Deputados, onde, efectivamente, o Partido Popular ten deputados e deputadas —mesmamente galegos— que poden plantexar unha modificación lexislativa nese ámbito.

E tamén, dado que o ordenamento xurídico español non só o conforman as leis senón tamén as directivas europeas, como consecuencia da súa transposición ao ámbito xurídico español, sería conveniente que os deputados e deputadas do Partido Popular elevasen tamén ao Parlamento Europeo as súas inquiredanzas respecto da modificación da lexislación do IVE solicitando nese ámbito a modificación da Directiva europea 112/2006, que, como vostedes saben perfectamente, señores deputados e deputada do Partido Popular, é de aplicación en España e limita as competencias dos estados especialmente para incluír o tipo reducido do IVE en determinados produtos. É dicir, no anexo que contempla a propia directiva comunitaria contéplase que produtos están suxeitos a un IVE reducido, entre os cales, evidentemente, non se atopa este tipo de produtos, como as máscaras e os produtos desinfectantes, aos que hoxe a deputada do Partido Popular pretende que se lles baixe o IVE.

Non obstante, nós non vemos este debate, en fin, dende o punto de vista da confrontación. Entendemos a posición e tamén a situación que está vivindo este país. Entendemos tamén a afectación que pode ter na economía dos cidadáns. Pero nós queremos que este debate, na medida en que é un debate fiscal, se faga nos ámbitos correspondentes, non sexa que aconteza o que aconteceu xa no ano 2013, cando España acometeu unha baixada nos tipos do IVE a determinados produtos e logo foi obxecto dunha condena polo Tribunal de Xustiza da Unión Europea por incluír entre os tipos do IVE reducido produtos que non tiñan esa categoría.

En definitiva, ¿é posible reducir o IVE das máscaras? Claro que si, é posible modificar a lexislación do IVE. ¿É legal co ordenamento xurídico que temos neste momento? Pois é legal sempre e cando se faga unha modificación da directiva europea.

A posición do Goberno español eu creo que neste sentido pois é legal e axustada a dereito, é coherente e, ademais, está adoptada en defensa dos consumidores. Mesmamente o Estado español adoptou a posibilidade de que os organismos públicos, —mesmamente a Comunidade Autónoma de Galicia, as entidades, as ONG ou os hospitais— promovan a adquisición deste tipo de produtos non cun IVE reducido senón cun IVE tipo cero, é dicir, sen pagar absolutamente ningún tipo de IVE, mesmamente eximíndoos dos dereitos de aduanas, sempre e cando ese tipo de produtos vaia á distribución gratuíta e que, polo tanto, estas entidades, organismos públicos, hospitais e ONG non reciban contraprestación como consecuencia desa entrega.

A posición do Goberno español, efectivamente, é coñecida. Eu creo que actuou de xeito coherente. Fixou un prezo máximo, un prezo de 0,96 euros; un prezo, ademais, que impide e impediu a especulación, impediu o acaparamento, impediu que as regras do mercado relativas á oferta e á demanda entrasen a regular o prezo. En definitiva, evitou, axustando prezo, que os beneficios en relación cos custos de produción fosen excesivos. Eu creo que isto ao final beneficia tamén o consumidor final, os cidadáns, na medida en que evita que o mercado



regule os prezos. Cuestión esta que, efectivamente, se non se propuxese, se o Goberno non axustase os prezos das mascarar e se deixase á liberdade do mercado, pois evidentemente todo tipo de redución do IVE que se fixese...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor FRANCISCO RIVERA:** ...quedaría engulida como consecuencia da imposición dun prezo de mercado.

Diante da situación—remato xa—...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas. Está fóra de tempo xa, señor Rivera.

**O señor FRANCISCO RIVERA:** Non, non...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Si, si, cando está roxo indica que está pasado.

**O señor FRANCISCO RIVERA:** Si, si, se me dá dez segundos xa acabo.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Non, é que ¿sabe o que pasa? Nós aceptamos que na intervención poidan falar de determinados asuntos, e hai que ter ás veces inventiva para relacionalos. Vostede utilizou dous minutos para falar dun asunto...

*(O señor Francisco Rivera pronuncia palabras que non se perciben.)*

Non, perdoe, estoullo dicindo para que non volva ocorrer. Utilizou dous minutos para falar doutro asunto distinto. E cando remata o tempo pois xa remata o tempo, e é cousa súa.

*(O señor FRANCISCO RIVERA: Estoume excedendo dez segundos.)*

Pois xa llo digo, remate xa.

Remate.

**O señor FRANCISCO RIVERA:** Ben, moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor deputado.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.



Eu quixera tamén sumarme ás preocupacións expresadas polos demais voceiros desta Cámara pola situación e a evolución de todo o noso país, pero concretamente tamén de Ourense, agardando que o antes posible poida mellorar.

Ben, indo á cuestión que se presenta na iniciativa —que xa adianto que desde o Bloque Nacionalista Galego imos apoiar— é certo que, cando falamos da petición de rebaixa dun imposto, neste caso do imposto do valor engadido sobre un ou varios elementos, pois representa sempre un dilema ou debería representar sempre un dilema ou unha disxuntiva desde o punto de vista da nosa decisión política. Eu creo que merece unha reflexión profunda, con independencia de que nos parezan máis ou menos espurios os motivos do Partido Popular.

É evidente que rebaixar un imposto implica ter un impacto na recadación. Iso hai que telo en conta nun contexto, ademais, de profunda crise económica como a que imos ver. Isto ten unha repercusión, sobre todo, neste caso, para o Estado, pero tamén nunha parte para Galiza, porque nós recibimos unha parte do recadado no IVE e a través da recadación líquida do financiamento. Desde o BNG somos conscientes destas cuestións e de que non é unha decisión menor. Pero precisamente este contexto extraordinario de pandemia o que fai é que nos pareza absolutamente imprescindible, porque entendemos que as razóns de protección sanitaria e de xustiza social teñen que estar por riba do intento de recadación, neste caso do Goberno central. E entendemos que é moi necesario que se reduza este IVE. Xa o temos reclamado tamén no ámbito do Congreso das Deputadas e dos Deputados, e moi especialmente os das máscaras e por varios motivos.

Nós pensamos, en primeiro lugar, que é máis importante a saúde pública que calquera outra cuestión enriba da mesa, e que temos que tomar medidas para que axuden a que a desigualdade económica e social non sexa un hándicap cando falamos de saúde. Hai numerosos estudos que demostran cientificamente e con datos obxectivos que a clase social e a capacidade económica das familias e das persoas inflúe directamente na saúde, que inflúe directamente na estimación de vida e na estimación de anos de vida en situacións de capacidade plena, pola detección precoz de enfermidades, etc. Polo tanto, traendo á actualidade esa aprendizaxe prepandemia —que xa temos, insisto, con datos obxectivos—, pois creo que temos que poñer todos os esforzos enriba da mesa para que a condición social e económica non teña unha repercusión na capacidade de protección diante desta pandemia.

Estamos vendo tamén nos debates sucesivos noutros territorios sobre as medidas sanitarias —pero tamén no noso país— como tamén o sesgo de clase inflúe na expansión da pandemia. E, polo tanto, parece lóxico que se os poderes públicos arbitran a obrigatoriedade dese elemento de protección, como é a máscara, e recomendan insistentemente ese emprego dos xeles hidroalcohólicos, que se oferten a un prezo adecuado. De feito, desde o Bloque Nacionalista Galego presentamos unha emenda a esta iniciativa do Partido Popular apelando a ir máis alá, a que a Xunta de Galiza, tamén desde as competencias propias que ten e desde a súa capacidade económica, faga o posible por que os colectivos máis vulnerables teñan acceso directamente e de forma gratuíta a estes elementos. Xa votaron en contra nesta Cámara do Parlamento galego sobre a repartición de máscaras gratuítas nos centros educativos. Pero nós seguimos insistindo. É necesario que a Xunta garanta este tipo de material a todos os colectivos máis vulnerables, e moi especialmente a aqueles que teñan condicións socioeco-



nómicas complicadas, en ámbitos tan importantes e con condicións tan de risco —pese ao que dicía onte o conselleiro de ensino— como son os colexios, as escolas, etc. Insistimos con esa emenda en que a Xunta de Galiza cumpra a súa parte, porque efectivamente eu non creo que a proposta en si de rebaixar o IVE das máscaras e dos xeles sexa, como dicía o voceiro socialista, demagóxico ou oportunista, pero si que creo que o Partido Popular ás veces o é, coa súa actitude e tamén coa actitude de non intentar achegar nada por parte da Xunta de Galiza e traer esta proposta a debate. Polo tanto, aínda que a aprobaremos, gustaríanos que houbo un pouco de vontade política e que tamén puxese algo a Xunta de Galiza da súa parte.

Quixera tamén trasladar dúas reflexións aquí sobre a cuestión que debatemos. É necesario recordar que o IVE é precisamente o imposto máis egoísta, por así dicilo, que temos en termos sociais, porque afecta igualmente as persoas, con independencia de que o seu salario á fin de mes non chegue ao SMI ou cobre tres SMI, por poñer un exemplo, ou que non teñan un salario á fin de mes. É un imposto que grava fundamentalmente o consumo directo, e o obxectivo é basicamente que o consumidor final acabe pagando un imposto sobre o produto ou o servizo que disfruta.

Hai escasamente unha semana coñecemos os datos do Instituto Nacional de Estatística que nos falaban, por exemplo, do salario medio que tiñan os galegos e galegas. É certo que no último dato coñecido, do 2018 —prepandemia—, aumenta respecto dos anos anteriores, pero sabemos que iso vai ter un impacto tamén despois deste suceso do coronavirus. E sabemos tamén que nos di que un de cada catro asalariados de Galiza cobra menos do salario mínimo ao mes. É dicir, que a maioría non chegan a ser iso que denominamos «mileuristas». Polo tanto, teñamos en conta o impacto económico que pode ter para unha persoa que teña que soste outra. Pois o gasto, por exemplo, de dúas máscaras para esa persoa e a súa crianza ao longo do día durante todo un mes supón xa cento e pico euros. Polo tanto, é unha cantidade considerable.

Pero sobre todo, quería deixar unha reflexión aquí enriba da mesa, e é que é viable facelo. É unha decisión que, se hai vontade política, se podería facer. Nese sentido, dende o BNG apelamos a que o Goberno central saia da soberbia que estamos vendo que ten noutro tipo de decisións, como o que vimos dos remanentes dos concellos —que finalmente tivo que rectificar—, e que nesta cuestión se sente a falar cos demais grupos, porque cabería a posibilidade de facelo. É o poder legislativo quen decide esas rebaixas do IVE. É certo que hai unha condicionalidade europea, da que falabamos tamén onte. Pero o certo é que, se ollamos a contorna, outros países, como Francia, como Italia ou como Portugal, si que aplicaron rebaixas. E aplicaron esas rebaixas por algo, porque estamos nunha situación de absoluta excepcionalidade. E poñendo un exemplo da nosa propia casa —e que non mo tomen a mal os servizos xurídicos nin a presidencia da Cámara— nós vimos dun período no que había unha Deputación Permanente que funcionou cun voto delegado que non existe. E funcionou desa maneira, con base nun consenso político, máis ou menos implícito, das forzas que estabamos aquí, doutras forzas que non estaban no Parlamento, diante dunha situación excepcional. Porque creo que a ninguén lle cabería agardar que alguén reclame legal e xudicialmente que existise esa delegación de voto. Pois con isto acontece un pouco o mesmo, e a chave de un Antonio Costa, o presidente de Portugal, que dixo que, efectivamente, coa lei na man, coa



directiva europea na man, esa rebaixa non se podía aplicar pero que tiña a certeza —entendemos que *off the record*— de que a Comisión Europea non recorrería contra esa decisión.

Entón nós pedímoslle ao Goberno Socialista que teña a mesma valentía que tiveron gobernos tan diferentes como o de Portugal, o de Italia, ou o de Francia, que aplicaron rebaixas do IVE —incluso no caso de Italia cunha redución ao 0 %— ata comezos do 2021, que pasará ao 5 % ou ao 7 % —non recordo ben—. En todo caso pois supón unha axuda para moitas economías e para as maiorías sociais deste país.

Polo tanto, para nós, por riba de todos os tecnicismos, por riba de todas as reflexións sobre responsabilidade económica, ten que estar a saúde colectiva das persoas. E pensamos que nunha cuestión deste tipo é o mínimo que se pode facer, e que outras cuestións, como esa exención do IVE para a compra de material hospitalario, ou outras cuestións de apoio social, á fin e ao cabo non acaban de cubrir de forma tan ampla como cubriría esta rebaixa no IVE. Polo tanto, son as cuestións que queríamos poñer enriba da mesa.

Nós imos apoiar esta iniciativa, como xa adiantaba, da mesma forma que o trasladamos tamén en iniciativas no ámbito do Congreso das Deputadas e Deputados, e si que entendemos que habería marxe e que cabería impulsar unha cuestión deste tipo. Pero quero insistir unha vez máis en que iso non exime de que a Xunta de Galiza teña un autogoberno que está para empregar, e que, polo tanto, ten capacidade. Se tanto lle preocupa o acceso a estes bens que hoxe en día si son de primeira necesidade, que se aplique un pouco o conto e que, cando menos, estableza medidas para que as persoas e colectivos máis vulnerables poidan ter acceso a este tipo de cuestións.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Presas.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra a señora Amigo Díaz.

**A señora AMIGO DÍAZ:** Bos días de novo.

Moitas grazas, presidente.

Ben, agradezo o apoio do BNG. Non me quedou claro se imos ter o apoio do Partido Socialista. Non sei se poden contrariar o seu partido en Madrid. É unha proposta que, como xa dixen antes, foi debatida no Congreso dos Deputados e tivo o voto en contra do partido no Goberno, dese partido que teñen aí PSOE e Unidas Podemos. E, desde logo, nada nos pode sorprender da forma de actuar do seu goberno, porque o desgoberno central manexou esta pandemia desde o seu inicio da peor maneira na que podía facelo. Desatendeu as advertencias sobre o coronavirus dous días antes da celebración das marchas multitudinarias do 8M, Día Internacional da Muller; avisos que foron expostos pola comisaría europea de Saúde e polo Centro Europeo para a Prevención e Control de Enfermidades, no consello de sanidade da Unión





Europea celebrado o día 6 de marzo, un encontro no que, ademais de estar o presidente do Goberno, estaba o ministro de Sanidade, o señor Illa.

Nesa reunión, a señora Stella Kyriakides, a comisaria europea de Saúde, pediu aos estados membros reflexionar sobre a celebración de grandes actos públicos para frear a propagación dos contaxios polo coronavirus, e tamén advertiu da importancia de asegurar EPI para os sanitarios. Advertencias non lles faltaron tampouco por parte do Centro Europeo para a Prevención e Control de Enfermidades. Pedíase que activaran mecanismos de alarma, pero España non decretou o estado de alarma ata o 14 de marzo, oito días despois. Desoíron as palabras do Centro Europeo para a Prevención e Control de Enfermidades. Non sei que parte non entenderon, penso que non entenderon ningunha de todas estas advertencias.

Tamén antes da celebración do 8 de marzo o Departamento de Seguridade Nacional avisou o goberno de coalición PSOE-Unidas Podemos de que o incremento de casos... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) Non sei do que se estraña, señor Torrado, é un goberno PSOE-Unidas Podemos. Non hai dúbida, entendo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E un día antes da manifestación do día 8 de marzo... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Bueno, o que ganou as eleccións en coalición, ben, ben... (*Fortes murmurios.*) ¡Vale, vale, vale!... (*Protestas.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** ¡Silencio!, silencio, por favor. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, señor Torrado, silencio, porque vai facer que o chame á orde. Así é que, por favor, silencio.

**A señora AMIGO DÍAZ:** Un día antes destas manifestacións, a Organización Mundial da Saúde tamén pedía que se considerase como medidas de saúde pública evitar os amontoamentos, a cancelación de reunións masivas e o peche de escolas.

Por outra parte, a señora Montero di que non vai subir os impostos das clases medias e traballadoras. Mire, pois pouco coidan o bolsillo das persoas máis desfavorecidas. Esta, como dixen antes, é unha medida excepcional no estado no que estamos, de excepcionalidade. O uso de máscara é obrigatorio, todos temos que levala e debemos levala. É un problema de saúde pública. Entón aí non hai dúbida ningunha, uso obrigatorio baixo pena de sanción. Decía o señor Francisco Rivera que valían 0,96 céntimos. Pero é que 0,96 céntimos nunha familia supón moito.

Eu estou de acordo totalmente coa señora Noa Presas en que, se hai vontade política, se faga da mesma maneira en que se fixo en Portugal, porque a lexislación portuguesa desde o día 7 de maio baixou o IVA das máscaras. E Francia fixo o mesmo, Italia fixo o mesmo. Aquí é increíble que se pague o mesmo IVA para un coche que para unhas máscaras. E pagamos menos IVA por bojería industrial ou por un refresco.

Vostede falaba de impostos. Mire, no ano 2012 o que fixo o Goberno Popular foi arranxar as desfeitas que deixou o Goberno do señor Zapatero. Non imos comparar nin mezclar aquí cousas, jeh!. Vostede, señor Francisco Rivera, fai a mesma crítica que fixo o señor Ortega, do PSOE, na mesma PNL. Cualificouna de demagóxica e feita para enganar os incautos. Tam pouco entendín. ¿Isto é oportunista, é demagóxico...? Non entendo.



Ben, de novo agradezo o apoio. Penso que estamos ante unha medida que é importante. E, en canto ás emendas, quería destacar que deberían saber que a Consellería de Educación informou o pasado 1 de outubro ao Consello do Goberno Galego que a Xunta de Galicia vai inxectar un total de 23,5 millóns de euros nos centros educativos públicos para facer fronte ás necesidades de seguridade e hixiene derivadas da covid-19...;

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora AMIGO DÍAZ:** ...unha partida coa que se poderían adquirir máscaras hixiénicas para o alumando con menos recursos.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Amigo.

Coas emendas ¿vai chegar a unha transacción ou non?

**A señora AMIGO DÍAZ:** Non, non as imos aceptar porque entendemos que as medidas que se adoptaron desde a Consellería de Educación...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moi ben, de acordo.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pablo Arangüena Fernández e dous deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa dedicación e o esforzo de todas as persoas, entidades e institucións que fixeron posible a recuperación para o patrimonio público do pazo de Meirás**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e outra do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Luís Bará Torres e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 2147 (11/PNP-000203).

*Emenda de adición.*

*Engadir ao final o seguinte texto: “Ademais, o Parlamento insta a Xunta a activar os mecanismos necesarios para impedir que a Fundación Francisco Franco continúe xestionando as visitas guiadas ao Pazo de Meirás.”)*

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado Alberto Pazos Couñago, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.



*Emenda de substitución.*

*Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación: “O Parlamento de Galicia recoñece a dedicación e o esforzo de todas as persoas, así como das entidades públicas e privadas que coa súa aportación e impulso fixeron posible unha sentenza histórica que, aínda pendente de recurso, fai posible a recuperación do Pazo de Meirás, que fora obtido de forma fraudulenta polo ditador Francisco Franco. Así, os concellos de Sada e da Coruña, á Deputación provincial de A Coruña, a Xunta de Galicia, o Goberno de España, ós historiadores e entidades de todo tipo que colaboraron no esforzo colectivo de recuperación deste ben para o patrimonio público e en xeral a todos aqueles que fixeron posible este logro. O Parlamento de Galicia recoñece especialmente o traballo conxunto e complementario de todas as persoas, asociacións, entidades e administracións que permitiron avanzar na recuperación das Torres de Meirás para o patrimonio público, demostrando que coa colaboración de todas as administracións e dentro da legalidade democrática vixente, e posible restituír o patrimonio público espoliado durante a Ditadura franquista.”)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Arangüena Fernández.

**O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ:** Señor presidente, señorías, a recente Sentenza 137/2020, de 2 de setembro, ditada polo Xulgado de Primeira Instancia Número 1 da Coruña, declara a nulidade dos títulos de adquisición do pazo de Meirás polo ditador Francisco Franco. Trátase dunha sentenza histórica, a primeira do seu tipo en España, que abre a porta para a recuperación dun ben que foi obtido fraudulentamente polo ditador aproveitando a súa posición privilexiada de total dominio do Estado; un ben do que desfrutou máis de tres décadas e do que continúa desfrutando a súa familia ata o presente. A sentenza di que —cito literalmente— «Franco non pagou nada, o acordo de compra é unha ficción co único obxecto de poñer o ben ao seu nome».

A escritura de compravenda, recuperada recentemente pola Avogacía do Estado, foi chave para a resolución, como recoñece a propia sentenza. Dito doutra forma, de non ser por esa escritura —insistimos, atopada pola Avogacía do Estado seguindo instrucións, obviamente, do Goberno do Estado— non sería posible a recuperación da titularidade do ben para o Estado, previa declaración de nulidade da transmisión a favor do ditador Franco. A sentenza recolle que o acordo polo que a propietaria anterior vendeu á denominada «Xunta Pro Pazo», unido á posterior escritura de 1941 pola que Franco merca o pazo, foi unha simulación, unha fraude para inscribir o inmovible a nome do ditador. E foi grazas á intervención da Avogacía do Estado —reitero— que a principios de 2019 se obtivo ese documento notarial que permanecía oculto no Arquivo de Protocolos Notariais da Coruña e que desmontou o embuste ideado polo ditador, o documento notarial con base no que, o 11 de xullo de 2019, se presentou a demanda de recuperación do ben para o patrimonio do Estado.

O 26 de xullo de 2019 a Xunta de Galicia presentou un escrito solicitando a súa intervención como parte coadxuvante á demanda presentada polo Estado, como tamén fixo o Concello de Sada en setembro de 2019 e o da Coruña en xaneiro de 2020. A propia sentenza recolle, como argumento fundamental para desmontar o argumento da posesión pacífica ininterrompida esgrimido pola familia do ditador, unha relación dos movementos históricos desenvoltos a



favor da recuperación do ben por parte do Estado. Así, na Sentenza do 2 de setembro de 2020, a resultas desa demanda formulada pola Avogacía do Estado, no seu fundamento xurídico 15, páxina 384 da sentenza, dise literalmente o seguinte —que considero de gran importancia reseñar—: «No dosier documental 36 da demanda acredítase que tras o falecemento de Francisco Franco comezan a xurdir importantes movementos civís e políticos que defenden a recuperación do pazo para uso público e que cuestionan a lexitimidade da posesión por parte dos seus herdeiros. As primeiras reivindicacións xorden no ano 1977 a cargo da Asemblea Popular Galega e do Centro de Cultura Popular da Coruña. E en febreiro de 1978 faise pública unha proposta do Partido Socialista para a restitución ao seu lexítimo dono e a súa conversión en sede do futuro Goberno autonómico. No ano 1982 plantéxase a adquisición do pazo por parte do entón alcalde da Coruña, xurdindo opinións discrepantes no consistorio. En abril de 1983 o mesmo concello coruñés insta o Estado para a recuperación do inmovible para a súa posterior cesión ou reversión ao patrimonio municipal. En 1983 xorden movementos no seo do Concello de Sada para os efectos de instar a cesión gratuíta do pazo a favor dese concello. En 1986 o PSdeG pide ao Concello da Coruña que se pronuncie sobre a recuperación do pazo. Dende o ano 2004 a reivindicación social en torno ao pazo de Meirás intensifícase a raíz da creación da Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica, e as concentracións cidadás serán unha constante. E o Parlamento de Galicia, en data 11 de xullo de 2018, por unanimidade, acordou instar a Administración do Estado para que exercite as accións legais procedentes para a recuperación do pazo para o patrimonio público, xuntando o informe da comisión de expertos elaborado para tal fin. E a Administración xeral do Estado presenta a demanda pola que se inicia o procedemento o 10 de xullo de 2019». Tamén di a maxistrada que «a posibilidade de articular esta demanda nace dun importante estudo histórico e dun consenso social logrado tras moitos anos, que responde á madurez do sistema democrático».

Con base en todo o anterior, a nosa proposta é que o Parlamento de Galicia recoñeza a dedicación e o esforzo de todas as persoas así como das entidades públicas e privadas que, coa súa aportación e impulso, fixeron posible unha sentenza histórica que, aínda pendente de recurso, fai posible e abre a porta de forma clara á recuperación do pazo de Meirás —que fora obtido fraudulentamente polo ditador Francisco Franco—, en concreto, dos concellos de Sada e da Coruña, da Deputación Provincial e da Xunta de Galicia, dos historiadores e entidades de todo tipo que colaboraron no esforzo colectivo de recuperación deste ben para o patrimonio público; e, en xeral, de todos aqueles que fixeron posible este logro. E, especialmente, que se recoñeza o labor da Dirección Xeral de Memoria Histórica do Goberno de España e do propio Goberno de España, que instou para a recuperación do pazo mediante a demanda presentada o 10 de xullo de 2019.

Por tanto, en primeiro lugar, a nosa proposta pretende poñer en valor un feito histórico, porque por primeira vez se recoñece nunha resolución xudicial deste calado que Francisco Franco foi un auténtico corrupto, ademais dun golpista e ditador que cos seus actos causou a morte de centenas de milleiros de vítimas no noso país, o exilio doutros tantos e a represión de moitos máis; un auténtico corrupto que foi capaz de obrigar a cidadanía da comarca coruñesa a pagar para regalarlle o pazo de Meirás e simular operacións xurídicas para poñer o ben ao seu nome. Pero iso non é todo, porque Franco foi un corrupto que, segundo o historiador Ángel Viñas, amasara xa no ano 1940 unha fortuna equivalente a 400 millóns



de euros do presente. E a rapina, o roubo e o espolio do pazo de Meirás é soamente unha mostra máis desa corrupción que xerou para a familia Franco un enorme patrimonio do que aínda vive hoxe esa familia —por certo, bastante numerosa—. E por iso esta sentenza, con todo o esforzo de moita xente e a vontade política que hai detrás, debe ser recoñecida.

En segundo lugar, recoñecendo as feridas que implica unha guerra civil como foi a nosa, e as reticencias que xera o recoñecemento da realidade dos feitos históricos —é dicir, que Franco foi un golpista, un ditador sanguento e un corrupto—, a nosa proposta é en si mesma un esforzo de reconciliación e concordia, dado que implica recoñecer a totalidade das persoas individuais, públicas e privadas, que co seu traballo ou co seu compromiso propiciaron que se faga posible a incorporación do pazo de Meirás a mans do Estado.

Citamos con carácter especial o Goberno de España e a Secretaría de Estado correspondente, porque tiveron un papel principal, pero tamén os concellos de Sada e da Coruña, a Deputación Provincial da Coruña e finalmente tamén a Xunta de Galicia, a pesar de que o fundador do PP fose un militante e ministro do franquismo, a pesar de que o PP se opoña á memoria histórica e a pesar de que a Xunta soamente aceptase de xeito claramente reticente, e forzada pola presión social, a iniciativa política, e finalmente xurídica, para a recuperación do pazo de Meirás. *(Aplausos.)*

Esta iniciativa ten pais, nais, avoas e avós; e, entre eles, sinaladamente o PSOE. Como xa mencionei reseñando a propia sentenza, en febreiro de 1978 faise pública unha proposta do Partido Socialista para a restitución ao seu lexítimo dono e a súa conversión en sede do futuro Goberno autonómico. É dicir, corenta e dous anos antes desta sentenza, corenta anos antes de que o Parlamento de Galicia instara a recuperación do pazo, o Partido Socialista xa demandaba a recuperación dese ben e incluso propoñía que fose a sede do futuro goberno autonómico, mentres os antecesores políticos dos deputados e deputadas do PP hoxe aquí presentes andaban cuestionando a democracia e opoñéndose a este Estado autonómico.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Arangüena.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Bará Torres.

**O señor BARÁ TORRES:** Grazas, presidente.

Ben, se queren saber o que pasou, recoméndolles que lean este libro. *(O señor Bará Torres amosa un libro desde o estrado.)* É unha auténtica xoia, un traballo impresionante. *(Aplausos.)* Foi absolutamente fundamental en todo o proceso. Se hai algo que foi fundamental, foi este libro.

Claro, agora que estamos xa na versión 6.0 do debate de Meirás neste Parlamento, chámamos un pouco a atención que o Partido Socialista se queira poñer as medallas. Claro, e mesmo



apelando á información da sentenza de que xa o Partido Socialista no ano 1978 propuxo a recuperación do pazo e a súa conversión en sede do Goberno galego, preguntolle: ¿que fixeron vostedes en todos eses anos nos que tiveron maiorías absolutas no Estado para facer efectiva esa petición? (*Aplausos.*) Porque, claro, hai que ter un pouco de prudencia no que se di para apuntarse méritos.

Claro, aquí hai que facer o relato do que pasou, e a sentenza fai un relato —que é un relato, desde logo, interesado para buscar aqueles argumentos que favorezan a decisión final— e hai outro relato, que é un relato das loitas pola devolución do pazo de Meirás. E nese proceso —como dixen antes— hai tres elementos que son fundamentais, imprescindíbeis: o primeiro foi a mobilización social, a mobilización e organización social, sen iso non habería nada despois; en segundo lugar, a investigación histórica e a demostración con moitos anos de investigación silenciosa e altruísta —porque estas persoas non cobraron nada por iso, nin sequera por asesorar, fundamentalmente, a Avogacía do Estado, nin por actuar como peritos desa demanda—; e, en terceiro lugar, a acción institucional, acción na que cadaquén ten o seu papel, e tamén hai que saber ben como foi ese proceso e quen se incorporou e en que momento.

Entón, nesa historia é fundamental esta fotografía. (*O señor Bará Torres amosa unha fotografía desde o estrado.*). Esta fotografía é dunha mobilización convocada pola CRMH, a Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica, da Coruña, o 20 de novembro de 2005. Se se fixan, había aquí non máis de dez ou doce persoas que pedían a devolución do pazo de Meirás. Grazas a esta mobilización chegamos aquí. (*Aplausos.*) E hai que recoñecerlles o labor a todas estas persoas que durante moito tempo predicaron no deserto, e que parecía que pedían o imposible. Pois grazas a eles conseguimos avanzar moito.

E tamén houbo outro momento clave e do que se fala pouco, que é un cambio de goberno que houbo no Concello de Sada no ano 2007, cando entra na alcaldía e exerce como alcalde Abel López Soto, que promove unha iniciativa aprobada no pleno por maioría —non por unanimidade— para solicitar a declaración como BIC do pazo de Meirás. E ese cambio foi fundamental, porque a alcaldía que houbera antes —que non vou dicir de que partido era— o que fixo foi recualificar os terreos de arredor de Meirás para o gran negocio da familia Franco —e todos sabemos de quen estamos falando—. E ¿que pasou nese momento? Que houbo unha oposición frontal por parte da familia Franco, que recorreu aos tribunais para impedir a declaración de BIC e que se revelou ao final como un feito tamén decisivo. E ¿saben de quen tivo o apoio nese momento a familia Franco? Do portavoz do Partido Popular neste Parlamento, do señor Núñez Feixóo, que dixo: «Non se pode declarar BIC porque non é un pazo, son unhas torres» (*Murmurios.*) ¡Impresionante! En dúas palabras, «im-presionante». O señor Feixóo dixo: «Se queren recuperar patrimonios, que se recuperen os que pertencen a Galicia e non torres como as de Meirás, que non alcanzan a categoría nin as características históricas propias dos pazos». Iso está aí na hemeroteca, para que se saiba tamén, que hai que contar toda a historia.

E ¿que pasou despois? Os Franco opuxéronse nos tribunais a esta declaración de BIC. Finalmente triunfou a posición do Goberno galego, porque houbo tamén un goberno —que algúns din que trouxo aquí todas as pragas bíblicas, ese goberno de cando estaba o BNG na Conse-



llería de Cultura da Xunta de Galiza — que promoveu a aprobación das torres-pazo de Meirás como BIC. E esa foi a primeira vez que puxemos os Franco á defensiva e contra as cordas. E ¿saben vostedes quen saíu no seu auxilio? Porque, claro, é unha familia que ten poucos recursos, e entón, cando se resolve o proceso xudicial en 2010 e hai que abrir as torres-pazo de Meirás no ano 2011, resulta que reciben unha xenerosa subvención por parte da Xunta de Galiza do Partido Popular á familia Franco para abrir o pazo de Meirás, algo que teñen que facer por lei. E reciben 53.000 euros da Xunta de Galiza do Partido Popular. E iso tamén hai que contalo porque é a verdade histórica. (*Aplausos.*) E, ademais, fíxose, miren vostedes, cando estaban perpetrando os maiores recortes no ámbito da cultura e cando estaban liquidando todas as políticas da memoria que puxera en marcha ese Goberno bipartito que tanto lles molestaban a vostedes, cando aniquilaron o proxecto «Nomes e voces» e cando converteron a «Illa da memoria», a illa de San Simón, na «Illa do pensamento», que ao final foi a «Illa do esquecemento».

Esta é unha das páxinas máis negras da historia do Goberno galego, darlle 53.000 euros —eu creo que incluso é un delito— a unha familia corrupta, ladroa, para abrir algo que teñen que facer por lei. E isto tamén hai que sabelo.

Entón, ¿que pasou despois? Que houbo unha serie de denuncias a partir do momento en que a Xunta de Galiza lle corta a billa —loxicamente, porque o escándalo era maiúsculo—, que hai unha serie de denuncias por parte do Concello de Sada polo incumprimento da obriga de apertura do pazo que acaban en 2017, por fin, na apertura dun expediente por parte da Xunta de Galiza, que remata cunha multa de 4.500 euros, cando a lei prevía unha multa máxima de 6.000 euros, e que nunca chegou a cobrarse. E isto tamén hai que contalo, nunca chegou a cobrarse. Se queren, dígolles por que. Non me dá tempo hoxe, pero dígolles por que; porque fun a San Caetano buscar un expediente —que en virtude do artigo 9 non mo entregaron, e tiven que ir alí consultalo porque non o querían entregar—. E iso tamén é parte da historia.

E despois pasou o que pasou naqueles famosos días de finais de xullo de 2017, cando hai esa provocación sen nome por parte da Fundación Franco, que anuncia que vai utilizar Meirás para crear alí un parque temático franquista, de exaltación da ditadura, de exaltación da represión e de exaltación da figura do ditador. E iso provoca unha auténtica revolta social, política e institucional que obriga, efectivamente, o Partido Popular, porque non lle deixamos máis saída que poñerse do lado do que tiña que estar xa moito tempo antes.

E nese momento é fundamental a publicación deste libro, en novembro de 2017. Curiosamente, cando moitas editoriais lle pecharon as portas, foi publicado pola Fundación Galiza Sempre, e iso hai que dicilo e hai que sabelo. E nese momento tamén foi importante un acto simbólico, que foi a ocupación pacífica do pazo de Meirás, pola que algúns militantes demócratas e nacionalistas están procesados. (*Aplausos.*) Porque aquí non se procesa os Franco, aquí procesábase os demócratas como os que ocuparon —tamén simbolicamente, para denunciar o roubo— a casa Cornide, que van ser procesados a semana que vén, como foi tamén denunciado e procesado polos Franco o señor Carlos Babío, o autor deste libro. O mundo ao revés, como xa dixen en moitas ocasións.



Naquel momento foi fundamental a actuación da Deputación da Coruña e, dentro da Deputación da Coruña, a súa vicepresidenta Goretti Sanmartín, que se puxo á fronte. Convocou as institucións —a Xunta de Galiza tamén, por certo, que non acudiu—; os concellos, que foron parte —porque a Deputación foi quen liderou precisamente o do roubo, o do espolio—, e asociacións de memoria histórica de toda Galiza. O 9 de agosto xa se convocou esa reunión, da que xurdiu unha idea brillante: a creación da Xunta para a Devolución do Pazo —a cara inversa da «Xunta para o roubo do Pazo», do ano 1937, 1938 e 1939. E de aí veu todo, veu o estudo xurídico e histórico promovido pola Deputación da Coruña, que foi clave na argumentación da sentenza. Efectivamente apareceu o documento, pero quen puxo o camiño foi ese informe dirixido no ámbito xurídico por Xavier Ferreira, que falou desa compra fraudulenta, desa venda en falso, do ano 1942.

E, a partir de aí, efectivamente, aprobouse neste Parlamento un acordo tamén unánime para instar a Xunta a facer ese estudo xurídico e histórico. Houbo acordos da Deputación da Coruña e tamén por parte deste Parlamento. E houbo finalmente un cambio —que tamén hai que recoñecer que foi fundamental—, que foi, señores do Partido Popular, o cambio do Goberno do Estado en 2018. Porque estou convencido de que, se non se producise ese cambio —e teño que recoñecelo—, non se presentaría esa demanda ou tardaría moito en presentarse esa demanda —que xa digo que se apoiou fundamentalmente na argumentación xurídica da Deputación da Coruña e tamén na información histórica do principal asesor desa demanda, que foi o señor Carlos Babío e tamén o señor Manuel Pérez Lourido, coautores deste libro—.

E remato xa, porque eu creo que este proceso nos ensina unha cousa que é moi importante para a historia deste país, e é que, como teñen dito tamén grandes pensadoras, como Margaret Mead ou Rebecca Solnit, pequenos grupos de persoas poden cambiar o mundo. E o primeiro que hai que cambiar é o relato histórico e cultural, e despois veñen os cambios. E grazas a iso pasamos de que unhas poucas persoas estiveran manifestándose en novembro de 2005 diante do pazo de Meirás a que agora esteamos diante da oportunidade de dar un gran salto histórico...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor BARÁ TORRES:** ...recuperando para o pobo galego o pazo de Meirás e todo o patrimonio espoliado polo franquismo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Bará.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra o señor Pazos Couñago.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Moitas grazas, señor presidente.





Comezamos o debate recuperando grandes clásicos do parlamentarismo galego, como ese costume de insultar e faltar ao respecto ao mesmo grupo maioritario ao que despois se lle pide apoio, un vello costume que non deu demasiados bos resultados no pasado. En todo caso, obrígame a facer dúas aclaracións previas.

A primeira é que, para saber que Francisco Franco foi un corrupto pois a verdade é que non necesitabamos unha sentenza. *(Risos.) (Murmurios.)* Nós xa o sabiamos de antes, porque á diferenza doutros grupos nós sabemos, este grupo sabe, que todo ditador, por definición, é un corrupto, e non facemos distincións entre a color dos ditadores. *(Aplausos.)*

Do mesmo xeito, preciso aclararlle ao señor Arangüena que o Partido Popular non se opón á memoria histórica, oponse ao uso partidista da memoria histórica. É dicir, ao que acaba de facer vostede agora mesmo. Porque quero aclararlle, jeh!, que o fundador do meu partido, entre outras moitas cousas... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*, si, é un pai da Constitución, *(Murmurios.)* un pai da Constitución, da mesma constitución, por certo, que permitiu a recuperación das torres de Meirás para o público. *(Aplausos.)*

Eu teño que empezar xa, centrándome nisto, amosando a sorpresa que me suscita... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** ¡Silencio!

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Señora, déixelle falar algo ao señor Bará, que algo lle toca tamén.

Teño que amosar a sorpresa deste grupo e a miña persoal sobre as cuestións que o Grupo Socialista prioriza neste comezo de lexislatura: a verdade é que, en dous plenos, van catro PNL, dúas propostas nas que exixen en Galicia a creación das mesmas comisións que o seu propio partido veta en Madrid e agora unha iniciativa para repartir medallas. Porque non é certo que isto sexa unha iniciativa sobre Meirás, non hai ningunha proposta de actuación executable ou de impulso. Non, non, simplemente é unha iniciativa para mal repartir medallas. E digo «mal repartir» porque, señorías, aquí fanse dous recoñecementos, un recoñecemento xeral e un recoñecemento especial. O recoñecemento xeral é para colectivos, historiadores, Concello de Sada, Deputación da Coruña e Xunta de Galicia; e o recoñecemento especial para a Dirección Xeral de Memoria Histórica do Goberno de España, que, por certo, nin sequera menta a Avogacía do Estado. ¡Home!, sexamos sinceros, a iniciativa está centrada en recoñecer o labor do goberno de Sánchez na recuperación das torres de Meirás. Basicamente ao que veu aquí o señor Arangüena é a facerlle a pelota ao señor Sánchez. *(Murmurios.)* E a min paréceme ben, pero, ¡home!, eu pídolles aos militantes do Partido Socialista que lle fagan a pelota ao seu xefe polos métodos tradicionais: tráeno vostedes aquí, paséano e invítano a unha mariscada, etc., pero utilizar o Parlamento para isto dá un pouquiño de vergoña. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A cambio, o señor Bará o que pretende é cambiar a medalla e que a medalla máis gorda lla dean á Deputación da Coruña. Mire, eu creo que o socialismo galego semella empeñado en converter a incoherencia na súa seña de identidade. Son capaces de defender unha cousa e a contraria se entrambas median 600 quilómetros ou uns poucos días de distancia. Piden o



seguimento da pandemia no Parlamento, no Parlamento de Galicia, porque, evidentemente, en Madrid uns días antes, a 600 quilómetros, a vetan. Piden unha investigación sobre residencias que exixen en Galicia, pero en Madrid vétana. Agora tráennos debates sobre cuestións relacionadas con recoñecementos e títulos. Hai vinte días: «Dubidamos moito de que neste momento no que estamos, ante a maior pandemia das nosas vidas, que vai implicar uns efectos económicos e sociais extremadamente negativos, cunha caída do PIB como non se lembra dende a Guerra Civil, con decenas de milleiros de mortos pola pandemia, debamos distraer os nosos esforzos e enerxías políticas coa proposta de retirar un título» —*fin de la cita*, señor Arangüena Fernández—. Hai vinte días eu coincidín cos seus argumentos para rexeitar esa iniciativa do BNG, que considerabamos que non era prioritaria. E con eses mesmos argumentos, os seus, señor Arangüena: «Mentres tanto, seguro que a cidadanía nos agradece que nos centremos naqueles asuntos como os problemas de educación, de sanidade, de economía, e outros como o colapso ecolóxico xeneralizado, incluso en problemas de calidade institucional. Deixémonos neste momento de títulos, centrémonos nos temas nos que nos estamos xogando a nosa pervivencia como sociedade» —*fin de la cita*, señor Arangüena Fernández—.

Señor Arangüena, eu debo confesar que por primeira vez —e dígoo totalmente en serio—, por primeira vez dende que son deputado, sentín certo apuro cando souben que tiña a obriga de debater unha iniciativa como esta, tan alonxada dos intereses dos cidadáns neste momento, sinceramente. É dicir, estamos, como vostede ben dixo, vivindo a pandemia das nosas vidas e vostede trae unha iniciativa ao Parlamento para facerlle a pelota ao presidente do Goberno. Paréceme francamente lamentable, e teño que dicirlllo.

Pero xa que temos que facelo e xa que nos obrigan a debater sobre isto, polo menos pídolle que sexamos xustos na repartición dos méritos. Creo sinceramente que o Goberno de España non tivo máis mérito neste logro que o Concello de Sada, que a Deputación da Coruña ou que a Xunta de Galicia, e creo sinceramente que todas esas institucións se limitaron a cumprir co seu deber, coas súas obrigas no marco das súas respectivas responsabilidades. Creo que é o que corresponde a estas administracións. E, dende logo, non creo que o Goberno de España tivese maior mérito, sobre todo se o comparamos coas asociacións e os historiadores que levan anos buscando documentación e vías para recuperar Meirás de maneira completamente altruísta. Creo que é xusto recoñecer isto. E por iso nós presentamos unha emenda, unha emenda que recoñece en igual medida a colaboración de todos eles e recalca especificamente o feito diferencial que permitiu a recuperación das torres de Meirás para disfrute de todos os galegos, se se confirma esa sentenza —que todos esperamos que si—. Ese feito foi a colaboración leal de todos no marco do actual Estado de dereito, porque, señor Bará, o réxime do 78 que substituíu e puxo fin á ditadura é o que posibilitou a recuperación dos bens espoliados. Non hai conivencia; ao contrario, é o que o posibilitou. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) A señora Rodil está moi nerviosa. Non sei por que, descoñezo o motivo. (*Murmurios.*)

Mire, a nós parecíanos que esta sentenza tería que servir para que aprendésemos certas leccións e para evitar que no futuro fuxamos de división innecesarias —parece que non todos o aprenderon— e tamén atallos xurídicos que ao único que conduciron no pasado foi a aumentar a frustración da sociedade. Por certo, señor Bará, cando di vostede que a Xunta votou



en contra —perdón, o Grupo Parlamentario Popular, ten razón— de realizar un listado de bens espoliados ou de estudar as vías para recuperar o patrimonio da familia Franco, vostede falta á verdade. Si, eu estaba nese debate. E vostede recorda que eu lle presentei unha emenda. O que dicía esa emenda é que estabamos de acordo, pero que ese labor o tiña que facer quen tiña as competencias, que, como se demostrou, é o Goberno de España. E cando actuou o Goberno de España ao amparo das súas competencias demostrouse que o Partido Popular tiña razón e que había vías legais e democráticas para recuperar patrimonio espoliado para o disfrute de todos os galegos. Non lles minta aos galegos, píddllo por favor, non lles minta aos galegos.

Mire, eu quero dicirlle algo tamén, porque presentaron vostedes unha emenda na que piden que se activen os mecanismos para impedir que a Fundación Franco continúe xestionando as visitas ao pazo. En contra do que manifestaron vostedes aquí, eu quero deixalo meridianamente claro: a Fundación Franco non nos gusta absolutamente nada, ¡nada! (*Fortes murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** ¡Silencio! ¡Señor Bará!

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Démoslle unha subvención porque nos Estados de dereito a quen cumpre os requisitos hai que darlle unha subvención. E, por certo, tamén faltou á verdade cando dixó que lle dabamos esa subvención ao tempo que eliminabamos a subvención do proxecto «Nomes e voces». Non é certo, continuou sendo financiado mentres nolo permitiu a economía, esa que deixaron vostedes tan ben amañada neses catro anos de goberno excelso, o do Bipartito do que tanto presumen.

Pero isto de ir deslizando certas simpatías... Eu quero recordarlles a todos os grupos que están aquí nesta Cámara que a Fundación Franco leva operando décadas en España. En catorce anos do goberno socialista do señor González, a Fundación Franco operaba, pero ningún cuestiona o calado democrático do señor González, ¿verdade? Despois veu o señor Aznar, que é un facha, é un facha, claro, e por iso resulta que continuou operando a Fundación Franco. Curiosamente despois viñeron oito anos de goberno do señor Zapatero, e novamente continuou operando a Fundación Franco. Por certo, por certo, o Goberno Zapatero durante cinco anos sacou a adiante os orzamentos condicionado polo Bloque Nacionalista Galego. ¡Home! se isto era unha prioridade democrática, haberá que preguntarse por que non actuaron nese momento. Pero, dende logo, o que non é de recibo é que os vinte e dous anos nos que a Fundación Franco traballou con gobernos socialistas sexan un exemplo democrático e que ao final teñamos a culpa os que gobernamos oito anos. Iso si, eses son por conivencia. Ou todos tirios ou todos troianos, ¿verdade? (*Aplausos.*) Imos ser un pouco serios, imos ser un pouco xustos.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Eu presenteilles unha emenda —creo que unha emenda razoable— na que se fai un recoñecemento de todas as institucións que participaron neste logro histórico —que esperemos que se consolide—, de todas as asociacións, de todos os particulares, das distintas administracións, e que pon o foco —volvo repetir— no esencial, no esencial que se acreditou, que é...



**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** ...que, cando imos todos da man, as cousas poden conseguirse.

Moitas grazas, e espero que me digan algo sobre esta emenda. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra o señor Arangüena Fernández.

**O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ:** Señorías, falouse despois de min, por parte dos outros intervenientes, de colgarse medallas. Bueno, eu non pretendo colocar medallas a ninguén, eu presento, nós presentamos, unha moción, unha proposta de recoñecemento dun feito histórico. Pero o que eu fixen foi apelar constantemente ou basicamente á propia literalidade da sentenza; é dicir, eu non estou aquí poñendo medallas que non figuren explicitamente na propia sentenza. E unha sentenza non é un conxunto de opinións. Nese sentido teño que dicirle, señor Bará, que cando di que a sentenza fai un relato interesado pois está practicamente acusando de prevaricación a unha xuíza. A sentenza fai un relato obxectivo, porque é o que ten que facer a sentenza. Grazas a que a sentenza fai un relato obxectivo é unha gran sentenza. E grazas a que hai unha demanda da Avogacía do Estado detrás, froito dun gran traballo xurídico, é posible a recuperación do pazo de Meirás. Pero se dicimos que a sentenza fai un relato interesado estamos menoscabando a lexitimidade desa sentenza, da xuíza que a dita e de todo o que estamos facendo aquí. Por certo, vostedes neste tema están substancialmente de acordo con nós. Polo tanto, creo que é unha afirmación improcedente.

Preguntábanos que é o que fixemos nós en todo este tempo. Bueno, eu dicía que xa no ano 78 —foron corenta e dous anos— pois nos posicionamos a favor da recuperación do pazo de Meirás. Pero ¿que fixemos nós? Pois poñer a Avogacía do Estado a buscar papeis, atopar eses papeis buceando no arquivo de protocolos notariais da Coruña e presentar unha demanda moi ben fundamentada —diría que brillante— con base neses documentos e probas. Porque os xuízos gáñanse con documentos e probas, non se gañan os xuízos con fotos ou manifestacións, nin con ocupacións. *(Aplausos.)* Certamente, eu recoñezoo, non incorporamos no noso recoñecemento a totalidade de todas as persoas que fixeron investigacións, pero recoñezo, por certo, o autor dese libro, recoñezo o traballo, recoñezo todos os traballos dese historiador, doutros moitos —uns máis e outros menos— e de moita xente que se mollou por este tema. Pero o que hai que recoñecer tamén é a vontade política que tivo un goberno socialista para impulsar este tema, para sacar a adiante este tema, como non faría outro goberno. *(Aplausos.)* Iso hai que recoñecelo e poñelo en valor. Pero tampouco o facemos dunha forma moi destacada, simplemente dicimos que se recoñeza especialmente o goberno que foi o impulsor desa demanda.

Señor Pazos, eu non descualifiquei a ninguén, creo. Tampouco a Fraga. É dicir, eu simplemente falo de feitos históricos, eses que a vostedes non lles gustan pero que son os feitos históricos. É dicir, Fraga ten a traxectoria que ten, pero non digo nada negativo de Fraga.



Tampouco digo nada negativo dos seus antecesores. Mentres que no ano 79 nós pediamos a recuperación do pazo de Meirás —incluso que se convertese en sede do Goberno autonómico—, vostedes, os seus antergos políticos, discutían o Estado autonómico, discutían os propios fundamentos da democracia. E logo, evidentemente, Fraga foi presidente da Xunta de Galicia. Todo un exemplo de concordia foi que todo o mundo aceptase que un ministro de Franco xogase na democracia, incluso que chegase a presidente da Xunta de Galicia e fundase o seu partido. Non descualifiquei absolutamente a ninguén. Creo que, se descualifiquei a alguén, xa mo dirán nalgún momento.

E non é incompatible, a non ser que sexa un deses seres que soamente son capaces de facer unha cousa —as mulleres din que son capaces de facer moitas—, (*Murmurios.*) non é incompatible recoñecer o labor histórico... (*Fortes murmurios.*) E son capaces de facer moitas, incluso diría que son capaces de facer máis ca nós. Pero o que quero dicir é que non é incompatible recoñecer o labor histórico da sociedade, de institucións e de persoas públicas e privadas para permitir un feito histórico como é esta sentenza, que posibilita a recuperación do pazo de Meirás, con preocuparse pois de cuestións mollares, que son neste momento a educación, a sanidade, a economía e tantas outras. O cal non é incompatible con que eu diga que non é o momento de sacar o tema do xefe do Estado. Isto é tan sinxelo como iso. Se non o entende vostede, pois téñollo que explicar.

Por certo, ¿quen sostén a economía de Galicia hoxe? O Goberno do Estado cos ERTE, coas axudas aos autónomos, etc., etc, non vostedes. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Entón, claro, non é... (*Fortes murmurios.*) ¿Como que broma, como que broma?! ¿Quítenlles vostedes os ERTE, quítenlles vostedes as axudas aos autónomos, á economía galega, e verán o que pasa! Que llelo expliquen os seus conselleiros que saben algo de economía.

¿Moléstalles a vostedes que se recupere o Pazo de Meirás?

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ:** ¿Moléstalles a historia? Nós simplemente fixemos unha proposta con base na realidade e no que declara probado a sentenza...,

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ:** ...non facemos valoracións. A partir de aí, se queren, apóiena; se non, non. Por certo, admitiremos a proposta do BNG, a emenda do BNG.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Arangüena.

(*O señor Bará Torres solicita a palabra.*)

Señor Bará, ¿para que quere o uso da palabra?



**O señor BARÁ TORRES:** Solicítoa ao abeiro do artigo 76, por alusións que implican xuízos de valor ou inexactitudes sobre a persoa ou conduta dun deputado. Porque o señor Pazos dixo que faltara á verdade.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Perdoe, perdoe, vostede ten dereito a pedir a palabra. E despois téñolla que dar eu.

**O señor BARÁ TORRES:** É que dixo que faltara á verdade.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Perdoe, xa me dixo para que era. E eu dígolle —quérolle contestar á súa petición— que non houbo ningún xuízo de valor. Vostede está no propio debate, interveu no propio debate. E creo que é suficientemente aclaratorio cales son as... *(O señor BARÁ TORRES: Acusoume de faltar á verdade...)* *(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Protestas.)* *(Murmurios.)*

Señor Bará, os plenos poderían durar sete días se empezamos a dicir... *(Fortes murmurios.)* *(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)* Vostede ten dereito a pedilo, e a quen lle toca decidir se ten dereito a falar neses termos é a min, é a quen ostenta a Presidencia neste momento. E, polo tanto, non lle dou a palabra.

Pasamos á votación.

*(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Xa, xa. Eu creo que vostede e mais eu xa nos coñecemos dende hai moito tempo e xa sabe como funcionamos.

Moitas grazas, señor Bará.

### ***Votación das proposicións non de lei***

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Pasamos ás votacións. Non podemos cerrar as portas pero non entra xa ninguén.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Leticia Gallego Sanromán e D. Martín Seco García, sobre a procura polo Goberno galego dun amplo acordo co sector turístico co fin de establecer un plan de choque para salvar o turismo.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Pasamos á votación da seguinte iniciativa, da 5.2, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Teño entendido que non se aceptaron as emendas e, polo tanto, votamos a iniciativa tal cal foi presentada.



*Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e dous deputados/as máis, sobre a constitución no Parlamento de Galicia dunha ponencia para elaborar unha proposta de cara á negociación da distribución dos fondos europeos para abordar as consecuencias da covid-19, para a súa defensa por parte da Xunta de Galicia diante do Goberno central mediante negociacións bilaterais.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 38; abstencións, 13.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta iniciativa.*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Pasamos á seguinte iniciativa, a 5.3, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia. Non se presentaron emendas.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Alberto Pazos Couñago e sete deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e á Comisión Europea en relación co impacto para a frota pesqueira de Galicia da decisión de inserir o marraxo dientuso no apéndice 2 da Convención sobre o comercio internacional de especies ameazadas da fauna e flora silvestres, Cites.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada por unanimidade esta proposición.*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Pasamos á seguinte, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e dous máis. Hai unha transacción que me fixeron chegar e entendo que todos os grupos están a favor. Polo tanto, non é necesario lela.

*Votamos entón a transacción.*

*Votación do texto transaccionado sobre a Proposición non de lei do G. P do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de recuperar para o patrimonio público as esculturas do mestre Mateo, en poder da familia Franco, pertencentes ao Concello de Santiago de Compostela.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobado o texto transaccionado desta proposición non de lei por unanimidade.*



**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Pasamos á seguinte iniciativa, do G. P. Popular de Galicia.

Non se aceptaron as emendas e, polo tanto, votamos a iniciativa tal cal foi presentada.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Diego Calvo Pouso e sete deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central co fin de incluír as máscaras e os hidroxelos desinfectantes na listaxe de bens aos que se lles aplica o tipo reducido do IVE do 10% ou o superreducido do 4 %*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 56; abstencións, 14.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Pasamos á seguinte iniciativa, do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Entendín que se aceptaba a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

*(O señor Pazos Couñago pide a palabra.)*

Si, ¿para que quere vostede o uso da palabra? Déanlle voz ao escano do señor Pazos, por favor.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Si, gustaríanos solicitar a votación separada da proposta orixinal e da emenda aceptada do Bloque Nacionalista Galego.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Vostede decide, señor Arangüena. *(O señor Arangüena Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* ¿Non? Vale, moi ben.

Pois votamos a iniciativa coa incorporación da emenda do Grupo do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pablo Arangüena Fernández e dous deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa dedicación e o esforzo de todas as persoas, entidades e institucións que fixeron posible a recuperación para o patrimonio público do pazo de Meirás*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*





**Acumulación de dúas interpelacións para a súa formulación conxunta.**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Rematadas as votacións, pasamos ao seguinte punto da orde do día, o de interpelacións, e a primeira é un debate acumulado da 6.1 e da 6.3, que se acumulan para efectos de debate conforme o establecido no artigo 159 do Regulamento.

**Interpelación de D. Luís Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a consideración do Goberno galego respecto de se o borrador do protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021 dá resposta ás necesidades dos centros, así como sobre os problemas detectados na implementación dese protocolo no inicio do curso**

**Interpelación de D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación co impacto da covid-19 no ensino**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a interpelación, ten a palabra, en primeiro lugar, o señor Álvarez Martínez.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Espero que esta interpelación sexa do agrado do Partido Popular, tendo en conta que a anterior proposición non de lei non resultou pertinente nin interesante para a Comunidade Autónoma de Galicia. Digo que espero que resulte interesante posto que estamos a falar dun asunto que preocupa —e moito— á toda a comunidade educativa e polo tanto a un amplísimo sector da poboación da nosa comunidade autónoma.

Señor conselleiro, despois da súa nada sintética, pero si redundante, comparecencia de onte, podería pensarse que xa está todo explicado, pero en realidade non é así, porque imos falar evidentemente do protocolo que deu orixe á formulación desta interpelación, que se presentou o día 14 de agosto, é dicir, hai máis de mes e medio, pero que se presentou tres días despois de que tiveran lugar as eleccións autonómicas, non con nocturnidade, si con certa aleivosía cando menos política, e que deu lugar en primeiro lugar a protestas por parte de todos os actores concernidos na educación —léase pais e nais, organizacións sindicais e concellos— e tamén unha petición de que os equipos directivos dos centros presentasen a súa dimisión.

Porque todos sabemos que a educación é un dereito que está recoñecido como fundamental na nosa Constitución, no artigo 27, pero tamén sabemos que é competencia plena da Consellería de Educación do Goberno da Xunta de Galicia, conforme o artigo 31 do noso Estatuto de autonomía, a súa administración.

E tamén sabemos que a situación derivada da pandemia producida pola covid-19 supuxo que o sistema educativo galego, igual que o do resto do Estado e do mundo, se vise inmerso nunha situación inédita como consecuencia do que foi un pertinente, necesario e obrigado



peche dos centros educativos. E aínda que a educación a distancia, cun esforzo sen precedentes por parte do profesorado, alumnado e familias, serviu para facer fronte a unha situación excepcional, ese escenario non substitúe a aprendizaxe presencial, posto que é na contorna escolar a interacción escolar cos docentes e o alumnado o que mellor permite a aprendizaxe e a socialización e o seu desenvolvemento. E tamén sabemos todos os que aquí estamos que esa suspensión da actividade lectiva causou un impacto maior en alumnos que pertencen a familias en situación socioeconómica máis desfavorecida.

Todo o anterior fai necesario retomar a actividade presencial, adoptando todas as medidas de prevención necesarias que permitan facelo de forma segura e manter o control da pandemia. Pero é necesario, absolutamente necesario, subliñar neste momento que as competencias educativas permaneceron intactas nas mans das comunidades autónomas durante eses meses de pandemia e que o Ministerio de Educación e Formación Profesional desenvolveu as súas.

Así, é evidente que impulsou a cooperación e a colaboración entre administracións educativas e tomou a iniciativa para propiciar acordos, e convocando, ata en vinte ocasións ao longo dos cinco meses que durou esta situación, os órganos de cooperación interterritorial, como se dixo, tamén, coa prioridade da recuperación da normalidade educativa, o ensino presencial como principio xeral e que o alumnado volveuse ás aulas.

Somos conscientes, absolutamente conscientes, das dificultades que o ensino a distancia supón para unha porcentaxe importante do alumando, que non puido seguir durante o confinamento de maneira igualitaria o proceso de ensino e aprendizaxe, e esa situación non se iniciou con esa data apocalíptica do 27 de agosto, á que vostede fixo referencia con insistencia na súa comparecencia de onte.

E é certo que o desenvolvemento do curso 2020-2021 é imprevisible, dado o descoñecemento que aínda temos acerca da posible evolución da pandemia, e, en consecuencia, resulta imprescindible prever diferentes escenarios aos que debemos adaptarnos, dependendo das circunstancias sanitarias que poidan darse, e toda esa previsión debe ou debería plasmarse nun protocolo para os centros docentes que regule o desenvolvemento da súa actividade, tanto lectiva como dos servizos complementarios.

Utilizando os datos que vostede deu onte, preto de 350.000 alumnos, 77.000 comensais e 87.000 alumnos transportados son cifras que ben merecen todo o esforzo que se poida facer para minimizar os riscos. Xa sabemos que o risco cero non existe, nin o imos demandar, porque non existe.

Pero o Partido Socialista de Galicia é un partido de goberno e, polo tanto, non nos resulta allea a enorme dificultade á que se debe enfrontar unha administración para elaborar un protocolo que necesariamente teña capacidade de adaptación necesaria ás distintas e hipotéticas realidades que se poidan producir, partindo —¡como non!— das premisas de garantir a seguridade e a saúde do persoal empregado e do alumnado, así como tamén a máxima conciliación familiar e laboral. E neste sentido, señor conselleiro, sempre estaremos dispostos a apoiar as accións que o Goberno da Xunta de Galicia adopte, froito —iso si— do diálogo e consenso necesario entre todos os sectores da comunidade educativa.



Pero, lamentablemente, non nos atopamos nese escenario, nin co proxecto de protocolo que presentaron vostedes no mes de xullo nin cos presentados ultimamente, que temos a terceira versión. E isto foi así porque o Goberno da Xunta de Galicia, que debía afrontar máis que nunca a súa responsabilidade de goberno, o que fixo foi centrifugar inicialmente as súas responsabilidades cara aos centros, ás ANPA e aos concellos, sen dotalos dun marco estable, seguro e cos recursos humanos e materiais necesarios, tamén para a totalidade dos servizos complementarios, nomeadamente comedor e transporte escolar.

E a situación do rexeitamento pode resumirse de forma moi sintética en que os representantes do profesorado solicitaron retirar o protocolo e negociar un novo que respondese ás demandas do conxunto da comunidade educativa, que por parte dos representantes dos pais e nais de alumnos se lamentase que non existise ningunha representación súa na comisión covid dos centros, á vez que advertían das dificultades coa posta en servizo de comedores escolares. De feito, tanto é así que temos novas de que están a pechar comedores de xestión directa, ou polo menos quendas de xestión directa, porque non hai un número suficiente de persoal colaborador, e este é un servizo que depende directamente da consellería.

E non se pode dicir tampouco que o asunto dos comedores xestionados polas ANPA fose pacífico, pero acabaron vostedes asumíndoo, porque eran xustas as súas exixencias, o que proba que de orixe algo estaba mal deseñado. (*Aplausos.*)

E, por último, desde a Fegamp —a última vez onte— trasladouse a necesidade que teñen de recursos adicionais ante a imposibilidade de asumir as medidas previstas, porque lles supón cargas importantes e custos derivados en materia de limpeza e desinfección. E mesmo existen dúbidas por parte de servizos de intervención municipais de que a autorización de gastos para dar cumprimento a esas disposicións teña suficiente soporte legal.

E hai formas e formas de facer políticas públicas. Unha delas é atribuír responsabilidades e non financiar correctamente a quen se lle atribúen esas responsabilidades, ou sexa, resolver os problemas por translación e a custo certo. E outras, por exemplo —e sei que non lles vai gustar moito—, como se fixo durante o *malvado* Goberno bipartito, de, mediante un pacto local, financiar determinados custos que viñan asumindo os concellos, como, por exemplo, os gastos de gasóleo nos centros de educación infantil e primaria (*Aplausos.*). Iso si que é apostar por unha administración á que se lle engaden competencias pero que se financian. Repito: o custo cero sempre é moi grato e moi cómodo á hora de cadrar as contas públicas.

E, evidentemente, os protocolos que temos hoxe, máis de dous meses despois da presentación do protocolo inicial, conteñen incorporacións e melloras evidentes, froito do diálogo, ao que se renunciou no mes de xullo, pero, aínda así, seguimos indo tarde, incorporamos matices ou protocolos novos co curso xa iniciado. Valla como toda proba o feito de que o día 24 de setembro —é dicir, hai dúas semanas— se presentaron protocolos novos.

E compartimos que todos os protocolos son documentos dinámicos e que deben incorporar de forma obvia as achegas dos expertos sanitarios, pero tamén doutros ámbitos que poidan aportar propostas interesantes e que poidan enriquecer eses protocolos.



Señor conselleiro, vostede fixo hai pouco unhas declaracións, tras unha visita a un centro de formación profesional, nas que se felicitaba das medidas que tiñan tomado para garantir a ensinanza das prácticas nos talleres específicos, pero, por exemplo, non tiveron en conta aportacións que desde a Asociación de Centros de Formación Profesional publicaron no mes de xullo para ter talleres seguros. Estamos a falar de recomendacións feitas por unha asociación integrada por centros de formación profesional de toda España, pero tamén de Galicia.

E non quero facer particular insistencia neste asunto, pero acaban vostedes de ter coñecemento, igual que toda a opinión pública, dun caso que afectou un centro no que parece ser que os alumnos estiveron nunha teórica corentena, porque había teoricamente unha alerta que así o decretaba...,

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** ...—remato, señor presidente— pero que os alumnos estiveron asistindo á clase con toda normalidade.

Polo tanto, señor conselleiro, a pregunta ou as preguntas son evidentes: ¿van vostedes ampliar os protocolos incorporando a experiencia que xa poden aportar neste momento equipos directivos, pais e nais ou outras asociacións vinculadas ao mundo educativo? E ¿que problemas ten detectado vostede na aplicación dos distintos protocolos publicados desde principio de curso?

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Álvarez.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra o señor Lourenzo Sobral.

**O señor LOURENZO SOBRAL:** Presidente, señorías, conselleiro.

Eu reflexionaba estes días e un pouco no día de onte, durante a súa intervención —que tempo nos deu—, sobre unha situación que se dá a respecto de que é xusto nestes momentos de maiores dificultades históricas cando se adoita dar nas sociedades un paradoxo. É un paradoxo histórico de que é xusto nestes intreos —nestes momentos como o que estamos a padecer— pois que adoita saír o mellor dos valores dunha sociedade, o mellor dos valores da vocación, o mellor dos servizos, o mellor da solidariedade. Pero tristemente é tamén nestes momentos —pensamos nós— cando adoitan evidenciarse tamén aqueles aspectos máis negativos: o individualismo, as eivas, a falta de proxecto...

Eu creo que dalgún xeito o que vivimos en todo este tempo, e nomeadamente no inicio de curso, reflicte dalgunha maneira este debuxo que veño de facer. Porque, por unha banda



—e así nolo traslada a comunidade educativa—, atopamos —ou iso percibimos, por suposto— unha comunidade educativa que estivo na vangarda da loita contra a covid, que deu un exemplo de seriedade, de compromiso e de responsabilidade, pero que tristemente atopamos tamén unha Xunta de Galiza que cremos que non estivo á altura, unha Xunta de Galiza máis preocupada polos bandazos e pola propaganda. E creo, señor conselleiro, que a raíz da súa intervención de onte deberíamos reflexionar.

Reflexionar porque cremos que non atopamos nada de autocrítica, nada de escoitar. E créame que isto é fundamental, porque se de verdade tiveramos escoitado a comunidade educativa e non tiveramos unha actitude enchida de soberbia e marcada por esa éxtase electoral que non deixan de evidenciar un día tras outro, eu creo que outra sería a situación da comunidade educativa. Fíxese ata que punto que creo que, se así se tivese feito, nin sequera sería vostede, señor conselleiro, a persoa á que estaríamos interpelando no día de hoxe.

Polo tanto, eu creo que do que se trata neste momento é non tanto de establecer cales foron os erros, senón que creo que, chegados a estas alturas, o que se nos exige é que tratemos de chegar a puntos de encontro, a converxencias que nos permitan implementar as solucións necesarias pola comunidade educativa.

Eu creo que no día de onte dalgún xeito vostede evidenciou un principio de acordo —un avance, se vostede quere—, e é que houbo improvisación no principio de curso. E creo que o evidenciou porque boa parte do seu discurso estivo destinado a establecer unha sorte de enxeñería dialéctica para botar balóns fóra e cunha premisa que ao noso xuízo é absolutamente falsa e ademais que é doadamente desmontábel. E a premisa é a seguinte, que eu vou tratar —insisto— de chegar a algún acordo cunha simple pregunta, señor conselleiro: ¿establecía a OMS e o ministerio a día 22 de xuño unha distancia de 1 metro entre pupitres, ergo 1 metro e medio entre alumnos?, ¿si ou non? ¿É este un feito obxectivo?, ¿si ou non? ¿Coñecían vostedes estas medidas da OMS e as propias recomendacións do ministerio? Porque, se non as coñecían, mal; pero é que, se as coñecían e non as aplicaron, moito peor, porque eu creo que foron o detonante do caos sen precedentes que vivimos no principio de curso.

E, polo tanto, señor conselleiro, eu creo que aquí se produciu algo que deben responder. ¿Que foi o que lle impediu a esta consellería exercer as súas competencias para establecer as ratios que estaban recomendando tanto os organismos sanitarios e as distancias de seguridade que se estaban implementando, que se fixo noutras comunidades e que se fixo tamén na privada, porque era competencia estrita da consellería?

Pero dígolle máis: eu creo —e vostede sabe perfectamente— que na consellería se deu tamén este debate sobre a contratación de profesorado, sabe que o tiveron co anterior equipo cesado da consellería. ¿E cal foi a actitude do presidente da Xunta? Cesar de maneira fulminante as voces discordantes, recoñecendo, por unha banda, o caos e a improvisación que se viña producir no principio de curso e, pola outra, trazando tamén as liñas do que ía ser a actitude do Goberno galego neste curso que principiaba.

Pero, polo tanto, eu creo que tamén cómpre poñer enriba da mesa algunhas das dúbidas que son a cerna do protocolo e que eu creo que debemos tratar de chegar a aproximacións en



tanto en canto polo menos sexamos quen de falar daquilo que é obxectivo. ¿Están, señor conselleiro, os profesores do programa Arco contratados a media xornada?, ¿si ou non? Porque, se están contratados a media xornada —e vostede sabe que o están, e vostedes están dando esas cifras—, están duplicando o número de profesores, ¡si, claro que si!; se vostedes impoñen dous profesores a media xornada, é o equivalente a un profesor a xornada completa. Entón, polo tanto, a iso nos referimos cando están implementando datos con profesorado a media xornada. E moito máis: se le os informes da Secretaría Xeral Técnica do ministerio, sabe que ese profesorado do programa Arco ten un fondo específico e vai ser dificilmente computábel no Fondo Covid.

Pero se creo eu que hai un aspecto que merece unha especial atención, porque ten unhas consecuencias inmediatas, señor conselleiro, e debe ser resolto de maneira inmediata, é a cuestión da semipresencialidade. É que resulta abraiante, porque vostede nos negaba, por unha banda, a improvisación a respecto destas medidas, pero, inmediatamente despois, díciáanos que o día 9 de setembro implementan a semipresencialidade; temos alumnos de 2º de bacharelato con semipresencialidade, pero agora van volver cambiar e traman tratar de retirar esa semipresencialidade. Se iso non é improvisación, señor conselleiro, pois explíquenos vostede o que é improvisación. *(Aplausos.)*

Pero eu creo que hai algo que vostedes deben explicar, e non nolo deben de explicar a nós. Vostedes débenlles explicar ás alumnas e alumnos deses centros de bacharelato por que hai alumnas e alumnos que si poden estudar para selectividade, para a ABAU, en réxime de semipresencialidade e por que outras non. Vostedes teñen que explicar por que hai nenos e nenas que deron o mellor de si durante anos para acadar o mellor resultado nas probas da ABAU para poder acceder á carreira coa que soñan e non poden ter un ensino presencial e hai outros que mentres están no ensino privado si poden telos e mentres están noutras comunidades autónomas coas que si van competir para acceder a esas carreiras si van poder ter ese ensino presencial.

Enseño a distancia. Señor conselleiro —e creo que tamén é imperativo que cheguemos a algún tipo de conclusión, cando menos, xa non digo a acordo pero si a algunha conclusión a este respecto—, ¿temos a día de hoxe un protocolo, un procedemento mínimo que nos especifique con claridade cal vai ser o desenvolvemento das clases en educación a distancia? ¿Cales van ser os horarios, se van ter clases telemáticas, se van ter currículo, como se van desenvolver? ¿Ou imos deixar unha vez máis tirado o alumnado, como aconteceu nos últimos meses?

Plan de protocolo e necesidades educativas especiais. Señor conselleiro, é que, mire, fíxese que non se trata de facer aquel exercicio que fixo onte vostede con esa pregunta *ad hominem* preguntándome a min se eu estiven nun centro educativo ou non; creo que estaba fóra de lugar. Pero é que vostedes presentaron ese protocolo a día 23 de setembro, co curso escolar xa iniciado. ¿Que pasaba con eses alumnos que tiñan esas necesidades e non tiñan protocolo? ¿Tampouco isto foi improvisación, señor conselleiro? *(Aplausos.)* ¿Tampouco isto foron bandazos?

E un protocolo que eu creo que para moito profesorado debe ser de uso obrigatorio para estudar os valores da impersonalidade do *se*: farase, lavarase, limparase, desinfectarase... Pero



a pregunta é clara: ¿quen, señor conselleiro, se non dotan os centros de persoal para levar a adiante esas funcións? *(Aplausos.)*

Polo tanto, señor conselleiro, hai cuestións que eu non teño ningunha dúbida que van levar consigo moitas dificultades; dificultades de financiamento, que seguro que ante unha situación deste tipo ocasionan tensións económicas, claro que si, pero creo que merecen unha resposta por parte desta consellería, por parte deste goberno.

E remato. Eu escoitaba con atención, e ademais con moitísimo respecto intelectual, o señor Puy na súa primeira intervención neste pleno —agardo que non se me acolla ao artigo 76— cando falaba das teses de Max Weber para efecto da ética, da convicción e da ética da responsabilidade. Eu simplemente lle quero dicir á Consellería de Educación que colla ese guante, porque creo que son tempos de máxima responsabilidade. Nós coñecemos de sobra cales son as conviccións do Partido Popular a respecto do ensino e a respecto do ensino público en particular. E créame que estamos nas antípodas...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor LOURENZO SOBRAL:** ...—remato, presidente— desas conviccións. Pero tamén creo que son momentos nos que a comunidade educativa exige estar á altura, e estar á altura implica cando menos sermos capaces de recoñecer erros, chegar a acordos en cuestións que eu creo —ao meu xuízo— que son absolutamente obxectivas.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor LOURENZO SOBRAL:** E que debemos estar á altura da responsabilidade, porque a comunidade educativa nos precisa e porque debemos estalo porque a necesidade é máis imperiosa ca nunca.

Grazas e desculpe, señor presidente. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Lourenzo Sobral.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Ten a palabra o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, o señor Rodríguez González.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** Moi bos días, señor presidente, señorías.

Eu quixera comezar esta interpelación acumulada do Grupo Socialista e do Grupo do BNG pois agradecéndoos a boa disposición que tiveron no pleno pasado para poder atrasar a este pleno actual estas interpelacións por unha situación que todos coñecen e que, obviamente, me impediu acudir aquí persoalmente ao mesmo.



Dito isto, despois da moi longa e intensa comparecencia de onte, na cal creo que investimos moito tempo, un tempo produtivo para explicar e para clarificar claramente como ten sido e foi o inicio de curso, case podía comezar eu a miña intervención agora dicindo isto de «*decíamos ayer*», porque moitas das cuestións que hoxe falamos as dicíamos onte.

Eu creo que o máis importante é que, con independencia dos discursos practicamente apocalípticos que acaban de plantexar neste momento, pois houbo un inicio do curso cunha gran normalidade, afortunadamente cunha gran normalidade para o conxunto da comunidade educativa; obviamente, un inicio de curso que todos sabemos que aparece claramente condicionado neste caso pola situación sanitaria.

Onte mesmo dicíamos que houbo que tomar decisións moi rápidas, moi impactantes, que posibilitaron poñer en curso e poñer en funcionamento este curso dun xeito bastante ordenado e cunha enorme normalidade. Foi e segue sendo un reto de país, un reto no que todos estamos e debemos estar comprometidos, sen lugar a dúbidas.

Creo que o estamos facendo razoablemente ben. De feito, acabo de chegar da inauguración do curso de FP coa raíña Letizia e a propia ministra de Educación, que, obviamente, plantexaron un bo funcionamento do sistema educativo galego, do sistema educativo en xeral. E creo que onte viamos tamén os datos comparativos no parámetro de seguridade que temos no sistema educativo galego, que son francamente favorables e que son francamente positivos, e dos cales debemos estar orgullosos e debemos recoñecer ao conxunto da comunidade educativa este gran traballo.

A min gustaríame —igual que fixen onte— transmitir unha dobre mensaxe: unha mensaxe de tranquilidade —estean tranquilos, señores portavoces, que a cousa está indo ben— e tamén de confianza, de confianza no país e de confianza no sistema educativo; pero tamén unha mensaxe, importantísima, de responsabilidade e de compromiso.

Miren, temos escoitado hoxe mesmo falar de improvisación, de bandazos, de falta de previsión... Xa o dixen onte nesta Cámara, cando tiveren a oportunidade de voltar a esta responsabilidade hai un mes xusto: había un moi bo traballo feito. Houbo que seguir impulsando medidas e houbo que adaptar unha serie de medidas e cambiar unha serie de medidas. Galicia en ningún momento deixou de exercer as súas competencias, igual que tampouco o Estado; exerceu as súas. E non confundan o que é o respecto institucional e o que é o marco constitucional e estatutario, non o confundan cun suposto desleixo, nada máis lonxe da realidade.

Miren, dende Galicia fixéronse propostas fundamentais, que despois foron copiadas, por certo, polo conxunto do Estado. O uso da mascarilla obrigatoria para alumnos de máis de 6 anos. Isto fíxoo Galicia. Igual que outras medidas vencelladas coa ventilación foron aportadas por Galicia. E todas as decisións que se adoptan no ámbito da seguridade dentro da comunidade autónoma, primeiro, baséanse nas recomendacións de organizacións tan respectuosas e tan respectables como a Organización Mundial da Saúde e teñen o aval sanitario neste caso do comité clínico.





E claro, o razoamento do portavoz do Bloque Nacionalista Galego parte de que estamos nun mundo que comeza o 1 de setembro. Entón, vemos o mundo cun veo parcial interesado, que o imposibilita ver máis atrás, e, ao non ver máis atrás, obvia, dun xeito interesado, político e partidista, obviamente —e recoñezo que ten que ser así—, a clave de bóveda que supuxo toda a serie de cambios que houbo que implementar con posterioridade ao 27 de agosto.

Porque, señorías, fíxense vostedes como en primaria e infantil o traballo realizado dende a fin do curso académico e durante o verán polos centros educativos, polos directores, non tivo ningún problema. Funcionou, funcionou ben. ¡Home!, claro que tivo problemas, obviamente que tivo problemas. ¿Como non ía ter problemas? Negar que haxa problemas é unha obviedade, señor portavoz, pero fíxose cunha absoluta normalidade. Simplemente —claro— a partir do 27 de agosto, a inserción en toda a organización docente dese parámetro de 1,5 metros vén trastocar todo.

E o que vostedes din que é unha improvisación eu diría que é ao revés. É unha capacidade de adaptación e é unha capacidade de reacción ante unha situación que complicaba notablemente a organización docente dos centros de ensino en secundaria.

Claro, vostede fai aquí un exercicio, o portavoz do Bloque fainos aquí un exercicio de se medio metro é dende o centro da cadeira á esquina da mesa, etc., etc. ¡Home!, haberá que coller o metro e ir ás aulas a ver se dende o centro da silla á esquina da cadeira hai medio metro, haberá que facelo, pero a recomendación da Organización Mundial da Saúde é un metro, un metro, e aquí reforzouse coa mascarilla. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ben, o seu plantexamento entendemos que se basea nunha falsidade e de esconder voluntariamente e interesadamente obviamente un dato, e haberá que andar medindo, haberá que andar medindo, como vostede di, se hai ese medio metro dun lado a outro ou se a Organización Mundial da Saúde di outra cousa.

En todo caso, creo que a estas alturas ninguén dubida que existe, que existiu a finais de xuño un traballo importante da consellería. Ninguén nega nin pode negar que había un protocolo de principios de xullo, que trasladaba por certo os acordos da Conferencia Sectorial, e se fíxaba un metro con máscara. É que negalo é algo ben difícil de manter. E tamén é moi difícil negar ou non ter presente a reunión da Conferencia Sectorial do 27 de agosto que trastoca absolutamente todo o dito.

Falábanos o señor portavoz do Partido Socialista de que intentabamos trasladar toda a responsabilidade do inicio de curso en ESO, en secundaria, ao 27 de agosto. Nunha parte significativa si, absolutamente si, non cabe a menor dúbida. Cando falamos de semipresencialidade ou falamos de mamparas, se non houbera esa medida, que chegou a última hora, plantexada polo Ministerio de Educación, non habería necesidade de implementar esas medidas, e centros educativos que xa tiñan os horarios feitos non terían que trastocalos. E iso foi porque non sei se voluntaria ou involuntariamente non se topou tempo no Goberno de España a reunirse antes do 27 de agosto. Iso realmente é para facelo estudar. Con posterioridade a esta data, Galicia foi a primeira comunidade autónoma que trasladou ese protocolo aos centros educativos, a través da aprobación o 31 de agosto da translación dese protocolo do 27 aos centros educativos.



Diálogo. Onte fixemos un relatorio —non houbo eleccións outra vez— do intensísimo traballo que houbo de diálogo no último mes. E claro, señor Álvarez, vostede dinos, intenta dicir que o incremento do aporte económico para facer fronte á competencia da limpeza dos centros de primaria que están reclamando os concellos o debe pagar a Xunta, porque a Xunta é quen lles puxo esa responsabilidade, quen lles puxo esa nova tarefa. Díxoo aquí. Pero non é certo, quen a puxo foi o ministerio. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Quen plantexou as medidas hixiénico-sanitarias foi o ministerio. Co cal obviamente creo que ese dato cae por si só.

En todo caso, eu creo que deberían facer un pouco de autocrítica, señores portavoces, e pensar que moitos dos reproches que aquí fixeron, que lle fan ao Goberno autonómico, os debían dirixir ao Goberno central, apoiado por vostedes.

Miren, está clarísimo que aquí houbo lealdade institucional, que os ritmos das decisións viñeron marcadas polas conferencias sectoriais. Está claramente acreditado. E dá a sensación, como xa dixen antes, de que agardar a esa reunión do 27 de agosto para fixar os marcos do ensino en secundaria, bacharelato e formación profesional foi, cando menos, unha actitude —sendo suave— pouco responsable.

E tamén dicíamos onte: creo que as palabras do vicepresidente Iglesias foron claramente definitorias do que podemos facer. É certo que non estivemos cómodos na organización do curso; é certo que o cambio que houbo a finais de agosto trastocou o traballo de planificación e organización feito por suposto na Xunta de Galicia, pero na inmensa maioría dos institutos; é verdade que, pese a todo, aínda así fomos capaces de iniciar un curso dun xeito case non vou dicir normal, pero cunha enorme normalidade dentro da grande excepcionalidade e da necesidade de adaptarse á situación na cal vivimos.

Xa o dixemos e o dicimos todos —e diso agradezo que sexan conscientes—: o risco cero non existe, é obvio; por aquí pasan catrocentas mil, co universitario pasan practicamente medio millón de persoas todos os días, entran e saen nos centros educativos; hai que seguir vixilantes, hai que seguir atentos e non lanzar falsas alarmas.

Ben, cumpriu e cumpre coas súas competencias. Temos un protocolo xeral, que é un documento vivo, que traslada os mandatos neste caso do ámbito ministerial, educativo e sanitario.

Temos tamén dentro, deste protocolo, os plans de adaptación, os plans de continxencia. Fixemos dous protocolos específicos: o de comedores escolares, negociado, pactado cos colectivos, e o de necesidades educativas especiais, tamén pactadas cos colectivos. Creo que iso é algo fundamental. Seguimos traballando, seguimos traballando nestes protocolos, temos o asesoramento directo neste ámbito do comité educativo.

Estamos traballando por exemplo no ámbito dos recreos, e ninguén en España o ten regulado. Non debemos ser tan malos, ¿non? Se ninguén en España o ten regulado e somos nós os primeiros, tampouco seremos tan malos, pese a que vostedes intentarán dicir que non. Pois, efectivamente, parécenos razoable.



Pero iso tamén é consecuencia doutra cuestión que vén derivada do metro e medio, sobre todo nos centros educativos urbanos, con poucos espazos físicos, centros históricos, etc., onde a regulación e a organización interna cos desdobramentos complica os horarios e, dalgún xeito, leva a que sexa necesario e preciso ter espazos para ubicar os alumnos na época do recreo. Neses centros non se pode facer. Entón, hai que dar unha solución. Fomos os primeiros en facela, creo que tampouco está tan mal, tampouco somos tan desastre se somos os primeiros en facelo, igual que fomos os primeiros en facer o protocolo post-27 de agosto.

Creo que nese sentido se está facendo un traballo solvente, se está falando das actividades extraescolares. Moitos concellos do Partido Socialista e moitos concellos do Bloque Nacionalista se negan tallantemente a facelas. Aquí fálase moito de conciliación e néganse literalmente a facer actividades extraescolares. Nós imos poñer un protocolo, obviamente avalado no seu momento, avalado polas autoridades sanitarias, para que se poida facer se se desexa. Co cal, ¡home!, creo que tan mal non o debemos estar facendo. O fácil é dicir: *que no se haga*. Vale, aposten pola conciliación non facendo ningunha actividade extraescolar e non facilitando nin posibilitando nada neste ámbito. Igual que no ámbito da formación profesional ou no réxime especial.

En definitiva, o curso estase desenvolvendo cunha gran normalidade. Quero lanzar unha mensaxe de tranquilidade. Estase actuando con dilixencia e, señores da oposición, estamos reforzando —dixémolo onte— as dotacións e os equipamentos informáticos para o profesorado. ¿Onde ve que eu neguei que os profesores Proa son profesores Proa? En ningún sitio. É que é increíble que intenten retorcer un argumento para intentar reducir o impacto positivo...

**A señora PRESIDENTA (Prado Cores):** Ter que ir acabando, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** ...da acción de contratación de profesorado no sistema educativo.

Tamén imos traballar e estamos traballando no reforzo de limpeza e comedores, imos reforzar persoal de limpeza, persoal de comedores.

**A señora PRESIDENTA (Prado Cores):** Ten que acabar, conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** A seguinte semana imos tamén ter un documento que posibilite incorporar persoas no ámbito de coidadores e no ámbito de colaboradores, que saben vostedes que o decreto só plan-texa persoas...

**A señora PRESIDENTA (Prado Cores):** Ten que acabar, señor conselleiro, ten despois un turno, ¿vale?

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** ...—si, remato nun segundo— que teñan que ver cun grao directo.



E, en definitiva, creo que ao final se está traballando —a Administración educativa, os centros educativos e o profesorado— cun gran sentidiño e creo que facendo as cousas en xeral razoablemente ben. Porque é moi fácil criticar, pero onde gobernan vostedes, sexan concellos, deputacións ou sexan tamén comunidades autónomas, tamén tiñan que ir de vez en cando mirar para aí, mirarse ao espello e a partir de aí, como dicía este famoso anuncio de televisión, se encontran algo mellor, cómpreno. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Prado Cores):** Grazas, señor conselleiro.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Para a rolda de réplica, ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Grazas, señora presidenta.

Señor conselleiro, «*decíamos ayer*». Non sei eu se vostede estivo desde onte ata hoxe nalgún tipo de exilio confinado cumprindo algún tipo de sanción; de ser así, créame que o lamento.

Mire, vostede falou onte de que a necesaria adaptación dos protocolos pasaba pola necesidade do ensino presencial, pasaba por facer fronte á previsión de brotes, pasaba pola adaptabilidade e flexibilidade en función da evolución sanitaria, da coordinación co Ministerio de Educación e Formación Profesional e de Sanidade e da xeneralización de medidas sanitarias. E parécenos correcto, parécenos unha análise adecuada.

Tamén dixo onte que ían publicar novos protocolos, e acaba de facer referencia de novo a eles. Un, relativo aos recreos. Van ser a primeira comunidade autónoma que vai regular os recreos. E eu pregunto: ¿non hai neste momento recreos? ¿Teñen o alumnado castigado sen recreo?, porque estarán indo aos recreos (*Aplausos.*) e, polo tanto, están sen unha regulación específica que parece necesaria, porque vostedes deciden que van facer un protocolo, o primeiro do Estado, que seguramente servirá cal faro de Alexandría para darlle luz ao resto das comunidades autónomas.

Fala dun protocolo das actividades extraescolares, desliza de rondón que nos concellos onde goberna o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista non hai actividades extraescolares. ¡Oia!, ¿pode vostede garantir neste parlamento que nos concellos onde goberna o Partido Popular as hai? Se as hai, ¿como as están levando a cabo? Carecen de protocolo —supoño—. Se é necesario, volvo dicir: tamén están facendo algo de forma cando menos imprudente.

E fala vostede de que van facer un novo protocolo para o desenvolvemento das prácticas en formación profesional e ensinanzas de réxime especial. E eu preguntome —e redundo nas preguntas anteriores—: ¿é que non se están a facer prácticas neste momento en formación profesional?, porque, se é así, temos un problema grave.

Claro, ¿cal é o problema? O protocolo ese xeral, a versión 3 do protocolo, contén un escueto parágrafo relativo ás prácticas de formación profesional, e, polo tanto, si que parecería ne-



cesario terse adiantado a regular como se van facer esas prácticas, porque, como ben se di, é un contexto que debe ser necesariamente totalmente similar ao contorno laboral. Por tanto, se se están a facer, ao mellor tiñan que ter vostedes actuado antes.

Pero dixo vostede, dentro desa tendencia xeral, que fixemos discursos apocalípticos. Eu, francamente, con respecto ao meu —o señor Lourenzo despois falará con respecto ao que fixo el—, fixen un discurso propositivo. Fixen referencia —e vostede o sabe— á complexidade de organizar este curso escolar e fixen propostas. E fixen propostas que ao mellor non quedaron claras. Créame que lamento profundamente a miña baixa capacidade didáctica. Espero, polo ben dos meus exalumnos, que sexa algo sobrevido e que non a tivese sempre tan mala, pero creo que lle falei de dúas propostas claras: as recomendacións que vostedes poderían ter tomado en conta para regular as prácticas en formación profesional, e, señor conselleiro, creo que é obvio dicir que hai que mellorar esa coordinación entre a súa consellería e a Consellería de Sanidade.

Ese Educovid, ese programa, necesario —claro que si—, polo que se ve, está producindo algúns erros en funcionamento, porque, como lle dicía antes, se hai un centro no que teoricamente houbo unha unidade confinada e resulta que os alumnos estiveron asistindo a clase, é que algo non funcionou non regular, é que non funcionou nada; e, polo tanto, mal.

E a clave de bóveda por suposto que é a reunión do 27 de agosto, pero mire, non todo é un problema métrico, o problema xa foi antes, xa foi co protocolo inicial. Porque outras comunidades o fixeron e xa tiñan a organización pechada. E, polo tanto, se outras comunidades o fixeron, isto é o que desde o punto de vista do razoamento lóxico se chama un contraexemplo. É dicir, demóstrolle que o que di vostede é falso porque outros o fixeron. Por tanto, non cifre vostede a imposibilidade para levar a cabo o desenvolvemento dos protocolos nesa reunión e nese cambio de criterio.

Con respecto aos pagos aos concellos, as axudas adicionais —que xa sei que non se van facer, pero nós imos seguir demandándoas—, díxoo o señor Feijóo claramente onte nesa reunión coa Fegamp, pero di que é unha carga imposta polo Goberno central. ¡Caramba!, tamén imposto polo Goberno central o ensino en xeral, porque é normativa estatal o sistema educativo.

**A señora PRESIDENTA (Prado Cores):** Remate, por favor.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Remato, señora presidenta. *(Aplausos.)*

O asunto paréceme o suficientemente serio como para non facer demasiadas brincadeiras con el. E vostede dixo: non estivemos cómodos co inicio do curso. Señor conselleiro, ¿que pensa? ¿Que as nais, os pais e o profesorado estaban tumbados en hamacas? Non.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Prado Cores):** Grazas, señor Álvarez.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*



Polo Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra o señor Lourenzo Sobral.

**O señor LOURENZO SOBRAL:** Presidenta.

Señor conselleiro, claro, sorprendente, case unha delicia que vostede inicie a súa intervención citando a Fray Luis de León. Eu simplemente quero dicirlle que, en base a esa apocalipse que nós pregoamos, non faga, non nos conceda a mesma sorte ca a el e non nos envíe, cando menos metaforicamente, a Inquisición. Polo tanto, primeiro, queríamos dicir isto metaforicamente —insisto—. Por iso estabamos máis alá do Cantar de los Cantares que nos vén facer o señor conselleiro con ese panexírico da Consellería de Educación.

Eu quería salientar dúas cousiñas fundamentais.

Fala vostede de normalidade. Señor conselleiro, de verdade, é que, despois do que se viviu nos claustros neste inicio de curso, é que sobre a normalidade tería que baixar aos claustros e preguntárllela. Cando se lle están implementando dentro dos gastos de funcionamento do centro partidas que non son acordes a eses gastos; cando nos atopamos con que se dobran as ratios en educación infantil en determinados centros; cando temos centros que se enteran pola prensa de que teñen positivos nas súas aulas; cando están cesando unha directora, a pesar de que a competencia no transporte público é súa, porque deixaron un alumno no autobús; a pesar de todo iso, ¿vostede fala de normalidade? Señor conselleiro, será a súa normalidade da burbulla de San Caetano, pero asegúrolle que na comunidade educativa esa normalidade non a perciben coma vostede. *(Aplausos.)*

Continúo, señor conselleiro. Cando vostede fala das competencias, imos ver, é que, de verdade, teño a sensación de que non escoita e non responde a nin unha soa das preguntas. Imos ver, ¿ten a Consellería de Educación competencia para establecer as ratios nas aulas?, ¿si ou non? ¿Ten a Consellería de Educación competencia, e tívoa ao longo de todo este tempo, para buscar espazos alternativos?, por certo, como lle propuxeron asociacións de ANPA e llas trasladaron e non lles contestaron. ¿Teñen esa competencia?, ¿si ou non? ¿Teñen a competencia de adaptación para o profesorado do centro?, ¿si ou non?

E, polo tanto, vostede vén dicir que a Consellería de Educación pasaba por aquí e que todo empeza e remata nesa xuntanza co Goberno do Estado do 27 de agosto. Pero é que —insisto— poñen na miña boca outra vez a estratexia do home de palla cando dicía: non, é que todo empeza o 27 de agosto. Señor conselleiro, é que llo levo dicindo dous días: que o pecado orixinal do que vostede falaba é polas medidas que están o 22 de xuño, xu-ño. Recomendacións da OMS: un metro entre pupitres. E fálame de cinta métrica. A cinta métrica fíxolla sacar á comunidade educativa todo o verán cando lle estaban dicindo unha semana un metro, outra semana medio metro e outra semana un metro con mamparas. *(Aplausos.)*

Entón, polo tanto, señor conselleiro, aquí o que se require —e dígollo con toda a humildade, con toda a vontade de colaboración— é seriedade, é seriedade polo menos cando se fan determinadas afirmacións.

A OMS —sábeo perfectamente, está dicindo medias verdades— establece un metro de distancia entre pupitres. É que o repetín non sei, xa varias veces, e non me contestou nin unha



soa vez. Contésteme: ¿que puxeron vostedes no seu protocolo do 22 de xullo? Un metro de distancia entre o eixo das cadeiras. É que iso foi o que motivou o caos. E houbo comunidades que non o fixeron, houbo comunidades que estableceron un metro e medio de distancia entre pupitres e que, polo tanto, aforraron moitos dos problemas que tivemos enriba do curso.

E, despois, simplemente, unha cuestión para rematar. Vostede está dicindo que hai que facerlle reproches ao Goberno central. Concordo absolutamente con iso, porque hai xestións que son absolutamente mellorables e dignas de toda crítica. Pero o que non me vale é que vostede estea dicindo que, por unha banda, hai que facerlle reproches ao Goberno central e que, pola outra, os seus dez deputados do Partido Popular foran alí e votaran a favor dos criterios de repartición de fondos covid, que agora veñen dicir que é insuficiente. Se iso tampouco é caos e se iso tampouco é un bandazo, pois explíquenos, señor, conselleiro, que o é. *(Aplausos.)*

E remato. A respecto dos protocolos de actividades extraescolares, mire, as ANPA teñen un papel fundamental na vida académica dos centros. As ANPA estiveron artellando durante todo este tempo —e trasladándollas a vostedes— as propostas —sábeo vostede coma min—: comedores escolares, plans Madruga, e tamén tiveron a intención de levar adiante varias das actividades extraescolares. O problema co que se atopaban é que os seguros nos as cubrían en caso de pandemia. E ¿sabe cal foi a resposta do señor Pérez Ares cando lle estaban reclamando seguridade? Dicirlles que estaban politizando as súas demandas. Como é esa a actitude do Partido Popular, pois estas son as consecuencias que temos enriba da mesa.

Creo, señor conselleiro, que debe vostede reflexionar, que hai tempo, que hai moito que mellorar. Insisto: toda a nosa colaboración para aportar no que sexa necesario, pero créame: se non se recoñecen os erros tan evidentes que levamos a ter enriba da mesa e se non se recoñecen as demandas da comunidade educativa, mal camiño temos para o futuro deste curso escolar.

Moitas grazas, presidente. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Lourenzo Sobral.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Peche desta interpelación, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** Moitas grazas, señor presidente.

Falaban os portavoces que me precederon na palabra de recoñecer o traballo da comunidade educativa; por suposto que o recoñecemos, absolutamente. E recoñecemos que temos erros, absolutamente. E recoñecemos que foi difícil inaugurar o curso, absolutamente. Pero é que vostedes non recoñecen nada, vostedes teñen un veo ideolóxico diante dos seus ollos; en vez de ter a mascarilla tapando a faciana inferior, parece que a teñen na faciana superior. *(Aplausos.)* Porque dá a sensación de que no inicio de curso, onde houbo moita tensión e



moitas dificultades e moitos problemas nas semanas previas, derivado fundamentalmente do cambio do marco de xogo, unha vez que comezou —por iso adiamos en secundaria unha semana, para dar tempo—, o curso desenvolveuse cunha gran normalidade, e vostedes deberían recoñecer a gran normalidade, a gran profesionalidade e o grande esforzo que fixo o conxunto da comunidade educativa para adaptarse a un cambio de normas a partir do 27 de agosto.

Se non nos poñemos de acordo niso, vostedes falan de consecuencias, pero non falan de causas. Se non nos poñemos de acordo e non somos capaces de recoñecer cal é a causa de todas as problemáticas ás que tivemos que facerlles fronte, pois é moi difícil facerlle fronte dun xeito consensuado a esta situación.

Porque ao final isto é como o mito de Sísifo: vostedes collen a rocha e empezan a andar, queren subir ao monte e cando están chegando volven para atrás. Porque ao final o tempo lle quita as razóns, ao final o tempo dá e quita razóns. E está clarísimo que, despois dun momento duro, de incertezas, de traballo, de problemáticas en secundaria —non así en primaria, en infantil—, derivadas do que xa estamos creo que fartos de repetir neste hemiciclo, creo que a situación é clarísima.

Falan vostedes das consecuencias pero non falan das causas, porque nas causas ao mellor teñen vostedes algunha responsabilidade na clave de bóveda, na causa que xerou todas as dificultades que tivemos obxectivas para facelo a continuación. Miren, falabamos dunha serie de cuestións concretas, e non as banalicen, porque vostedes son expertos —recoñezoo: ten o seu mérito político— en coller a anécdota e facela causa xeral. Son capaces de cuestionar o impecable traballo sanitario que fan os nosos profesionais sanitarios, xunto cos profesionais covid dos centros educativos, e dicir, ¿non?, que, como nunha aula houbo un problema, está todo mal. ¡Oia!, unha cousa é a anécdota. Como dicir: non, é que nos recreos, ¿que fan os rapaces nos recreos? ¿Pero vostedes saben cal é o perfil dos centros educativos aos cales vai adicada esta medida? Non. Fan causa xeral da anécdota. E obviamente eu o que non podo permitir, como galego, como persoa e como responsable político, é que se questione o traballo no ámbito sanitario porque haxa un erro. Non se pode nin se debe plantexar e converter a anécdota en causa xeral.

Por certo, non o debemos estar facendo tan mal cando en comunidades autónomas en España e na media de España, comparativamente coa media galega, estamos en moi boa posición; dei onte os datos, non os vou repetir. Cos datos últimos que acaban de chegar hai moi pouco, nun exercicio de transparencia que moi poucos fan, podemos dicir que hai seis casos menos que onte. Creo que é importante. Hai dúas aulas pechadas menos que onte e non hai ningún centro pechado. E se comparamos con outras comunidades autónomas, o dato creo que é abraiante.

Igual que as prácticas de FP. ¡Oia!, é que non empezaron aínda as prácticas de FP; empezarán cando se remate a matrícula, que aínda non se rematou.

Creo, señorías, que hai que ser responsables e hai que ser moi solventes e sólidos nestas cuestións, porque non é un curso calquera, non é un curso onde poidamos facer política de xeito





habitual ou a que vostedes facían de xeito habitual. Teñen que ser conscientes do escenario no momento no cal estamos, e, por favor, por favor, sobre todo os do Bloque Nacionalista, miren máis alá de Piornedo, (*Murmurios.*) miren máis alá e vexan o que están facendo outras comunidades autónomas. Véxano, avalíeno e comparen —xa o dixen antes— e comparen.

Xa dei os datos medios comparativamente co resto de España, e creo que iso é unha situación que non ten moito sentido. E, claro, é obvio que temos principios relixiosos políticos —digamos, no sentido político da palabra— diferentes. E é bo —diciáo onte—, é moi bo, pero, ¡joia!, que vostede profunde absolutamente no protocolo de xullo, que posteriormente houbo que modificar en agosto, e precisamente esa modificación é a que dá lugar a todos os cambios que houbo no sistema de secundaria, bacharelato e FP, pois quere dicir que temos revelacións diferentes. Temos profetas diferentes e temos formas de ver o mundo absolutamente diferentes, o cal, como xa digo, non é bo.

E falamos dos ratios, falamos sempre dos ratios, e creo que Galicia ten que estar orgullosa dos seus ratios educativos, a relación profesor/alumno. Somos das comunidades autónomas que temos o mellor ratio de España, o mellor, xunto con Navarra e Asturias. Despois do proceso de reforzo do profesorado, a ratio é en Galicia de 9,3 profesor/alumno, das mellores de España (*Murmurios.*), ¡das mellores de España! Si, si, no conxunto das comunidades autónomas hai rural e urbano. (*Murmurios.*) Si, si, eses datos a vostedes nunca lles valen, porque non os benefician, pero o dato real é que Galicia ten dos mellores ratios profesor/alumno de España, que é un 9,2.

E claro, todo se pode discutir e todo se pode obxectivar. Decía antes: imos reforzar a limpeza dos comedores, imos reforzar o servizo de comedor e a limpeza dos centros educativos, imos posibilitar nos comedores en que prestan servizo as ANPA ou os concellos que se incorporen coidadores, porque nunca fixo falta e non se puido facer antes. Pero ¿por que? Porque ninguén contaba, ANPA ou concellos, que as persoas que habitualmente se apuntaban para facer esta actividade deixaran de facelo. E iso sóubose hai cinco días ou hai sete días.

Claro, ¡home!, podemos ser bos xestores —que o somos— e podemos defender Galicia mellor que ninguén —que o facemos—, pero non nos pidan vostedes que sexamos adiviños, porque non queremos que nos pase como a aquel adiviño que pensaba que todo se ía acabar e ao final non se acaba.

E estean vostedes seguros de que o sistema educativo en Galicia está funcionando, vai funcionar e seguirá funcionando, e aquí está este goberno coa man tendida a todos os axentes educativos do país para poder seguir traballando a favor do noso ensino.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)



**Interpelación de D<sup>a</sup> Noa Susana Díaz Varela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en materia de reactivación do sector cultural fronte aos efectos da covid-19**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Díaz Varela.

**A señora DÍAZ VARELA:** Grazas, señor presidente.

Bo día de novo.

Eu quería comezar a miña intervención —non podería ser doutra maneira— parabenizando o equipo da película galega «*O que arde*», que onte soubemos que a Academia de Cine a preseleccionaba para ser unha das candidatas aos Óscar e o 3 de novembro saberemos se é así ou non. (*Aplausos.*) Creo que hai que darlle os parabéns, e sobre todo hai que darlle os parabéns porque é unha película galega, pero ademais é unha película feita por equipo galego na súa maior parte e é unha película rodada en Galicia e, ademais —o que é máis importante—, é unha película rodada na nosa lingua, en galego. O cal quere dicir que xa o feito de estar preseleccionada para nós supón —e é algo que tamén quero facer meu, se mo permite o equipo da película— que dende logo todos os galegos e as galegas hoxe podemos estar orgullosos porque suporá e supón poñer a nosa lingua no lugar que merece. (*Aplausos.*)

Dito isto, vou xa coa miña interpelación. Con cifras do ano pasado, de 2019, o sector cultural galego achegaba ao PIB ao redor do 2,5 % e tiña unhas cifras de emprego de preto de trinta e cinco mil persoas —non chega pero estaba moi cerca—. Así que nos últimos anos viña presentando —é certo— índices de crecemento verdadeiramente óptimos.

E isto é así, pero enténdase: chegamos a estas cifras cun esforzo inxente por parte do sector, porque este sector precisamente viu diminuído ao longo de todos estes anos o orzamento dedicado a cultura por parte da Xunta de Galicia, que diminuíu, como digo, en máis da metade na última década.

Pero chega a pandemia, e coa pandemia trúncase este escenario optimista, que afecta de maneira moi especial toda esta industria e que ademais a sume nunha parálise case total.

Nesta situación, profesionais de todos os ámbitos da cultura en Galicia trasladaron e trasladan —e trasladan— a súa inqueda diante dun futuro incerto, que pode supor a desaparición de moitas empresas, ademais dunha perda significativa dos empregos.

Ben, diante desta situación, o Consello da Xunta de Galicia aproba o día 30 de abril un plan de reactivación do sector cultural e turístico fronte aos efectos derivados da covid-19, da antiga Consellería de Cultura e Turismo, e que dos 27 millóns de orzamento total pois dedica ao sector cultural cerca de 10 —ben, un pouco máis de 10, perdón—.

Este plan, ademais, inclúe un estudo económico; por certo, gustárame saber —porque no plan dise que aínda está en elaboración— se xa está rematado este estudo económico, que realizan expertos das universidades de Santiago e de Vigo, que estima, nun escenario optimista —e, por favor, nun escenario optimista, teñan en conta este dato—, un impacto negativo da



crise da covid no sector da cultura de entre cen e cento vinte millóns de euros e unha perda de entre dous mil e cinco mil empregos. Pero é que, se imos ao escenario pesimista, fálase dunha perda de once mil empregos, quere dicir, a terceira parte dos empregos deste sector.

Diante destes números, que sen dúbida apuntan á necesidade de medidas contundentes de apoio, agardábase un plan que contemplase medidas concretas e anovadoras, sobre todo anovadoras, que de verdade supuxese un balón de oxíxeno para este sector, que foi ademais dos máis prexudicados, como todos sabemos, pola crise xerada pola pandemia e que ademais precisamente nestes momentos de crise se mostrou como un servizo esencial. Porque ¿que fixemos todos e todas no momento do confinamento, que fixemos? Consumir cultura, ¿verdade? Todos consumimos cultura. Foi o que fixemos nese confinamento.

O sector cultural estivo aí dende o primeiro momento, ofrecendo os seus produtos, os seus proxectos, sen solicitar prestación a cambio, consciente de que que o acceso á cultura debería ser garantido, porque a cultura —e así o pensa este grupo— debería estar recoñecida como un ben protexido, un ben que precisa de protección pública cando está en perigo —como é o caso—, pero tamén cando non o está.

A pesar de recoñecer —e recoñecémolo— a dificultade de dar unha resposta urxente ás necesidades dun sector tan diverso, este documento que se presentaba mostrouse a todas luces insuficiente. Das cincuenta medidas recollidas, só vinte eran novas, e en realidade tampouco eran novas, eran máis ben unha reformulación moi semellante ao que xa existía. Ademais, o plan pivota en modo importante arredor do Xacobeo 2020-2021, para nós dende logo unha estratexia equivocada.

Por outra banda —e non é pouco importante—, afirmouse que o plan fora non digo consensuado, pero dende logo si elaborado xunto co sector, e nada máis lonxe da realidade. Boa parte do tecido cultural galego dinos o seguinte: na súa presentación pública manifestouse contrario a este documento, que tildaban de baleiro de contido concreto, e ademais dicía que carecía dunha estratexia —coincidimos— a medio e longo prazo que asegure a pervivencia dos empregos e das iniciativas, e ademais —tamén repetían— que non fora consultado este plan con eles.

Artistas, xestores culturais, profesionais da ilustración, xentes do mundo da danza, do cinema, da música tradicional, das artes escénicas, do sector audiovisual, do editorial, dos festivais, das asociacións e cooperativas culturais, todos clamaban o mesmo.

Recentemente, na Comisión 4ª, o secretario xeral de Cultura, a unha pregunta moi semellante a esta, declaraba que non era certo, que non fora consensuado, obviamente, pero que dende logo si fora traballado co sector, e para iso dicía que fora a sesenta e unha reunións, con douscentos trinta axentes. Claro, a cuestión é que onte o deputado Borja Vereja, falando dunha PNL que se discutía aquí por proposta do Partido Socialista e falando do sector turístico, falou tamén deses douscentos trinta axentes. Entón, ¿que pasa? ¿Reuníronse cos douscentos trinta axentes? ¿Todos eran do mundo da cultura? ¿Parte deses douscentos axentes eran do sector turístico? ¿Que pasa con esa terceira parte do plan do Xacobeo? ¿Cantos pertencían a esa parte dese plan, a ese sector? Entón, non nos enganen, non foi nin consensuado nin elaborado con parte do sector, porque así o din eles mesmos.



E, ademais, fronte ás críticas posteriores ao webinar que se fixo de presentación do plan o 7 de maio —que moitas persoas deste sector o que pensaban é que ía ser unha xornada un pouco máis participativa, que non foi así—, a consellería manifestou alí que estaría aberta a novas propostas. Nós queremos saber se houbo propostas novas por parte dese sector e, de habelas, cales foron e con que orzamento, porque o documento presentado parece que non sufriu demasiados cambios con respecto ao 30 de maio.

Non parece lóxico tampouco que, se este era un plan pensado para un momento de pandemia —se o podemos chamar así—, unha vez que este verán se foron determinando medidas restritivas por sectores ou por zonas xeográficas por mor do recruamento da pandemia, unicamente a solución pasase —como pasou— por buscar datas mellores ás cancelacións. Un exemplo disto é a cancelación ou adiamento —non sabemos— dos programas deste verán de Música ao vivo en toda Galicia, que precisamente buscaban estimular a recuperación de actividades dos profesionais de Música ao vivo e das salas galegas de concertos fronte aos efectos da crise, é máis, cando todas estas salas de concertos estaban cumprindo coas medidas de prevención, seguridade e hixiene ás que obriga esta nova situación.

Non se pode equiparar cultura e ocio, non son o mesmo; de verdade: non son o mesmo.

A este respecto, nós observamos como repiten ata a saciedade aquilo de: a cultura é segura, pero non parece que lle dean demasiado crédito a esta sentenza. Nós si, nós pensamos que a cultura é segura, pero, ademais, é necesaria.

Na súa intervención, como dicía tamén, na Comisión 4ª hai uns días o secretario xeral de Cultura, Anxo Lorenzo, explicaba que está en fase de redacción unha campaña de sensibilización para fomentar o consumo da cultura, á que se dedicará practicamente o 20 % do orzamento do plan. ¿De verdade, en fase de redacción, sete meses despois de que comezase a pandemia? Non sei. Desculpe se lle digo que este atraso é unha mostra máis da falta de proxecto e mesmo da falta de interese, e, ademais, tendo en conta que Galicia está á cola en consumo de cultura por fogares, só superados por Canarias, Ceuta, Melilla e Estremadura, segundo datos do ministerio, do ano pasado ademais.

En fin, diante desta situación e a menos de tres meses de que remate a vixencia deste plan —porque este plan remata o 31 de decembro—, o Grupo Socialista ten realmente moitas dúbidas acerca da súa eficacia. E aínda que sabemos que as valoracións deben facerse xusto ao final, tendo en conta a situación dramática pola que atravesa este sector, gustaríanos saber se dispoñen xa dalgún dato ou algunha avaliación da súa recuperación nun momento no que parece que xa se implementou o 80 % do plan.

Por outra banda, preocúpanos moito o que parece ser a visión deste goberno sobre a cultura, que parece que vén ser un compendio de espectáculos e actividades para o público que semella un abandono da cultura cara á espectacularización, porque non sei se vostedes prevén algún outro enfoque estratéxico de recuperación do sector cultural que non estea vinculado ao Plan Xacobeo.

Por certo, ¿vai xogar a CRTVG algún outro papel neste plan de reactivación cultural que non sexa a emisión de contidos musicais durante o Ano Xacobeo? (*Aplausos.*), porque é a única alusión que se fai nese plan á CRTVG.



En fin, demasiadas dúbidas sobre a situación dun sector que, con moita impotencia, vai vendo como esmorece aos poucos. Nós a ver se agardamos que hoxe aquí o conselleiro dea resposta a algunha destas preguntas e nos saque de tantas dúbidas.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Díaz Varela.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** Moitas grazas, señor presidente.

Sumámonos ao recoñecemento á película «*O que arde*», unha película financiada, como vos- tede sabe, pola Xunta de Galicia, e agardemos que teña un percorrido moi positivo, porque creo que esta película fala do mellor que temos en Galicia, sen dúbida ningunha. *(Murmurios.)*

Tamén agradezo, señora portavoz, que comezara a súa intervención dicindo que a cultura ía na boa liña. Iso é unha novidade argumental que agradecemos moito e que a teremos sempre en consideración.

Certo é que vivimos un momento excepcional —eu creo que ninguén o dubida—, que nos pillou a todos por sorpresa. E, claro, obviamente, as administracións tivemos que esforzarnos para reducir, limitar os efectos prexudiciais que tivo esta situación en todos os ámbitos da vida, obviamente tamén no ámbito da cultura.

Dende o Goberno da Xunta, dende o Goberno de Galicia, fomos conscientes, dende o primeiro momento, de que era necesario actuar no ámbito da cultura —dende o primeiro momento— e puxémonos a traballar creando e deseñando este plan, cunha serie de premisas, cunha serie de obxectivos.

Primeiro, salvar o emprego cultural —moi importante—, trinta mil persoas aproximadamente. ¿Como? Incentivando o consumo e apoiando as actividades das empresas e dos profesionais do mundo da cultura.

Segundo, deseñar, innovar no ámbito dos formatos. É obvio que había que facer as cousas dun xeito diferente. Deseñamos novos formatos —algúns citounos aquí vostede—. ¿Para que? Para continuar coa actividade cultural nun contexto de seguridade sanitaria, facer as cousas de diferente xeito. Innovamos e deseñamos novos formatos.

E, terceiro, mantemento fundamental, mantemento das estruturas empresariais e laborais no ámbito cultural para manter e posibilitar a oferta cultural. Actuamos na oferta e na demanda no mundo da cultura. E creo que iso foi e está sendo fundamental, porque, señoría, Galicia foi a primeira comunidade autónoma de España que tivo un plan de reactivación dos



sectores naquel caso cultural e turístico, porque así era a consellería; por certo, moito antes, con moita máis anticipación e previsión e preocupación que o Goberno de España.

Este plan foi a Consello da Xunta o 30 de abril, debateuse nesta cámara o 13 de maio, foi ampliado con máis fondos económicos e aprobouse a modificación o 5 de xullo do ano 2020, dentro do Plan de reactivación e dinamización da economía de Galicia. Este plan, señorías, non son só 10 millóns que dicía vostede no ámbito cultural, son 26,4; non son 10 —que dicía vostede—, son 26,4.

Aquí inclúense, por suposto, algunhas medidas que se desenvolverán no marco do Xacobeo no ano 2021, por suposto, porque a cultura ten un papel fundamental no Xacobeo; negalo pois é negar a esencia mesma do Xacobeo. Son accións culturais que van ser desenvoltas polos axentes culturais galegos e que van favorecer o traballo dos profesionais e das industria da cultura de Galicia. Falamos de vinte e dúas grandes medidas de carácter cultural, dez delas que se van desenvolver no ámbito do Xacobeo.

E mire, como xa dixemos nesta cámara en diferentes iniciativas —na propia interpelación vostede acaba de sinalar a Comisión 4<sup>a</sup>—, este plan foi produto dun constante diálogo dos responsables da política cultural da Xunta cos axentes culturais de Galicia; sen dúbida, están aí as hemerotecas. Os datos son os seguintes: sesenta e cinco xuntanzas, reunímonos con douscentos trinta axentes e tivemos cento setenta propostas —moitas orais, moitas escritas—. Incorporamos a este plan o 71 % das mesmas; obviamente, non chegamos a todas partes; é certo, que nos fixeron cento setenta propostas, incorporamos o 71 %, pero non as demos incorporado todas. Agora, dicir que non houbo consultas, que non houbo diálogo, que non houbo participación, que non houbo posicionamento estando ao lado dos sectores culturais é simplemente unha mentira. Iso fíxoo o ministerio, como vostedes saben perfectamente.

Pero mire, xa pasou tempo desde que aprobou o plan. Foi un tempo complicado, con moitos desafíos, con moitas complicacións. Hoxe podemos facer xa un balance, un pequeno balance: o 80 % das medidas están executadas ou en execución, mobilizáronse arredor deste plan vinte millóns de euros. E fíxese o dato que recompilamos: en base a este plan desenvóléronse e estanse desenvolvendo arredor de catro mil quiñentas accións concretas, que son financiadas ao amparo deste plan. Con isto ¿que quixemos? Manter, estimular, incentivar, apoiar, desenvolver a actividade cultural en Galicia.

E —non está ben que o diga— fomos case un oasis dentro do conxunto de España no tocante á promoción e ao apoio aos sectores culturais. E como creo que aquí é necesario explicar o evidente, ir con números e datos, vouno intentar facer, para meter o dedo na chaga, para que me crean, porque creo que, se non, non me van crer.

Mire, datos concretos. Agadic financiou 1.163 actividades en redes e programas, 353 funcións escénicas, 50 actuacións no programa Galicia emerxe —un formato absolutamente innovador—, 22 festivais de teatro e audiovisual, 12 festivais de música dentro de Fest Galicia, 353 proxectos do fondo de proxectos culturais, 415 funcións do programa Cultura no Camiño —que multiplicou o seu orzamento—, máis de 700 actividades de dinamización da



lectura en hemerotecas públicas, 192 axudas no mundo do sector do libro, 40 axudas á creación no ámbito artístico, 20 axudas para galerías de arte, 50 axudas dentro do plan para concellos e equipamentos culturais, actividades formativas no ámbito cultural para máis de 680 persoas, 43 actuacións en rehabilitación do patrimonio—10 en redacción, 11 en licitación, 23 en execución—. É dicir, hai un longo etcétera de actividades ata chegar ás 4.500 que foron financiadas ou son financiadas e desenvoltas ao amparo deste plan.

Díxeno moi rápido, pero creo que hai un apoio moi forte deste goberno á cultura. ¿Que nos gustaría máis? Por suposto que nos gustaría máis. ¿E que nos gustaría estar acompañados polas deputacións, polos concellos, polo Goberno do Estado? Por suposto que tamén. Pero nós puxemos como premisa que a cultura continúe, e fixémoslo cunha postura valente. O fácil era pechar, algunhas administracións pecharon: *aquí no se hace nada* na cultura, na cultura popular ou na cultura de máis alto nivel; e estiveron meses e meses e meses sen facer nada. Non as culpo. Moitas administracións —non a Xunta— optaron por paralizar, prohibir de xeito radical a actividade cultural; era o fácil; moitos concellos socialistas, por exemplo.

E vostede falou aquí dun programa, do Música ao vivo, como se tiveramos nós a culpa de que non se puidese facer. Vostede saberá que ese programa é financiado pola Xunta de Galicia por 500.000 euros. Eu mesmo fun á presentación deste programa, neste caso nunha sala de concertos, eu mesmo; ao día seguinte as autoridades sanitarias decretaron que non se podía facer; obviamente, hai que seguir nesta situación os mandatos sanitarios. Pero ese programa que vostede plantexa aquí como un programa positivo presenteino eu persoalmente dous días antes de que, por desgraza, houbese que tomar as decisións que se tomaron.

E, por suposto, comparto con vostede —si que o comparto— que a cultura e o ocio son cousas diferentes. A cultura é unha cousa moi seria, tremendamente seria, que posibilita dar traballo a moitísimas persoas. E creo que temos que estar orgullosos todos do traballo que fixo a cultura no verán, demostrando que se pode facer cultura, participar na cultura, consumir cultura dun xeito seguro. E fíxose, pero para iso houbo que traballar antes, houbo que deseñar uns marcos, houbo que deseñar uns protocolos, houbo que facer novos sistemas de proxección, houbo que facer novos sistemas de produción, houbo que facer as cousas dun xeito diferente. E fixémoslo. E creo que o mundo da cultura se comportou dun xeito absolutamente exemplar.

Por exemplo, a primeira Feira do Libro de España foi aquí en Compostela, fixémosla a Xunta de Galicia coa Federación de Libreiros e tamén o Concello. Podemos dicir moitísimos exemplos onde fomos pioneiros en desenvolver e activar actividades culturais mediante novos formatos e mediante a innovación. Fixemos as liñas de apoio absolutamente innovadoras, por exemplo, para as salas de cine, tamén accións para as librerías. E o propio programa Galicia emerxe creo que vai ser unha magnífica idea que ten que seguir despois de que superemos a pandemia. Ou algunhas accións, como, por exemplo, vimos de presentar a exposición «Galicia, de Nós a nós».

En todo caso, a situación non lle gusta a ninguén, nin aos axentes culturais, nin aos programadores, nin aos produtores. Agora, estamos seguros de que este plan de reactivación foi unha axuda tremendamente importante, un gran respiro para moitísimos axentes do



mundo cultural. E, obviamente, o que si facemos é botar de menos que este esforzo e este compromiso da Xunta de Galicia...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** ...non fose igual noutras administracións, que tiveron que andar tarde, mal e a rastro intentando poñer parches que ao final foron parches tremendamente cativos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Réplica, señora Díaz.

**A señora DÍAZ VARELA:** Grazas, señor presidente.

De verdade, son nova neste parlamento pero creo que non vou ter tempo para responder a todo o que me gustaría e tampouco quero saír do guión. Si quero deixar constancia dalgunha cuestión que aquí tratou o señor conselleiro.

Cando apuntaba eses datos positivos do sector —e non sei se escoitou— tamén dicía que non se debe precisamente ao apoio da Xunta de Galicia, que —xa se sabe— minorou en moita medida os orzamentos que ata o de agora, ata a época do Bipartito, se dedicaban á cultura, como xa dixeran.

Ademais, de nada serve que saquen peito con que foron os primeiros, a primeira comunidade autónoma, que sacaron en toda España un plan de reactivación cultural, porque eu pediríalle que ao mellor o que facía falta era non ser os primeiros, quizais os terceiros, pero sacar un plan que realmente contentase todo o sector. Entón, xa está ben de sacar peito por ser os primeiros; os primeiros si, pero para facer un documento realmente moi mellorable.

En terceiro lugar, segue falando dos douscentos trinta axentes, e eu quero preguntarlle: douscentos trinta axentes para un plan que ten tres patas: o sector cultural, o sector turístico e o sector do Xacobeo, o Xacobeo como ente. Entón, ¿quen pertence a cada un dos sectores?, porque non sei se as reunións, esas sesenta e cinco reunións —o outro día o secretario xeral de Cultura falaba de sesenta e unha, é igual—, eran con douscentos trinta axentes. Digo eu que en épocas de pandemia non se podía reunir con tanta xente.

E, xa por último, falar de que falan de que teñen neste momento catro mil accións concretas que se están desenvolvendo. Pois moitas delas, como agora explicarei, estanse desenvolvendo, xa se estarían tamén desenvolvendo, porque o que se fixo foi reprogramar todo o que tiña que ser programado e metelo no paraugas deste marabilloso plan.





Entón, á vista da resposta, dende logo nós seguimos pensando que este plan, como digo, foi un intento de reprogramación de alcance insuficiente e carente de medidas de calado, peca de insuficiencia de músculo financeiro, queda moi curto en relación coa magnitude do reto que existía. Como dicíamos, de nada serve un plan de reactivación se a situación de partida era xa de mínimos, de nada serve. O seu título —e aí si que estaríamos todos de acordo— podía ser: plan de reprogramación. Aí estaríamos todos de acordo e probablemente esta deputada non estaría hoxe aquí interpelando.

Porque ¿contémplase neste plan o escenario futuro da cultura do noso país unha vez que chegue o 31 de decembro? ¿Contémplase neste plan? Non, ¿verdade? Este plan tampouco aproveita esta crise para un cambio de paradigma no modelo, no modelo cultural do noso país. É aí onde debería incidir un plan destas características, e eu sei que isto obedecería a unha mellor reflexión. E por iso digo que probablemente o máis adecuado fose que ao mellor non fose o primeiro —fose o quinto, é igual—, pero debería obedecer a unha profunda reflexión.

Non se trata de reprogramar ou abrir novas liñas de actuación, senón de aproveitar esta crise para sentar e comezar a preparar o modelo cultural que rexerá en Galicia a medio prazo, xa non digo a longo, a medio prazo; que sente as bases do seu tecido cultural, da industria, da creación; que explore novos modelos sostibles; que fale da autonomía dos espazos culturais; que fale da posta en valor da cultura de base, da democratización das institucións —tamén das institucións culturais—, da estabilidade orzamentaria para as entidades que son os garantes da nosa cultura, da loita contra a precarización do emprego —non é un tema menor—, do forte impulso á creación; que fale de todas esas cousas.

Por todo isto, nós, con carácter xeral e inmediato, cremos que era posible duplicar os fondos deste plan, era posible e era necesario facelo, aplicando recursos novos en vez de limitarse na súa maior parte a reaxustar as partidas que xa existían.

Pero ben, dende logo, xa pensando no futuro, pensando no futuro que si agardamos e que se realmente a cultura para este goberno autonómico é tan importante, nos novos orzamentos, nos próximos orzamentos, realmente o que pensamos é que ten que haber un incremento co obxecto de poder achegarnos ao 1 % do total do gasto público, tal e como recomenda unha institución para nada sospeitosa como é o Consello da Cultura Galega.

Cremos tamén necesaria unha mesa de diálogo permanente cos axentes principais da cultura para elaborar plans sectoriais a medio e longo prazo. Só planificando así, con todas e todos eles, sairemos desta situación.

Pedímoslle, ademais, de verdade, que reflexione acerca do Xacobeo. Sen restarlle importancia a este evento, que, ademais, vai ter lugar varias veces na próxima década, non pode ser este o eixo sobre o que pivote a política cultural da Xunta de Galicia. Por suposto que hai que aproveitar as potencialidades de proxección que ten, pero a cultura é máis que un conxunto de actividades agrupadas ao redor dun ano ou dun evento en concreto. As políticas culturais, como poden ser as de igualdade, deberían ser transversais a toda a acción política e continuas no tempo, deberían situarse entre as novas prioridades da axenda política de Galicia, porque son elas, esas políticas, as maiores fortalecedoras da nosa identidade como pobo.



Señor conselleiro, a situación do sector é dramática, como así se está a denunciar aínda agora. É obriga dos poderes públicos darlle solución e iso pasa por elaborar un plan moito máis sectorializado que dea solucións a medio e longo prazo e que non sirva só como parche para esta pandemia.

E remato xa. Como dicíamos, fai falla unha reflexión profunda acerca do modelo cultural que este país precisa, e este plan é mostra diso, desa carencia. Falta ao noso entender unha visión estratéxica da cultura froito dun diálogo continuado con todo, con todo o sector cultural.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Díaz.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Peche da interpelación, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** Moitas grazas, presidente.

Señorías, eu entendo e acepto todas as críticas, obviamente non podemos estar de acordo en todo e non se dá chegado a todas partes. Sempre podemos mellorar o noso traballo, tamén o traballo da oposición pode mellorar, ¡eh!, e moito. *(Murmurios.)* E hai que escoitar a todo o mundo. Pero, señora portavoz, sendo vostede do Partido Socialista, tendo un ministro de Cultura socialista, hai que ter moita coraxe e moita ousadía para dicir aquí en sede parlamentaria o que vostede dixo, e, sobre todo, para vir criticar tan duramente o plan de reactivación cultural da Xunta de Galicia despois do que fixo o Goberno do Estado, despois do que fixo un ministro socialista.

Mire, nós presentamos o noso plan. Fomos os primeiros de España. Creo que é importante ser os primeiros de España. Vostedes fixeron no ámbito ministerial, o máis importante sen dúbida, onde se concentra unha parte fundamental do custo e do gasto público en cultura —non o esquezan—, un plan a remolque, foron obrigados, todo o mundo da cultura lles fixo un parón cultural ás políticas culturais socialistas. Eu mesmo tiven ocasión de enviarlle varias cartas ao ministro de Cultura, do Partido Socialista, trasladándolle peticións de ámbito competencial estatal que así mesmo me tiñan trasladado a min os axentes culturais de Galicia. Nin a resposta, nin me responderon.

Non quererá que lle poña encima da mesa os grandes titulares que xerou a política socialista en materia de cultura en España, non o quererá, pero a cultura é moi seria; da cultura viven trinta mil persoas en Galicia, aproximadamente.

E hai que ser tamén un pouco ousado para facer ou plantexar e pedir máis apoio económico e defender unha política cultural comparativamente coa galega cando o Goberno do Estado fixo o que fixo. Voulle dar un dato comparativo, porque vostede falaba de insuficiencia eco-



nómica e falaba de músculo financeiro. O plan do Goberno socialista, do señor ministro, plantexa para toda España 56 millóns de euros; Galicia plantexa 26. Toda España, política cultural socialista do Goberno do Estado, 56 millóns; Galicia, 26.

Se facemos unha comparativa de ratios por persoa, a política cultural do Goberno de España puxo 1,2 euros por habitante, tendo unha porcentaxe altísima do gasto público en materia cultural; a Xunta puxo case 10 —9,7—. Aínda así —digo o da ousadía e o da valentía—, aínda así, plantéxasenos que non hai apoio ou é insuficiente o apoio á cultura. Eu, se fora un axente cultural, vería o que fai o meu goberno por min, o meu goberno xeral por min, e daríame conta de que comparar 1,2 euros contra 9,7 pois realmente —insisto— hai que ter moita, moita, moita ousadía para facelo. *(Aplausos.)*

Como xa dixen, nós fixemos un investimento neste plan de 26,4 millóns de euros. Financiamos, directamente ou en colaboración con outros axentes públicos e privados, practicamente catro mil quiñentas actividades. Imaxine vostede o que sería o verán en Galicia se non houbera un apoio directo tan claro a catro mil quiñentas actividades por parte da Xunta de Galicia. Fixémolo, e volveríámolo facer, e non faría falta que nos obrigasen, fixémoslo voluntariamente. ¿Por que? Porque entendemos que viven moitísimas persoas do mundo cultural e que é necesario estimular o consumo e a demanda cultural. Insisto: o fácil sería pechar.

Agora, o responsable, como fixemos aquí, como fixemos en Galicia, foi deseñar, innovar, crear novos formatos e plantexar formas diferentes de facer as cousas. ¿Por que? Porque a cultura, ademais dun dereito básico fundamental para as persoas —que podemos compartir as percepcións, etc.—, é un factor que sustenta miles de familias en Galicia. Arredor de trinta mil persoas teñen o seu sustento económico na cultura. A partir de aí —insisto— comparen vostedes a política cultural do Goberno de España coa política cultural da Xunta de Galicia ou tamén poden comparar vostedes a política cultural dalgunhas autonomías gobernadas por partidos de esquerda coa política cultural feita en Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Suspendemos a sesión ata as 16.30, catro e media.

*Suspéndese a sesión ás dúas e doce minutos e retómase ás catro e media da tarde.*

**Interpelación de D<sup>a</sup> Olalla Rodil Fernández e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación co impacto da covid-19 nas residencias de persoas maiores privadas**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a interpelación ten a palabra a señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Bo día, ou boa tarde xa, a todas e a todos. E boa tarde tamén, conselleira.



Lembrarán —a conselleira estou segura de que tamén— que no primeiro pleno desta lexislatura desde o BNG impulsamos a creación dunha comisión de investigación sobre a xestión da pandemia nas residencias de maiores, coa vontade clara e firme, pero tamén sincera, de analizar, de avaliar, de estudar todo o que acontecera neses primeiros meses ou nesa primeira onda da covid-19 no noso país precisamente nestes centros residenciais; e co obxectivo de corrixir erros, de evitar que se tropezase dúas veces na mesma pedra e co obxectivo tamén de camiñar cara a un novo modelo de residencias no noso país, que hoxe, por sorte ou por desgraza, ningún, nin sequera xa a Xunta de Galiza, pode considerar innecesario.

O debate, que partía tamén da demanda das familias de usuarias e residentes, saldouse co veto do Partido Popular a esa comisión de investigación. Pero este tema non acabou aí, nin nese pleno nin nesa votación. As residencias foron o principal ou un dos principais focos de contaxio durante os primeiros meses da pandemia. Case a metade das persoas falecidas eran usuarias de residencias de maiores, unha porcentaxe practicamente idéntica —o 41 %— nesta segunda vaga. Desde o 7 de agosto, no que tivemos coñecemento da primeira persoa falecida despois de que no mes de xullo non houbera ningunha, até o 1 de outubro faleceron en residencias 52 persoas con covid-19 das 127 totais. A práctica totalidade, nas residencias privadas, que —lembremos— xestionan no noso país o 80 % das prazas existentes.

Malia todo o vivido entre os meses de marzo e xuño, na segunda onda do virus vemos e vimos repetirse situacións xa vividas, con contaxios masivos en residencias. Desde o BNG estamos convencidas —dicímolo sempre— de que a covid-19, esta pandemia, esta profunda crise sanitaria, ten que significar un punto de inflexión en moitísimos ámbitos. Non podemos saír desta situación pola mesma porta pola que entramos, moito menos no que ten que ver cos cuidados e coa atención ás persoas maiores, coa dependencia; en definitiva, con todo o que ten que ver coa vida e cos dereitos humanos de todas e cada unha de nós, vellas ou novas. Centraremos, polo tanto, esta interpelación, conselleira, en dúas cuestións: na investigación e na prevención.

Investigación de oficio é a que lle corresponde facer á Xunta de Galiza. O executivo, vostedes, teñen a capacidade, o poder, os recursos e a responsabilidade de investigar o que aconteceu en Celanova, en San Lázaro, no Barco, en Aldán, en Barreiro, no Incio ou en Outeiro de Rei durante estes meses. A Xunta dixo no mes de abril que abría un expediente informativo a DomusVi sobre o acontecido na residencias que xestiona e das que é titular —lembremos que este é un dos grupos con máis prazas de residencias de maiores en Galiza pero non o único—. Nunca máis se soubo de tal expediente, e van seis meses desde que se anunciou a súa apertura. A primeira das preguntas que lle queremos facer hoxe desde o BNG é: ¿que foi del?, ¿iniciaron realmente unha investigación, algún procedemento interno sobre o conxunto das residencias?, ¿fiscalizaron se se cumpren os protocolos, se se cobren as baixas de persoal, se se cumpren as ratios, se se cumpre coas xornadas de traballo? Porque o certo é que desde hai anos se suceden as denuncias por parte de persoas familiares de residentes, de traballadoras, de organizacións sindicais e do mesmísimo Consello de Contas sobre a vulneración precisamente deses dereitos laborais e, con iso, sobre a merma tamén da calidade asistencial das persoas residentes nestes centros.



Desde o BNG temos solicitado desde o inicio desta lexislatura —e agardo que non se demoren en entregar a documentación— que se nos remita a relación do número de inspeccións realizadas pola Xunta de Galiza nas residencias de maiores durante os últimos cinco anos, o resultados destas e tamén os expedientes sancionadores, se for o caso, que se iniciasen. Porque a covid fixo visible o invisible. Puxo en evidencia as costuras do modelo de residencias deste país e, en xeral, de todo o sistema de coidados; as carencias e deficiencias previas á pandemia —témolo dito moitas veces— que viñan denunciando desde hai anos as familias, as traballadoras, as organizacións sindicais e tamén o mesmo Consello de Contas no informe remitido a esta Cámara en setembro de 2018; a falta de persoal; o incumprimento especialmente das razóns de atención directa; a sobrecarga de traballo nas residencias; as deficiencias nos protocolos de funcionamento —cito literalmente as conclusións do informe—, ou as prazas insuficientes, cunha razón que deixa este país moi lonxe das recomendacións da Organización Mundial da Saúde —que sitúa en cinco por cada cen maiores de sesenta e cinco anos o número de prazas recomendables—. En Galiza, sumando todo, as públicas, as privadas, as de iniciativa social ou as privado-concertadas, non chegamos a máis do 3 %. E ese número insuficiente de prazas de residencias de maiores o que conleva no noso país son listaxes de agarda de até dous anos para acceder a unha residencia —moi lonxe dos tempos estipulados ou recollidos na lexislación vixente— e tamén unha sobrecarga do resto de servizos sociais que hai no noso país. Porque son un todo, son un sistema, non son algo cuxas partes estean desconectadas unhas das outras. Por exemplo, esta listaxe de agarda de até dous anos —insisto— está a sobrecargar por exemplo outras áreas dos servizos sociais de Galiza, como pode ser o servizo de axuda no fogar, convertido nun caixón de xastre que está prestando atención a persoas que teñen outras necesidades que non se poden cubrir apenas con ese servizo de axuda a domicilio.

Estáselles a negar ás persoas deste país o dereito a acceder a recursos e servizos que precisan —e aos que, ademais, teñen dereito— de acordo coas necesidades que teñen. O SAF, por certo, leva desde 2012 co convenio colectivo caducado e converteuse nun enorme precarizador das persoas que dedican a súa vida e o seu traballo a coidar dos demais.

Dicía investigación e tamén prevención. ¿Que pasou, que está a pasar, na segunda onda no noso país?, ¿que pasou nas residencias do Incio, en Outeiro, en Lobeira ou en Ourense, por citar algúns casos? Non é admisible nin deberíamos naturalizar ou normalizar que nun día, ¡nun día!, saibamos de 139 persoas contaxiadas, como aconteceu en Outeiro de Rei, nunha soa residencia; (*Aplausos.*) ou que, por exemplo, na residencia Ballesol, de Oleiros, haxa, de 24 prazas, 21 usuarias contaxiadas. Non é admisible despois de todo o que levamos vivido neste país. E tampouco é admisible que a Xunta só interveña nas residencias de maiores cando se detectan estes contaxios masivos. Previsión e anticipación significa ir por diante do virus na medida do posible, non a remolque.

E desde o BNG temos defendido moitas veces en público —se o consideramos aquí— ou en privado —sen ir máis lonxe a mesma pasada semana na sesión da Comisión de Sanidade e Política Social— a necesidade de que a Xunta de Galiza interveña todas as residencias privadas. Primeiro porque pode facelo e, segundo, porque o debe facer para garantir que se están a cumprir os protocolos, que se conta co persoal necesario para atender as persoas usuarias e que se adoptan todas e cada unha das medidas que son precisas para impedir que se rexistren contaxios masivos.



Din desde a Xunta —e eu creo que llo teño lido incluso a vostede, conselleira— que as residencias non son un búnker. E efectivamente non o son, estamos de acordo. Pero a pregunta que cómpre facerse é: ¿que falla?, ¿que falla para que despois de todo o vivido neste país poidamos ver casos como os que citaba, nos que a práctica totalidade das usuarias e usuarios dun centro residencial dan positivo? E falla, conselleira, que, en vez de anticiparse, a Xunta foi tarde. Foi tarde, por exemplo, facendo agora probas PCR periódicas ao persoal que traballa nestes centros; non en xullo, non en agosto, non en setembro, senón agora. Lin unha vez o que dicía un médico, que se dedicaba aos transplantes, sobre que, con todos os que levaba feitos na súa vida profesional, salvara 150 vidas pero que, se se centrara antes na medicina preventiva, podería salvar 150 millóns delas. Traducido a unha linguaxe máis popular, é o dito que tanto escoitamos neste país, o de que é mellor previr que curar. E, sobre todo, é mellor previr que ter que lamentar. *(Aplausos.)* Non podemos ir a rebufo, non podemos ir, na medida do posible, por detrás do virus porque —insisto— nos custa vidas.

En síntese —e con isto remato, presidente—, desde o BNG queremos saber, conselleira, se a Xunta de Galiza está a actuar para investigar o que aconteceu nas residencias de maiores e se o está a facer *motu proprio*, de oficio, especialmente nas privadas, que —insisto— concentran no noso país o maior número de contaxios e falecementos. E, sobre todo, queremos saber que pensa facer a Xunta de Galiza para impedir que se volvan repetir a partir de agora os mesmos erros tanto na xestión da covid como na vulneración dos dereitos das persoas traballadoras e dos residentes destes centros.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodil.

*(Unha persoa dos servizos da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Resposta da conselleira de Política Social, dona Fabiola García Martínez.

**A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez):** Señor presidente, deputadas e deputados, señora Rodil, moi boas tardes.

Hai seis meses solicitei comparecer neste mesmo atril ante a Deputación Permanente do Parlamento de Galicia para informar sobre a situación na que se atopaban as residencias de maiores. Vivín aquelas semanas iniciais da pandemia e teño moi presente aquela preocupación, aquel desasosego e aquela enorme incerteza. Recordo perfectamente todas aquelas noites sen durmir e o que significou xestionar a nivel político a primeira onda da covid. E precisamente por iso sinto un aprecio incalculable polas persoas ás que lles tocou combater a pandemia dende a primeira liña. Falo de todo o persoal das residencias de maiores, dende as auxiliares ata o persoal de cociña e de limpeza, que fixo o indicible para preservar o benestar das persoas maiores que teñen cada día ao seu cargo. Falo, por suposto, tamén de todo o persoal do servizo de axuda no fogar, que non deixou en ningún momento de acudir aos domicilios para coidar dos nosos maiores. Falo tamén de todo o persoal sanitario que, dende a atención primaria, dende a atención hospitalaria e tamén dende a hospitalización a domicilio, o deron todo para sandar as persoas que contraeran a enfermidade, e moi espe-



cialmente aquelas persoas que son as máis fráxiles. Creo que hai moi poucas leccións que lles poidamos dar a todos eses profesionais dende esta tribuna, porque o único que lles podemos e lles debemos ofrecer é o noso recoñecemento e toda a nosa gratitude. (*Aplausos.*)

Como mostra de respecto ao persoal do ámbito sociosanitario, como mínimo xesto de reciprocidade ante o seu heroísmo, sempre que a Xunta de Galicia fala de residencias, fala de realismo e fala de responsabilidade. Porque realismo significa facer unha análise sosegada da realidade baseada no criterio de todos os expertos e propoñer respostas que sexan factibles. E responsabilidade significa entender que tanto o Goberno como a oposición debemos procurar sempre que o debate político sobre esta cuestión —que seguramente pode ser moi proveitoso e tamén moi saudable— non caia nunca en fórmulas demagóxicas que só acentúan a desconfianza e tamén sembran o medo.

Por iso lle digo, señora Rodil, con todo o respecto que sabe que eu lle teño (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —si, téñolle moito respecto á señora Rodil e por iso llo digo—, que a intervención sumarísima de todas as residencias privadas de Galicia non me parece realista nin me parece responsable. Porque ¿acaso cre vostede que o persoal das residencias privadas, que na súa inmensa maioría tivo un comportamento intachable, merece que a Administración poña en cuestión a súa profesionalidade? ¿Acaso cre que as entidades sociais de Galicia, que tamén xestionan moitos destes centros e que na súa práctica totalidade traballaron dun xeito excepcional baixo unha presión inédita, merecen que a Xunta de Galicia asuma as súas funcións de xeito xeneralizado? ¿Acaso cre vostede que as familias que confían nestas residencias, que lles confían o coidado e a atención dos seres máis queridos, merecen que se estenda a sombra da dúbida ante todo este sector? En definitiva, se me permite o símil, ¿acaso cre que unha abrumadora maioría de xustos debe pagar por unha minoría de pecadores?

Confío, señora Rodil, en que vostede e o seu partido teñan unha vontade sincera e construtiva, ou, como dicía vostede, unha vontade clara e sincera, de seguir mellorando a atención sociosanitaria. Porque nós tamén temos esa vontade, e aí seguro que nos poderemos encontrar. Pero onde non nos encontrarán nunca será nun xuízo sumarísimo contra todo un sector que na súa inmensa maioría respondeu en todo momento con profesionalidade, con agarimo e con moitísima dedicación.

Non podemos esquecer que nos momentos máis complexos, con gromos en toda Galicia e en toda España, o 99 % das residencias na nosa comunidade non teñen ningún caso de covid entre os seus maiores. Este dato só nos reafirma na nosa admiración cara aos traballadores e cara aos usuarios das residencias de Galicia, de todas, de absolutamente todas, das públicas e tamén das privadas e das de iniciativa social. Desgraciadamente, mentres non haxa unha vacina o risco cero non existe. Sempre que identificamos unha residencia onde a calidade asistencial e sanitaria está en risco, despois de entrar un gromo, a Xunta de Galicia intervén. E o criterio de intervención, por suposto, non é en ningún caso político, non é un criterio empresarial. Porque interviñemos residencias grandes, residencias pequenas, residencias privadas, residencias de entidades. O criterio que se aplica para intervenir unha residencia é o que debe prevalecer sempre nun contexto de pandemia sanitaria, que é o criterio sanitario.



Intervir unha residencia é unha decisión moi contundente que debe ser sempre meditada e ponderada pero que procuramos adoptar sempre coa máxima celeridade posible. Por exemplo, o último centro que se interveu foi un pequeno fogar residencial no concello coruñés de Culleredo. O mesmo día que se detectou o gromo as consellerías de Sanidade e de Política Social analizamos conxuntamente a situación e adoptamos medidas. En cuestión de horas incorporouse persoal sanitario e tamén persoal do ámbito dos coidados. Non se puido, desgraciadamente, evitar que a doenza levase por diante a vida dun usuario da residencia, polo que eu quero hoxe enviarlle a esa familia as miñas condolencias. Pero, afortunadamente, os 22 compañeiros contaxiados puideron curarse e hoxe ese fogar residencial está totalmente libre de coronavirus.

Por suposto, nestes últimos seis meses aprendemos moito, aprendemos moito tanto o sector como os responsables políticos. Traballamos, dialogamos, escoitamos os expertos e hoxe as residencias de Galicia están máis preparadas ca nunca para facer fronte a unha enfermidade infectocontaxiosa, cun persoal máis formado e cunha mellor atención integral sociosanitaria. E por iso acabamos de crear esa nova dirección xeral, con protocolos que conxugan a prevención dos contaxios e as máximas garantías para que os nosos maiores poidan continuar tendo unha cercanía e continuar vendo as súas familias, cunha subministración centralizada de material de protección —que centraliza a Xunta de Galicia—, con inspeccións do Servizo Social e inspeccións sanitarias, tanto as rutineiras como as extraordinarias, e con cribados quincenais de todos os profesionais das residencias.

Por suposto, señora Rodil, que hai que seguir mellorando, coma sempre, con realismo e con responsabilidade. Temos, por exemplo, a elaboración do novo modelo de residencias, que será dialogado cos expertos sociosanitarios e tamén cos profesionais do sector. Non teña dúbida de que a Xunta de Galicia seguirá traballando para que no ámbito residencial a preocupación, o desasosego e a incerteza que sufriron tantas familias de Galicia deixen paso sempre á confianza, á tranquilidade e ás certezaas que os profesionais do sector lles poden ofrecer. Conto tamén, señora Rodil, co sentidiño da oposición.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

*(Unha persoa dos servizos da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Réplica, señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Eu primeiro pídolle unha cousa, porque vemos que se repite de maneira reiterada —valla a redundancia— por parte do Goberno. Non sabemos se é un novo manual. Co mesmo respecto que vostede me ten a min, e que eu lle teño a vostede, eu pídolle unha cousa: que non se parapeten detrás dos traballadores e que non os usen de escudos humanos. *(Aplausos.)* Explícolle por que.





Cando aquí desde o BNG se cuestionan decisións políticas que toman os gobernos —por acción ou por omisión teñen ademais unha repercusión sobre esas traballadoras e as persoas usuarias, neste caso, das residencias— non estamos cuestionando o traballo desas traballadoras. Pero é que o coidado das persoas maiores usuarias e residentes nunha residencia de maiores non depende de ter moito amor, senón de recursos materiais, orzamentarios e humanos (*Aplausos.*)

E dígolle que non se parapete detrás das traballadoras porque entendo que terán tamén a máxima consideración e o máximo respecto por parte da Xunta de Galiza cando presentan denuncias diante da inspección da Consellería de Política Social porque as empresas que son titulares e xestoras deses centros residenciais —DomusVi, por exemplo, aquí en Ribadumia ou en San Lázaro— non están nin a cumprir sequera coas condicións que lles exige a normativa vixente neste país —a Orde do 18 de abril de 1996 ou os pregos de condicións para concertar prazas coa privada por parte da Xunta de Galiza—. Supoño que terán a mesma consideración.

Eu voulle ler a que rexistraron a finais de 2019, en decembro de 2019, as traballadoras da residencia DomusVi de Ribadumia, que dicían que, de acordo cos pregos do concerto que ten esta entidade coa Xunta de Galiza, tiñan que garantir —porque teñen 152 persoas usuarias— sete enfermeiras. E o día 6, 7 e 8 de decembro de 2019 non é que houbera unha ou dúas, é que non había ningunha en ningunha das quendas de traballo, e que nos días que non había cobertura por parte desas persoas que tiñan que estar contratadas se movían traballadores nos seus días libres para cubrir desde outros centros do propio grupo empresarial as carencias que tiñan nesta residencia.

Eu o que lle pregunto é: ¿que fai a Xunta de Galiza diante disto? (*Aplausos.*) Porque insisto en que a covid-19, que nos pasou por riba a todas, que nos pasou por riba a todas no que ten que ver cos coidados, cos servizos públicos e especialmente cos servizos sociais, o que fixo foi facer visible aquilo ao que moitas veces se lle dera as costas durante moitos anos.

Póñolle outro exemplo tamén de traballadoras que se dirixiron ao servizo de inspección da súa consellería —traballadoras da DomusVi de San Lázaro, aquí en Santiago de Compostela—, en febreiro de 2020, a un mes apenas de que se decretase a alerta sanitaria. Sinalaban —e teño aquí o carimbo da Xunta de Galiza— «*que no se mantiene el número de efectivos del cuadro de personal ofertado por la contratación y no se alcanzan siquiera los recogidos en el pliego de condiciones*». Así, por exemplo, de xerocultores, que tiñan que ofertar 46, só se estaban ofertando 41,2; no caso das limpadoras, cando se tiñan que ofertar 18, só se ofertaban 12,5; no caso, por exemplo, das persoas de recepción tiñan que ter 3 e só tiñan un 1,71. E no caso, por exemplo, dos médicos —que agora son figuras profesionais moi valiosas nas residencias—, dos 2,5 que tiñan que ofertar, polos pregos polos que concerta prazas a Xunta de Galiza neste centro, só se ofertaban 1,54.

E eses centros da DomusVi de Ribadumia e da DomusVi de San Lázaro aparecen tamén nese informe do Consello de Contas de setembro de 2018, no que se denuncia o incumprimento flagrante da lexislación e das obrigas que teñen estes grandes grupos para garantir a asistencia sanitaria e social das persoas que son usuarias.



O que eu lle estou dicindo, conselleira, é que, se vostedes dixeron en abril que ían abri-lle un expediente a este grupo, ¿que foi dese expediente?, ¿como rematou esa investigación? E dígolle que se remitan a esta Cámara todas e cada unha das consideracións respecto do que este grupo, que concentra un dos maiores números de prazas de residencias de maiores neste país, está facendo. O responsable, xa que falamos de responsabilidade, é exercer as competencias, as obrigas que un goberno ten, e non é mirar para outro lado e despois levar todos e todas as mans á cabeza. É enfrontar a situación de fronte, inspeccionar, controlar. Eu non lle pido que faga intervencións sumarísimas. Ponme a min, ademais, palabras na miña boca que eu non dixen. Eu dígolles que cumbran o seu protocolo, o que aprobaron a Consellería de Sanidade e de Política Social, (*Aplausos.*) que no punto 6.2, cando fai referencia á intervención pública nas residencias privadas, na páxina 13, di que se pode facer. Diciámolo na comisión e repíto agora. Eu non lle pido que entre coma un elefante nunha cacharraría —e de momento non lle estamos pedindo que nacionalice nada, só Alcoa, en todo caso—. Pero o que di nese punto, na páxina 13, é que se pode entrar desde a Administración pública para supervisar e asesorar nas actuacións que leva a cabo o persoal sanitario e non sanitario, nese caso, dentro das residencias. Eu non lle pido ningunha intervención sumarísima, dígolle que cumbran, que fagan cumprir, o que establecen no seu propio protocolo.

Imos seguir falando, e moito, de residencias, dentro e fóra da pandemia, porque necesitamos un cambio de rumbo neste país e poñer a vida no centro das políticas públicas (*Aplausos.*); e sobre todo cambiar, cambiar unha actitude por parte do Goberno —con isto remato—, que leva demasiado tempo, demasiado tempo, virando as costas precisamente a esas traballadoras das que vostede falaba. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodil.

*(Unha persoa dos servizos da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Peche da interpelación pola conselleira de Política Social.

**A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez):** Señor presidente, señorías.

Señora Rodil, Galicia non deixou nunca ningunha persoa atrás e tampouco o vai facer agora, porque fixemos e faremos todo o posible para que as residencias de maiores poidan ter todas as garantías de seguridade. E tamén para que os seus usuarios teñan sempre, sempre, a mellor das atencións. (*Aplausos.*)

Dende o primeiro momento da pandemia dotamos os centros con protocolos de prevención, de seguridade e de hixiene, que fomos mellorando e perfeccionando para adaptalos á situación. Sempre actuamos segundo o criterio sanitario, segundo criterios asistenciais, e así o seguiremos facendo sempre. Porque todas as residencias de Galicia, sexan públicas, privadas ou de iniciativa social, están baixo a tutela da Xunta e baixo un estreito e continuo control das autoridades sanitarias.

Dende Política Social traballamos sempre da man coa Consellería de Sanidade, cunha permanente coordinación que estamos a intensificar coa creación desta nova Dirección Xeral



de Atención Integral Sociosanitaria. Empezamos xa a traballar en como mellorar a atención dos nosos maiores a través deste novo modelo residencial, coa implicación das autoridades sanitarias e do sector residencial.

Señora Rodil, vostede pregúntame sobre o que fai a Xunta de Galicia. A Xunta de Galicia fai inspeccións continuas, inspeccións do ámbito social e tamén inspeccións do ámbito sanitario. Supoño que vostede non cuestionará a profesionalidade dos inspectores da Xunta de Galicia, entendo eu. Porque, sempre que se detectan e temos coñecemento de posibles deficiencias no funcionamento dun centro residencial, a Xunta de Galicia actúa a través da Inspección. E actúa este ano tamén. Cumprimos o plan de inspección e realizamos máis de 250 inspeccións en residencias de maiores e en residencias de persoas con discapacidade. Os técnicos da Inspección iniciaron 32 procedementos sancionadores en residencias de maiores, todos eles con respecto á normativa dos servizos sociais. Porque o obxectivo que temos dende a Xunta de Galicia é —créame vostede— seguir perfeccionando os procedementos da inspección para actuar cada vez con máis rapidez e máis contundencia fronte aos incumprimentos. Por iso esta mesma semana publicamos unha orde para reforzar o labor inspector e axilizar así tamén os tempos de tramitación. Con esta nova orde os centros tamén terán que informar por vía telemática das queixas ou das denuncias que reflectan as persoas usuarias e as súas familias nos libros de reclamacións. Regulamos a capacidade máxima de dúas persoas por habitación nos centros residenciais, ou tamén a adaptación de vivendas comunitarias para que as persoas con dependencia superior á de grao 1 poidan agardar alí á adxudicación doutra praza noutro centro.

Señora Rodil, por suposto que tamén se trata de recursos materiais e humanos, como di vostede, e por iso dende a Consellería de Política Social incrementamos un 12 % o persoal nas nosas residencias públicas. A Xunta de Galicia incrementou un 65 % os fondos destinados ás persoas maiores, moitos máis dos que dedicaban vostedes, un 65 % máis que cando gobernaban na Xunta de Galicia.

Mire, señora Rodil, aquí en Galicia estanse a facer as cousas ben. Aquí en Galicia somos transparentes, mandamos todos os días os datos aos medios de comunicación, mandámoslle os datos cada día ao Ministerio. Eu aínda estou agardando. Sete meses despois, ¿por que o Goberno central —que vostede coñece ben e teñen tamén alí moita influencia— non publica os datos do que está pasando nas residencias de maiores do resto das comunidades? *(Aplausos.)* ¿Que están a agachar, señora Rodil? *(Aplausos.)*

Mire, dende a Xunta de Galicia non teña dúbida de que seguiremos sempre traballando polos nosos maiores, foron meses moi duros. E eu lamento profundamente o de todas e cada unha desas familias que perderon un familiar, que perderon un ser querido, en cada residencia de maiores de Galicia. Eu comparto a súa dor e acompáñoas no sentimento. Pero hai que poñer tamén en perspectiva os datos e tamén obter unha visión moito máis clara e certa da realidade. Comprobar que Galicia resistiu mellor ca outros territorios reitéranos nesa débeda de gratitude que temos con todos os profesionais de Galicia que axudaron e traballaron duramente na contención desta pandemia. A eles, unha vez máis, moitísimas grazas. *(Aplausos.)*



Esta pandemia ponnos a todos á proba como sociedade. E os galegos e as galegas estamos a responder dunha forma exemplar. A nosa obriga é centrar todos os nosos esforzos en facerlle fronte a esta crise sociosanitaria, porque xuntos somos máis fortes e porque estando xuntos Galicia sempre sairá adiante.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

(*Unha persoa dos servizos da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

### **Interpelación de D. Martín Seco García e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación cos incendios forestais**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular esta interpelación ten a palabra o señor Martín Seco.

**O señor SECO GARCÍA:** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Conselleiro, xa que é a primeira vez que debatemos no Parlamento, déixeme que comece por felicitalo pola súa continuidade no cargo e que lle desexe a mellor das sortes nesta nova lexislatura; unha sorte que, ademais, se converte en verdadeira necesidade para evitar que o noso rural agonice. E tampouco quero esquecerme daqueles que perderon a vida loitando contra o lume e agradecerlles o intenso traballo a todos aqueles que deixan o seu esforzo, a súa saúde e incluso a súa integridade para protexernos do lume a todos e o noso patrimonio.

O conselleiro de Cultura dicía pola mañá que felicitaba a película «O que arde». E dicía —son palabras textuais— que «fala do mellor que temos en Galicia». E non sei se é que non viu a película ou é que non a entendeu, unha das dúas cousas. (*Aplausos.*) Porque explicado nas verbas do propio director, o señor Oliver Laxe ante esas imaxes tan impactantes do incendio, di que «*recoge fielmente la energía con la que se ha hecho esta película el dolor y la rabia que me provoca la decrepitud del rural*». E xustamente esta interpelación trata diso, das consecuencias máis dolorosas que conleva este abandono: os lumes forestais e con eles a destrución do noso patrimonio natural e o de moitas familias, e ata a maior das desgrazas persoais.

Conselleiro, a política do Partido Popular en materia de incendios queda claramente definida nas verbas que declararon os propios membros do Goberno, cando Feijóo falaba dos lumes de setembro como un clásico; ou do seu director xeral, cando manifestaba que esperaba unha forte actividade incendiaria no macizo central de Ourense esa fin de semana.

Señor conselleiro, ¿sabe o que dicía unha mente moi lúcida como a de Albert Einstein?: «Loucura é facer a mesma cousa unha e outra vez esperando obter diferentes resultados». E iso é realmente preocupante, que son xustamente os máximos responsables da loita contra



os lumes forestais os que se resignan a que chova para evitar que ano tras ano ardan as mesmas zonas de Galicia. E sabendo, como di o propio director xeral, que ía suceder o que ao final sucedeu, ¿por que non reforzaron os medios de extinción e a vixilancia nesas zonas, señor conselleiro?

Como comprenderá, ante estas declaracións do propio Goberno tan ilustradoras da situación, non nos queda máis camiño que pedirlle que faga trocos na Dirección Xeral de Defensa do Monte e nas súas políticas para que alguén cun criterio máis innovador que a propia resignación faga fronte á lacra dos recorrentes lumes que arrasaron Ourense ano tras ano. Preto de dez mil hectáreas ardían neste mes de setembro en Ourense —Cualedro, Rairiz de Veiga, Vilariño de Conso, Lobios, Vilar de Barrio, etc.—. Por certo, un lume máis no parque natural do Xurés, cunha afectación dunhas tres mil hectáreas que practicamente converte en cinzas un patrimonio natural desta entidade.

Señor conselleiro, a mellor política de loita contra o lume é conseguir que se produzan os menos lumes posibles. E parece unha frase de perogrullo, pero aí está o principal erro das políticas do seu Goberno: non fomentar a actividade e evitar o abandono do rural. Porque calquera galego sabe que quen mellor defende contra o lume é aquel que traballa e vive no propio territorio. E poño, ademais, o foco nas actuacións en investigación, conciliación e prevención no noso territorio.

Señor conselleiro, as actividades gandeiras son marxinais na provincia de Ourense, só ten o 8,2 % das explotacións de carne e o 1 % das explotacións de leite. E as forestais tamén son residuais, con só o 5 % das cortas de madeira de toda Galicia. Iso significa que o territorio de Ourense se converte nunha verdadeira bomba de biomasa, con hectáreas de mato e monte desordenado en continuidade sen os cortalumes naturais que forman as terras de labor, prados e pastos que protexen montes e casas. E case está sen silvicultura preventiva nas masas forestais. Dificilmente se entende que a Xunta de Galicia non busque unha saída produtiva ás miles de hectáreas de concentración parcelaria abandonadas, cando este país, ademais, é deficitario en produción de alimentos e forraxe para a nosa cabana gandeira, tendo que importalos doutros continentes.

Señor conselleiro, mentres non abandone esa política do titular de prensa e as súas intencións de mercantilizar todo o que toca, coma se desexara converter o noso medio rural nunha pasarela de moda con escaparates e espellos do rural, aldeas modelo, etc., o noso rural agonizará. Mentres non se aborde un verdadeiro plan de posta en actividade que mobilice terras, mentres non se incentive a produción, mentres non se incentive a xestión forestal, non se protexerá dos grandes incendios o monte ourensán, que cada día son maiores e máis agresivos baixo condicións climáticas cada vez máis extremas.

Señor conselleiro, 90 millóns de euros anuais en medios de extinción e tan pouco investimento en prevención e fomento do desenvolvemento do forestal fala do fracaso das súas políticas. Recórdolles como no ano 2016 o Consello de Contas sinalaba como no plan forestal que elaborou o Goberno do Partido Popular no ano 1992 dicía que no 2030 o 13 % do orzamento debería dedicarse á extinción e prevención e o 87 % ao fomento e desenvolvemento do forestal. E, pasados vinte e oito anos, a proporción é xustamente á inversa.



Señor conselleiro, antes falaba de política de escaparate e teño que dicirlle que xustamente parece que é o que fixo no ano 2017, cando comezaron a revisión dun plan forestal do ano 1992 —que foron incapaces de desenrolar, por certo— e que nos seus traballos contou coa participación activa e propositiva do noso partido; un traballo que quedou paralizado e que vostede utilizou para un titular e unha foto que lle servisen para a chegada ao seu cargo de conselleiro. Pero despois metérono no caixón onde o Partido Popular agocha aquilo polo que non quere apostar. E desgraciadamente para este país son demasiadas cousas as que agochan nese caixón.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista recibimos múltiples denuncias do persoal do servizo contraincendios pola falla de coordinación dos medios aéreos asignados aos incendios esa fin de semana. Vostede debería explicar quen estivo exercendo a dita coordinación aérea e se tiñan os mesmos medios que o ano anterior. Tamén deberían explicar por que non se conveniou ese ano a base que existía en anos anteriores ao pé do parque do Xurés.

Ademais, recibimos denuncias por unha falla sistemática de coordinación dos diferentes medios terrestres, que fixeron un esforzo sobrehumano con brigadas que deberían ter polo menos cinco compoñentes, e que en moitas ocasións entran con dous ou tres compoñentes, e nalgún caso con un só. É un persoal claramente insuficiente para loitar contra o lume e tamén para garantir a súa propia seguridade.

Señor conselleiro, son múltiples as baixas de axentes forestais sen cubrir. En distritos forestais onde tiña que haber entre 20 e 30 axentes forestais só están operativos para traballos de prevención e extinción de incendios 14 ou 15 axentes. En distritos forestais cunha superficie de máis de 112.000 hectáreas hai quendas nas que se conta só con un axente por quenda na metade da xornada. En distritos forestais con máis de 113.000 hectáreas teñen menos axentes forestais ambientais que en distritos con só 59.000 hectáreas, feito, ademais, agravado nos últimos anos polas baixas médicas, xubilacións ou pola disgregación dos axentes.

Este ano asignaron nalgún distrito, tarde e mal, axentes forestais sen formación previa para cubrir só ata o mes de outubro as vacantes que é preciso cubrir todo o ano. Señor conselleiro, deberían entender que un ou dous axentes por distrito dedicados á investigación é completamente insuficiente; e, polo tanto, deberían cumprir as súas propias propostas de amplialo, antes contidas no Pladiga. É coñecida por toda a sociedade a situación dos técnicos do Servizo de Prevención e Loita contra Incendios, desesperados á espera de acordos despois dunha folga na que simplemente buscan unha mellor organización do traballo para poder desenrolalo coa calidade necesaria. Necesitamos avanzar na profesionalización dun sector cun traballo de alto risco no que en moitos casos non se garanten unhas condicións salariais axeitadas nin o equipamento material e técnico axeitado nin a formación imprescindible para a extinción de incendios e a realización dos labores de prevención dos traballadores. E todo isto conleva unha maior descoordinación, menor eficacia e maior desprofesionalización duns traballos onde o perigo e o risco son unha constante.

Os traballos de prevención de incendios, devasas, faixas auxiliares de pistas e camiños desbrozados, non se realizan ao seu tempo. A maioría dos traballos de prevención do ano 2020 están sen facer ou están a facerse a toda présa, fóra da época axeitada —que debería ser



antes de xullo—, sen cumprir co obxectivo de ter unha boa política de prevención de incendios forestais. E non resulta desculpa ningunha a aparición do coronavirus, xa que a actividade forestal foi unha das materias consideradas esenciais para a Administración, e ademais é unha situación que transcorre un ano tras outro ano.

No Pladiga faise referencia a accións dirixidas á poboación; entre outras, accións sociolóxicas e educación ambiental. Pero atopamos que a maior parte das chamadas «aulas forestais» están pechadas, non hai campañas de formación e sensibilización dirixidas á poboación escolar e tampouco á cidadanía, un dos obxectivos que non se cumpre porque non hai vontade de levar a cabo estas actuacións imprescindibles para mudar comportamentos. Se queremos cambialos e se queremos que se poñan en valor os ecosistemas forestais de Galicia, débense levar a adiante campañas de educación e sensibilización dirixidas á poboación escolar e ao conxunto da cidadanía. ¿Onde están os labores de conciliación de intereses da súa consellería? ¿E as políticas transversais entre os diferentes departamentos e con outras consellerías para actuar na loita contra os lumes forestais? ¡Totalmente esquecidas!

Aínda que escoitamos continuamente os representantes da Xunta falar de pirómanos e lumes intencionados, resulta incomprendible que rara vez sexan descubertos os responsables dos ditos delitos. E para isto débense investigar as causas e as pautas de comportamento dos incendiarios, fallos e incumprimentos da lexislación. E para realizar unha boa prevención é preciso realizar unha investigación profesionalizada, específica e axeitada.

Señor conselleiro, sabe que ten a man tendida do Grupo Socialista. Tivérona na pasada lexislatura cando vostedes a buscaron e seguen podendo utilizala sempre e cando o resultado non sirva como un mero escaparate e logo quede metida nese caixón —como antes lle dicía— no que vostedes gardan absolutamente todo aquilo que non queren desenrolar.

Señor conselleiro, espero contestación ás miñas preguntas, que xa ten na interpelación. E despois seguiremos con algún tema máis que quero comentarlle. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Martín Seco.

*(Unha persoa dos servizos da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Resposta do conselleiro do Medio Rural, don José González Vázquez.

**O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez):** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor Seco García, agradézolle o inicio e o final da súa intervención, aínda que polo medio cambiou un pouco o ton e fixo un percorrido en dez minutos de practicamente todas as maldades que ten o rural galego e que son culpa do Partido Popular. Pero diríalle que acredite e precise un pouco máis os seus datos, sobre todo que os actualice, porque a folga dos técnicos forestais xa rematou o 28 de febreiro.



E eu, como me acostuma suceder, tratarei de dar resposta a todas as preguntas da interpe-lación —que son moitas— agrupando as miñas respostas en tres bloques, que lle contestan a todas elas: o primeiro é falar das causas dos incendios; o segundo, falar das consecuencias dos incendios; e, en terceiro lugar, imos falar da situación do Servizo de Prevención e De-fensa contra os Incendios Forestais de Galicia.

Mire, no que se refire ás causas dos incendios en Galicia, isto é unha cuestión de orde pública. Con datos dos investigadores, tres de cada catro incendios forestais en Galicia son intencio-nados. Señorías, cando alguén prende un lume en condicións climatolóxicas como as que se deron na provincia de Ourense do 12 ao 17 de setembro, con intención, ademais, de causar dano ao noso monte, aos nosos bens ou ás nosas persoas e ás nosas aldeas, é un delincuente. E todos os responsables políticos debemos condenar estes comportamentos incendiarios. Iso vaia por diante. De feito, a intencionalidade quedou claramente amosada nesa semana de setembro. Pero non o di o conselleiro, dino os alcaldes —calquera que sexa a súa cor po-lítica—, os veciños e veciñas afectadas e os investigadores.

Miren —con datos—, entre o sábado 12 e o xoves 17 de setembro na provincia de Ourense tivemos 67 lumes forestais, 8.740 hectáreas. Destes incendios, 22 iniciáronse durante a ma-drugada, cando non poden actuar os medios aéreos. De feito, os grandes incendios forestais comezaron practicamente todos na noite do sábado; 12 incendios en parroquias de alta ac-tividade incendiaria e ademais en condicións climatolóxicas propensas á propagación dos lumes: calor, vento cambiante, previsión de choiva a curto prazo... Houbo lumes —varios— con focos simultáneos incluso na mesma parroquia. É dicir, circunstancias que confirman o que tamén nos trasladan os nosos profesionais: a intencionalidade como principal causa. ¿Como atacamos esta causa? Incidindo en dous ámbitos: na investigación e na colaboración cidadá contra estes comportamentos.

No que se refire á investigación cómpre destacar o papel dos axentes ambientais da Conse-llería en colaboración coas forzas e corpos de seguridade do Estado. O reforzamento da in-vestigación por parte da Consellería parte do convencemento do papel fundamental que neste eido teñen que ter os axentes ambientais. Mire, non cabe dúbida de que é moi com-plicado deter un incendiario no momento de prender o lume, por iso temos que avanzar nos procedementos de investigación e ir da man de fiscais e xuíces. Pero o certo é que, coas me-lloras tecnolóxicas que estamos incorporando, pouco a pouco vemos os resultados. Só neste ano temos 50 investigados por incendios. Pero voulle dar datos concretos do que pasou, por-que estamos empezando a collelos *in fraganti* e penso que é bo para todos os que estamos aquí recoñecer ese traballo.

Mire, o 10 de agosto na Teixeira, un axente ambiental das nosas brigadas de investigación deu, en colaboración co Seprona, co presunto autor dun lume. En Nigrán, grazas á colabo-ración cidadá, os veciños sorprenderon a unha muller cando prendía lume cunhas pastillas de acendido. En setembro, o presunto autor de varios focos en Boiro e Lousame foi collido *in fraganti* pola Policía Autonómica en colaboración cos nosos axentes ambientais. Outra pre-sunta incendiaria foi sorprendida polos veciños en Vilar de Barrio; un home tamén foi collido *in fraganti* en Cangas, de novo por axentes ambientais; e, por último, o suposto causante dun incendio de 49 hectáreas en Laza tamén está sendo investigado. Todos estes están acusados





de delito e postos a disposición xudicial. Algún está en prisión sen fianza decretada pola xuíza ao día seguinte da súa detención. E eu teño que dicir que estes delincentes responderán con penas de cárcere e co seu patrimonio polos danos causados.

De cara a atacar esas causas, requirimos tamén a colaboración cidadá. Esta xa se dá por suposta, pero todos os responsables políticos —todos os que estamos aquí— debemos incidir na importancia desa concienciación. Un exemplo é o teléfono que puxemos en marcha no ano 2019, o 900815085, que está a dar xa moi bo resultado de cara a investigacións a partir de chamadas que se fan a el.

A segunda cuestión —respondendo ás súas preguntas— son as consecuencias dos incendios, porque máis aló das causas si que temos que traballar nesas consecuencias. Mire, non se falaba naquel momento no Parlamento do Plan forestal, señor Seco, falábase na comisión de estudo. E aí analizamos en profundidade os problemas estruturais que fan que en determinadas partes do territorio, cando hai incendio por eses comportamentos incendiarios, haxa moita afectación no territorio. O ditame desa comisión —que, por certo, foi votado a favor polas tres cuartas partes do Parlamento de Galicia, PSdeG e Partido Popular— determinaba dúas liñas de traballo para min moi importantes e que penso que temos que remarcar aquí. En primeiro lugar, a prevención estrutural mediante a planificación e a ordenación da nosa superficie forestal e a recuperación da actividade agrícola e gandeira nas terras abandonadas, de xeito tal que se xeren discontinuidades no territorio que sexan capaces de parar ou, cando menos, minorar o efecto dos incendios forestais. E, en segundo lugar, pero non menos importante, a protección das nosas aldeas mediante o reforzamento da limpeza das franxas perimetrais. Teremos que avanzar noutras cousas pero, polo menos, que estean limpas esas franxas.

Mire, no que se refire á prevención mediante a planificación e a ordenación forestal estrutural —e por darlle datos do que estamos a facer— creamos unha dirección xeral especificamente para esa planificación e ordenación forestal. Fitos que podemos sinalar desa dirección pois son, por exemplo, a aprobación do Decreto polo que se crea e regula o Rexistro de masas consolidadas de frondosas autóctonas, destinado á protección destas, pero tamén as axudas para a creación de superficies forestais con especies de coníferas e frondosas. Neste ano modificouse a orde por 8 millóns de euros para incrementar as especies de frondosas subvencionadas de dez a vinte e unha. Foméntase tamén a creación de novas masas de piñeiro do país mediante a repoboación de alta calidade xenética. E promove actuacións de cambio de especies nos terreos ocupados por eucalipto e especies invasoras, como pode ser a acacia negra ou a mimosa. Queremos cambiar iso por frondosas e por piñeiros. Nos últimos catro anos, 10.500 hectáreas e case 19 millóns de euros nesas axudas de forestación.

Fala vostede de paralización do Plan forestal. Mire, o Plan forestal ten que ser un documento de consenso; e logo da súa redacción inicial, tivemos que incorporar as recomendacións dese ditame do Parlamento que votamos a favor vostedes e mais o Grupo Parlamentario do Partido Popular. O Plan forestal agora terá que ter o seu percorrido na procura dese consenso; primeiro, polo Consello Forestal e, ademais, tamén por este Parlamento, cumprindo a recomendación número 34 do ditame do que falamos.



No que se refire á xeración de discontinuidades no territorio pola vía de implantar a actividade agrícola e gandeira, eu quéro lle destacar o Plan de pastoreo —que xa está posto en marcha neste ano 2020—, que chegará a 2.250 hectáreas con case 10 millóns de euros de investimento, e o Proxecto de aldeas modelo, que vostede dirá que é moito escaparate pero que xa ten en marcha 11 aldeas. E nesas aldeas modelo, señor Seco, nós o que facemos é recuperar a actividade agrogandeira ao redor das aldeas nunha media de 25 hectáreas, un cortalumes tradicional natural. Ningún dos que estamos aquí pode ir en contra diso, xa están implantadas e xa están en marcha 11 delas. En terceiro lugar, os polígonos agrogandeiros e forestais que teñen como obxectivo mobilizar terras abandonadas pero con gran valor produtivo. Efectivamente, moitas das que arderon en Ourense son desas características.

Estas iniciativas son instrumentos que se recollerán na Lei de recuperación e posta en valor da terra agraria de Galicia que traeremos proximamente ao Parlamento, e que ten como obxectivo mobilizar 10.000 hectáreas cada ano en toda Galicia. Señorías, é unha lei que recolle boa parte das recomendacións do ditame que votamos naquela comisión.

E remato, no que se refire á actuación fronte aos incendios forestais e as súas consecuencias, coa protección das nosas aldeas mediante o reforzamento da limpeza das súas faixas perimetrais. Mire, no marco das recomendacións do ditame firmamos un convenio entre a Consellería do Medio Rural, a Fegamp e a entidade pública Seaga para a configuración dun servizo público de limpeza desas faixas secundarias nas parroquias con máis risco de incendios. E voulle dar datos. Ese convenio incorpora unha serie de instrumentos que teñen por obxecto facilitarlles aos concellos o cumprimento das súas obrigas na vixilancia e na execución subsidiaria da limpeza desas franxas. Entendemos, señorías —e aquí falámolo—, que era necesaria a cooperación interadministrativa e que os concellos non tiñan capacidade. E o que fixo a Xunta de Galicia foi poñer nese convenio 7,5 millóns de euros cada ano para loitar coa limpeza das franxas. Nestes momentos xa están adheridos a ese convenio 265 concellos do total dos concellos galegos, é dicir, o 85 %. Doulle tamén datos. ¿Saben cantos plans municipais de prevención de incendios tiñamos antes dese convenio? ¡Cero! ¿Cantos temos no día de hoxe feitos pola Xunta de Galicia? 186.

Pero, ademais, estamos traballando en 157 parroquias de 81 concellos, que supoñen case 10.000 hectáreas. Nestas parroquias priorizadas Seaga fai a limpeza polo prezo de 35 euros por cada 1.000 metros cadrados ou 350 euros por hectárea, logo da firma dun contrato cos propietarios. Miren, datos esperanzadores: logo deste traballo que estamos a facer, nestas 10.000 hectáreas temos dous terzos da superficie xestionada, están limpas as franxas; e estamos vendo que cada vez se incorpora máis xente co traballo que estamos a facer en colaboración. Estamos a falar de 177.000 parcelas para xestionar e nestes momentos temos xa notificacións —as notificacións téñenas que facer os concellos pero nós preparámoslles— para notificar a 65.000 titulares de parcelas que non teñen correctamente xestionadas esas parcelas. Polo tanto, son datos que acreditan a importancia, a transcendencia e, sobre todo, o traballo administrativo que supón toda esa limpeza das franxas. Pero penso que, sobre todo, co traballo dos concellos, o traballo da Fegamp e co traballo da Xunta de Galicia imos ser capaces de acadar ese obxectivo.

E deixo para a miña segunda intervención o que se refire a como está nestes momentos o Servizo de Extinción de Incendios.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

(*Unha persoa dos servizos da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Réplica do señor Seco.

**O señor SECO GARCÍA:** Moitas grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, ás veces tanto oír repetido iso da intencionalidade dos incendios e case oír ese tema de que o resto dos grupos non condenamos a situación de alguén que planta lume e lle fai mal tanto á nosa terra como ás nosas propiedades, como incluso ás vidas humanas, case é un insulto se aquel que está dedicado á vida do servizo público puidese pensar que non se condena. ¡Claro que condenamos! ¡Absolutamente condenamos aqueles que lle plantan lume ao noso territorio! (*Aplausos.*) Pero non chega co discurso que única e exclusivamente fala de intencionalidade e delincuencia, e de que xa se perseguirá os delincuentes, senón que hai que ir ás causas precisamente de por que se producen eses lumes e actuar sobre esas causas para evitar que se produza o número de lumes que se producen. E para iso hai que ter unha política non —como dicía antes— de conformismo e de seguir metendo millóns e millóns de euros en extinción. E si hai que facer unha política que realmente aposte pola actividade no rural, que aposte pola prevención e tamén pola investigación. E tamén que aposte, evidentemente, por todo o que ten que ver con desenrolar o rural e que non estea abandonado. Porque ao final, mire, non hai mellor persoa que defenda a súa terra que aquela que está alí, que traballa e que lle saca beneficio. Eles son os que realmente mellor defenden a súa terra. Cando o solo está completamente abandonado e a terra está completamente abandonada, iso é foco, evidentemente, da posibilidade de que alguén lle poña un chisqueiro ou que outras circunstancias produzan un incendio.

Vostede falaba de que eu dicía que os técnicos estaban en folga. Non, xa sei que non están en folga. Pero o que lle pido —e supoño que lle pedirán todos os técnicos que estiveron en folga— é que cheguen a acordos para que esa folga non volva. Porque sabemos que están vostedes en diálogo e espero que chegue a temas frutíferos para chegar realmente a solucionar un problema. Vostede dicía que, claro, que se desdobraron as direccións xerais. Pero o que non se desdobraron son as persoas, que non poden realizar os traballos por un lado e polo outro. E non hai un sistema de xestión para que esa xente poida ter vida propia, un sistema de conciliación e poder facer o seu traballo. E xa non quero falar dos que están de xefes de distrito.

Dicía vostede que están apostando pola investigación e gustárame saber onde se meteron todas esas prazas, que dicían vostedes que ían crear, de axentes dedicados á investigación. Porque estaban no Pladiga e de repente desapareceron. Mire, ¿sabe o que resulta realmente desesperante? Que fales cunhas comunidades de montes do Xurés, que están conveniadas coa súa consellería, que teñan que observar como arde o monte no 2017, que vexan que a súa consellería non fai nada e que tampouco deixan facer aos técnicos que teñen alí; que as ditas comunidades acudan aos seus cartos e gasten miles de euros para facer un plan de pre-



vención contra os incendios, que llo envíen á súa consellería e que teñan que ver como arde outra vez o seu patrimonio no 2020 sen que a Consellería lles dese nin tan sequera contes- tación. ¿Sabe o que é realmente desesperante, señor conselleiro? Ver como moitos apicultores de Ourense observan desesperados ano tras ano como arden as súas colmeas sen ter apoio absoluto por parte da súa consellería. Mire o que di un apicultor: «El tema de los incendios es un freno terrible para nuestra actividad, porque supone una contradicción animar a los jóvenes y decirles que la provincia de Ourense es la más favorable para la producción de miel porque hay mucho monte raso y al mismo tiempo que, cuando se produce un incendio, la Administración no defiende esas explotaciones de los fuegos. Porque esa gente nueva que empieza acaba preguntándose: ¿para que las pongo?, ¿para que ardan?» Outro di: «Lo más humillante es que hace dos años también ardió y desde la Administración sacaron una línea de ayudas para alimentación en la que también entraban las abejas, pero yo acabé desistiendo y renunciando a ellas porque todo era papeleo, burocracia, y después te venían con unos porcentajes que no te daban ni para el IVA». Iso é o que di a xente, non o que dicimos os parlamentarios.

¿Sabe o que é realmente desesperante? Que un técnico do servizo contra incendios observe como lle plantan lume pola mañá e volvan plantarlle no mesmo sitio lume ás tantas da ma- drugada nun lugar onde hai dez casas e igual hai vinte veciños. Señor conselleiro, se vostedes investigan e chegan ao problema, ¿por que non fan políticas de conciliación para intentar que isto non volva suceder ano tras ano?

¿Sabe o que é realmente desesperante? Ver que, ao non ter feitos eses traballos de prevención que vostedes dixeron que se facían pero que este ano aínda estaban sen desenrolar hai pouco, asistimos a uns incendios cada vez máis agresivos, que chegan ata as vivendas e que nalgún momento poidamos ter que lamentarnos por desgrazas persoais.

Outro tema sería a xestión dos parques naturais, pero non temos a conselleira de Medio Am- biente. Non sabemos, ademais, se vostedes se falan, porque políticas transversais que se vexan nun sentido ou noutro hai moi poucas. Podíanse facer moitas preguntas: ¿por que de- sapareceron os directores?, ¿por que non existen mecanismos conxuntos de traballo con Portugal?, e moitas outras cuestións.

Pero vaiamos un paso máis adiante. Xa van máis de quince días dende os incendios e aínda non sabemos nada dos traballos de restauración do monte para evitar a erosión, para evitar a perda de solo e para que non se contaminen os acuíferos. E recórdolles que o artigo 49 da Lei de prevención e defensa contra os lumes forestais obriga a que a Xunta de Galicia actúe. Esperemos que non o faga tarde, porque poden chegar chuvias fortes e realmente producirse esas contaminacións.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Martin Seco.

(*Unha persoa dos servizos da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Peche polo conselleiro do Medio Rural



**O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Seco, para falar entre conselleiros xa temos unha boa referencia no Bipartito e en como falaban entre vostedes. (*Aplausos.*) Non se preocupe, que nós falamos coa conselleira de Medio Ambiente. E, ademais, en relación cos parques naturais téñolle que dicir que verá pronto cousas nas que está traballando a Consellería de Medio Ambiente e a Consellería do Medio Rural.

Eu repítolle —e penso que pode ser un debate bo, aínda que ten que ir un pouco máis á concreción e non a tantas vaguidades— que hai que diferenciar causas e consecuencias. E dende aquí, mire, quérolle agradecer que neste abril acabe de facer o que fixo: condenar os comportamentos incendiarios. Porque o señor Rivas non foi capaz de facelo o outro día na pregunta, e foi o que lle pedimos, que entre todos condenemos os comportamentos incendiarios. E logo falamos das consecuencias. (*Murmurios.*)

Pero quedábame falar tamén do terceiro piar, do terceiro bloque, respondendo ás súas preguntas, que ten que ver coa situación do servizo. E aí quero deixar claro que nós non paramos de introducir melloras —acreditadas, como lle vou trasladar agora— en materia de persoal, de dotacións de medios aéreos e terrestres, de vixilancia, de coordinación interadministrativa e de xestión forestal. E eu, falando do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios de Galicia, teño que pedir, coma sempre, respecto. Mire, escoitalos falar de mala coordinación, de pouca profesionalidade ou de falta de actitude é unha barbaridade. Nos incendios que visitei este verán, ademais de escoitar críticas dos veciños e de falar con todo aquel que se achegase, puiden comprobar a espectacular actitude, a impresionante profesionalidade e a sensacional coordinación que teñen os bombeiros forestais, os axentes ambientais e todos os compoñentes do dispositivo de prevención e extinción de incendios de Galicia neses momentos de tensión, de risco e de incerteza. Se vostedes pensan que con este discurso crítico atacan o Goberno, o conselleiro ou a quen vostedes consideren, a quen realmente causan dano é ao conxunto de homes e mulleres que integran o dispositivo. (*Murmurios.*) Escolten os datos. Miren, só en Ourense, nesa fin de semana, se despregaron un total de dúas mil persoas e 38 medios aéreos, que traballaron insistentemente ata acabar coa lacra dos lumes que se atopaban activos.

Fálame de coordinación. ¿Sabe o que se fixo en todo momento?, ¿sabe o que se fixo en todo momento cos medios aéreos? Defender as aldeas que podían arder e que estaban en situación 2. E tivemos que estar movendo constantemente medios aéreos cos mellores profesionais de coordinación para defender esas aldeas. Grazas a Deus non ardeu ningunha, e houbo momentos de moita tensión. ¡Como para poñer en dúbida esa coordinación! Pídolles, por favor, que reflexionen nestas afirmacións. Eu, como conselleiro do Medio Rural, pero tamén como galego, estou agradecido de contar cuns profesionais desta talla. (*Aplausos.*) E nunca me cansarei de poñer en valor o seu encomiable traballo nunhas condicións tan extremas e adversas.

Miren, falar así é para eles dicir que se me enche a boca de halagos. Vostedes dino como crítica e eu considéroo como un cumprimento. Falar así da xente que forma parte do servizo, cuestionar a profesionalidade de quen arrisca a vida para salvagardar a seguridade dos galegos



e das galegas, de todos nós e do noso territorio, é unha falta de respecto intolerable. Dende o director xeral ata o último bombeiro forestal, contamos cun dispositivo extraordinario baixo un mando único, cunha coordinación óptima que permitiu extinguir os lumes ao tempo de comezar os labores de investigación pertinentes.

¿Temos que seguir mellorando o funcionamento do servizo? Pois claro que si. Pero hai un compromiso por parte da Xunta. E doulle tamén datos. Mire, traballamos, de acordo coas recomendacións do ditame, en facer un servizo público único e versátil. Incorporamos ao servizo, a partir do 2017, quíntos traballadores que estaban na entidade pública Seaga. Pero é que a mil traballadores do servizo lles pasamos o tempo de traballo de tres a seis meses —¡12 millóns de euros de investimento!—.

Fala de que hai multitude de prazas sen cubrir. Hai datos que poden acreditar e traerllos aquí ao presidente. Hai o 92,66 % de taxa de ocupación no conxunto do servizo, servizo que este ano volveu ter un récord na atención aos incendios, con menos de vinte minutos dende que se ten coñecemento da existencia do lume ata que están alí estes homes e mulleres que nos defenden para apagalo; e, ademais, cunha taxa de conatos do 74,8 % do total dos incendios —unha das mellores, por suposto, de España—.

Miren, eu remato como rematou vostede a súa primeira intervención. Este é un problema que nos atinxe a todos e a todas por igual. O inimigo é común. O único que conseguimos realizando críticas á Consellería é trasladar estas críticas ao servizo provocando unha reacción da cidadanía que non beneficia o conxunto dos galegos e das galegas, e, en concreto, prexudica a todos os profesionais do servizo. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Por iso, señor Seco, debemos sumar esforzos na loita contra os incendios forestais e dar coas solucións estruturais axeitadas, todos xuntos e con consenso.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

*(O señor Rivas Cruz pide a palabra.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¿Para que quere a palabra, señor Rivas?

**O señor RIVAS CRUZ:** Ao abeiro do artigo 76, por alusións.

**O señor PRESIDENTE:** Ten un turno. Foi aludido cun xuízo de valor.

**O señor RIVAS CRUZ:** Dende o BNG, este deputado e o BNG condenamos...

**O señor PRESIDENTE:** Perdón, pero non se escoita.

**O señor RIVAS CRUZ:** Digo que desde o BNG —e este deputado— condenamos os incendios, evidentemente, pero condenamos tamén a política incendiaria da Xunta, rotundamente. *(Aplausos.)*



O señor conselleiro non pode basear a súa política nos aloumiños que lle fai de palabra ao servizo contra incendios. A política que hai que facer para atallar os incendios é unha política estrutural que ten que ir ás causas do problema, ten que ordenar o monte e ten que dar actividade ao medio rural para que xere actividade económica e xere xestión do territorio. *(For-tes murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio, por favor! O debate diríxoo eu.

¡Silencio!

**O señor RIVAS CRUZ:** ¿Doe, verdade? ¡Claro que doe! ¡Son corenta anos de políticas de destrución do territorio, corenta anos! *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

¡O debate diríxoo eu! ¡Silencio, por favor! Sei cando teño que dar a palabra e cando non a teño que dar. Teñan coidado coas alusións, todos, porque teño que ser xusto niso. Polo tanto, midan vostedes as intervencións.

Continuamos coas preguntas ao Goberno. É o punto oitavo da orde do día.

**Pregunta de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores e dous deputados/as máis do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para posibilitar a viabilidade e o mantemento dos postos de traballo da conserveira Thenaisie Pro-voté, no concello do Grove**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra a señora Prado.

Cando queira.

**A señora PRADO CORES:** Moi boa tarde a todos e a todas, e especialmente ao comité de empresa de Thenaisie, que nos está seguindo nunha sala do Parlamento e ao que quero desde aquí trasladarlle todo o apoio e o alento do Bloque Nacionalista Galego. *(Aplausos.)*

Thenaisie é unha empresa das máis importantes do Grove, un motor económico fundamental, unha conserveira con máis de cen anos de historia. Na actualidade conta con 125 empregos directos entre a planta produtiva, situada no Grove, e a parte loxística, no concello de Mos, aos que hai que sumar os máis de douscentos temporais e todos os indirectos. E hai tamén que destacar que o 90 % do cadro de persoal son mulleres.

En 2018 foi adquirida por unha empresa romanesa, Scandia Food, que pasou a ser socio único e que en apenas dous anos a levou a concurso de acredores. Hai moitísima preocupación pola situación da empresa, porque chove sobre mollado. No Salnés fomos vendo como as empresas dun sector estratéxico como é a conserva, que chegou a xerar miles de postos de



traballo —fundamentalmente de mulleres—, foron desaparecendo unha tras outra. E hai que dicir que ¡basta xa!, (*Aplausos.*) que o concello do Grove e a comarca do Salnés non poden permitirse o peche de Thenaisie e a perda de tecido industrial e demais postos de traballo. A situación de incerteza das traballadoras desta conserveira é total. Están loitando polos seus postos de traballo, polo seu presente, mais tamén polo futuro, pola permanencia de actividade industrial que garanta traballo a outras xeracións, que garanta traballo digno na terra tamén para o futuro.

E transcorren os meses e non ven solucións. A Xunta ten manifestado que teñen contactos posibles, que hai posibles investidores, mais ningunha concreción. E preocúpanos que de novo poidan ser fogos de artificio e non pasen diso. O máis cerca que se estivo dunha alternativa foi coa proposta dun empresario galego que explicitou publicamente o seu compromiso. Explicítono diante do comité de empresa e de todos os grupos políticos con representación no Concello do Grove, que manifestaron o apoio a esta empresa porque a consideraban viable. E tiña o apoio de Anfaco e o apoio de Zona Franca de Vigo, porque vían que se podía garantir o mantemento dos postos de traballo. E o actual propietario boicoteou esta proposta.

Queremos saber, polo tanto, señora conselleira, se a Xunta está traballando con esta alternativa —que foi a única que se concretou— ou cales son os outros posibles investidores, o nivel de confianza nas ofertas, se teñen compromisos firmes e se Scandia ten o compromiso de botarse a un lado se hai investidor.

Consideramos que Scandia ten que facelo, porque non hai ningunha xustificación para que, tendo instalacións modernas, cadro de persoal experimentado e capaz, e cun sector da conserva en alza, non se fose capaz de manter un proxecto empresarial coma este. A actuación responsable do cadro de persoal ten que ter correlación na Xunta de Galiza, señora conselleira. É preciso que se poñan do seu lado e que se remanguen para buscar solucións.

Polo tanto, hoxe queremos que nos diga o que está facendo a Xunta para darlle unha saída, unha alternativa, á conserveira Thenaisie. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

Resposta da conselleira do Mar.

**A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo):** Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Prado, tamén as miñas primeiras palabras teñen que ser de saúdo para todos os representantes dos traballadores do comité de empresa de Thenaisie provoté. (*Aplausos.*) Estou segura de que xa se comentaron na comisión do pasado día 8 todas as accións que a Xunta de Galicia está a desenvolver para permitir a viabilidade desta empresa e a continuidade dos postos de traballo. De calquera xeito, gústame esta oportunidade que me brinda hoxe para reiterar que estamos traballando na busca dun socio industrial e que somos perfectamente conscientes de que, con dificultades, imos conseguir salvar a fábrica de Thenaisie Provoté.





Esta mesma semana, o luns, tivo lugar un novo encontro co comité de empresa no que referendamos esas accións e a intención de seguir nesta liña. Porque —teño que volver dicilo— somos conscientes de que Thenaisie Provoté conta con instalacións modernas, marcas comerciais recoñecidas e, sobre todo, cuns auténticos traballadores que saben facer moi ben o seu traballo, cunha longa experiencia. Xa que logo, a nosa máxima prioridade é, coma sempre, velar por que se manteña a actividade industrial. E está fóra de toda dúbida a preocupación que sente a Xunta de Galicia pola situación delicada que está a atravesar esta empresa.

Xa son varias as ocasións nas que, tanto a directora de Pesca como o director xeral do Igape, se teñen reunido co comité de empresa, reunións nas que se pode observar que a posición a favor do mantemento do emprego e da actividade é común, tanto para os traballadores como para a propia Xunta.

No mesmo senso, tanto o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación coma min temos realizado contactos na busca dese socio industrial, e estamos a traballar para reconducir a situación co obxectivo de manter a produción de Thenaisie Provoté e o maior número de empregos posibles.

Tamén, e como xa se dixo, as dúas consellerías manteñen, ademais, contactos tanto coa propiedade actual como con posibles socios investidores en aras de lograr este obxectivo, como tamén cos traballadores, para sumar alternativas e propostas, tendo lugar o último destes contactos, como lles dicía, o pasado luns.

Neste senso, e falando da busca dun socio industrial, cabe sinalar que a primeira opción do Goberno galego sempre será unha opción que permita centrar o capital industrial conserveiro en Galicia, pero temos que volver reiterar que é distinto que veña unha empresa de fóra a que a empresa vaia fóra a producir.

Finalizo. Esta empresa pode e debe ter saída, e por iso seguimos traballando para atopar ese socio industrial e para que, baseada a xestión na experiencia e na capacidade de coñecemento da produción e do mercado, poida seguir dando un futuro ás plantas, e sobre todo ao emprego.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

Para a réplica, a señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Eu, realmente, parabenízome de que vostede veña hoxe con este espírito de optimismo dicindo que agarda unha solución, porque o comité de empresa está hoxe aquí, no Parlamento, agardando que a Xunta traslade un compromiso firme de presentar unha alternativa. Agardan que a Xunta cumpra o que o actual vicepresidente económico prometeu o 6 de xullo, uns días antes da campaña electoral, que era desatascar o tema. Tamén lles dixo moi boas palabras, e a aquela altura tamén había investidores, o que pasa é



que tres meses despois seguimos tendo unha reunión que xera outra reunión, pero non temos nada en concreto, señora conselleira.

As traballadoras agardan que interveñan, que negocien e que o fagan en prazo porque o tempo xoga en contra, porque canto máis avanza o tempo máis se deteriora o valor da empresa. Vostede sábeo ben. É evidente que para Scandia o mantemento do proxecto empresarial e dos postos de traballo non é unha prioridade, demostrouno xa por activa e por pasiva, mais para a Xunta si que ten que ser unha prioridade actuar decididamente, non deste xeito, que a nós, e sobre todo ao comité de empresa, nos parece que é demasiado demorado, porque teño que lembrarlle que levan cinco meses en concurso de acredores.

O Goberno galego ten a competencia en política industrial, en emprego e en política pesqueira, e o que lle pedimos é que exerzan esas competencias, que as exerzan e que presenten unha alternativa, que non permitan o aumento do deserto industrial no que se está convertendo Galiza de norte a sur e de leste a oeste, porque, detrás dese deserto, o que hai é precarización e desemprego, o que hai é unha Galiza minguante, e, dende logo, non queremos que iso aconteza. E tampouco queremos que se perda unha empresa, emprego industrial e emprego feminino, que todos sabemos o escasas que son as dúas cousas no noso país.

Ten que haber unha alternativa para unha empresa que, efectivamente, ten instalacións modernas, cadro de persoal capaz, e un sector da conserva en alza, e o que se necesita é un investidor que queira tirar, precisamente, pola empresa. Se é así tan doado, o que lle pedimos é que o faga en tempo e prazo, porque o Goberno ten instrumentos... *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado. Rematou o seu tempo.

*(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

Rematou o seu tempo, señora Prado, xa sabe como é isto. Grazas.

Para o peche da pregunta, a conselleira do Mar.

**A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo):** Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Prado, a verdade é non me quedou nada claro. Vostede fala de que estamos desmantelando todas as empresas, pero logo, ao terminar, falaba dunha empresa en alza, dun sector en alza... Voulle dar uns datos.

Mire, o sector conserveiro da industria de transformación de peixe e marisco de Galicia está nun moi bo momento, por moito que vostede se empeñe en falar de destrución de emprego. Nos últimos cinco anos creáronse máis de mil postos de traballo na industria de transformación, a facturación nos últimos dous anos subiu un 14 % e no conxelado estivemos en cifras próximas ao 20 %. En exportación, pois mire, entre o ano 2009 e 2019 incrementouse



o seu valor en máis dun 100 %, pasamos de 350 millóns de euros en exportación a 710 millóns de euros. Se falamos de todo o que ten que ver coa exportación dos produtos do mar, vemos que subimos máis de 2.200 millóns de euros. Hoxe, Galicia é a rexión número 10 en valor de exportación, estando por encima de países tan pequenos como Xapón ou como Islandia. Tamén temos avanzado nun tema moi importante, que é no incremento do valor engadido. Soamente nos últimos dez anos se incrementou o prezo medio do valor engadido do produto en máis dun 40 %.

Outro dato para que vostede poida ver que estamos acreditando que non destruímos emprego, que a industria conserveira galega está moito mellor que o resto de España, é que o IPI do ano 2019 en Galicia se incrementou un 5,2 % fronte ao 1,9 % que se incrementou de media en España.

Polo tanto, axuden o sector conserveiro, axuden a falar ben do que estamos facendo ben en Galicia. Esas noticias que vostedes intentan trasladarlle á sociedade dun sector en crise, dun sector que se está desvanecendo, non son así, todo o contrario. E nós, tanto o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Emprego e Innovación coma min, estamos convencidos de que seremos capaces de axudarlle a Scandia a encontrar ese socio investidor que dea futuro a esta planta no Grove. Por iso estamos traballando con rigor, dende o minuto un. Tardaremos máis ou menos tempo, pero as cousas gústanos facelas ben, e de todos os traballos que estamos a facer manterémolos informados, por suposto ao comité de empresa. Os dous directores xerais, tanto a directora xeral de Pesca como o director xeral do Igape teñen reunións constantes para mantelos informados de todos os pasos que estamos dando.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

### *Acumulación de dúas preguntas para a súa formulación conxunta*

**O señor PRESIDENTE:** Debatenos agora de xeito acumulado unha pregunta de don Daniel Castro e outra de dona Patricia Otero.

**Pregunta de D. Daniel Castro García, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que está a defender o Goberno galego diante da crise de Alcoa**

**Pregunta de D<sup>a</sup> Patricia Otero Rodríguez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que está a desenvolver o Goberno galego en relación coa situación de Alcoa, en San Cibrao, na provincia de Lugo**

**O señor PRESIDENTE:** Comeza formulando a pregunta o señor Daniel Castro, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Cando Queira.

**O señor CASTRO GARCÍA:** Moitas grazas, presidente.



Boa tarde, conselleiro.

Levamos desde o mes de xuño sabendo que Alcoa quería marchar, que quería levar a cabo un ERE na factoría de San Cibrao, mais, en realidade, levamos xa desde o ano 2012 sabendo que este problema existía e que máis tarde ou máis cedo a situación que estamos a vivir ía ocorrer. E mire, xa desde esa o BNG estaba manifestándose e defendendo o emprego da fábrica.

Pero con isto quero dicir que Alcoa está a seguir unha folla de ruta, e sabémolo todos e todas. E se o fai, entre outras cousas, é porque pode, pode por obra e grazas da súa reforma laboral, da reforma laboral do Partido Popular, xa que se vostedes non levasen a cabo tal reforma a decisión non estaría soamente en mans de Alcoa, porque requiriría de autorización administrativa previa. *(Aplausos.)*

Vostedes, que tanto falan, ¿consideran que iso é estar do bando dos traballadores e das traballadoras? E digo isto porque o que non pode ser é que unha multinacional ianqui poida rirse con letras maiúsculas de dúas administracións como o Goberno da Xunta e o Goberno estatal. Teñen as ferramentas a man, empréguenas, interveñan xa, xa que, se A Mariña leva reclamando durante meses que a solución é unha intervención, por algo será. Déixense das formas sosegadas, abandonen o gabinete de prensa e interveñan xa, repito, ¿ou van seguir atrevéndose a dicirlle á xente que leva meses manifestándose e en folga que precisa de sosego?

Pódese nacionalizar, é posible, e o que é máis importante, é necesario, polo que deixen de mentirlle á poboación. E por iso lle volvemos preguntar: ¿está traballando xa na intervención? ¿Van ter preparada a intervención pública antes do día 20 deste mes?

Remato, e non quería facelo sen determe nunha das palabras que dicía o presidente da Xunta na sesión de pola mañá. Di que teñen todo o compromiso coa Mariña e cos traballadoras e traballadores de Alcoa, e eu pregúntome: ¿pode dicir iso un presidente dun país que non se dignou a pisar a comarca da Mariña durante todos os meses de mobilizacións? *(Aplausos.)* ¿Pode dicir iso así? Non o vimos por ningures, non o vimos, debe de ser o medo. ¿Pode dicir iso un presidente que ten medo do seu propio pobo? *(Murmurios.)* —tranquilos, que eu escoitei todo moi ben—. Estamos no desconto, e A Mariña e este país non poden agardar máis. Escolten a xente, e fágano porque na Mariña non imos deixar que unha multinacional acabe con nós. A Mariña non fallou, non o fagan vostedes. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Castro.

Formula agora a pregunta dona Patricia Otero.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** Grazas, presidente.

Benvido, conselleiro.

Vaia por diante o respaldo do Grupo Parlamentario Socialista aos traballadores de Alcoa e aos seus representantes legais, así como aos traballadores das auxiliares, que se levan mo-



bilizando lexitimamente e reclamando o mantemento da produción e a defensa dos seus postos de traballo. (*Aplausos.*)

A unidade para superar a crise plantexada por Alcoa é imprescindible, e o meu grupo felicítase por iso; unidade de traballadores, da veciñanza, de alcaldes e alcaldesas da Mariña e das administracións central e autonómica. E tamén quero poñer en valor a ponderación e a medida que está a demostrar vostede, señor Conde, nas súas últimas intervencións públicas. Lástima que o que escoitamos hoxe pola mañá por parte do presidente da Xunta se aparte deste espírito e volva ao argumentario da tarifa eléctrica, que só traballa este argumentario a favor de Alcoa e non dos seus traballadores.

En calquera caso, xa sabemos que para o señor Feijóo a culpa pode chegar incluso a ser ata do Banco de España; de todo o mundo menos del. En fin, o señor Feijóo, en estado puro.

Pero o importante é que, tras as eleccións autonómicas, o Goberno galego viñera ás teses que sempre defendemos os socialistas, porque nós non cambiamos de posicionamento. Pero, como dicía, o importante é que a Xunta de Galicia entrara en razón e xa só o señor Feijóo sexa o que recorra a argumentos obsoletos que só introducen confusión.

Hoxe todos e todas coincidimos en que Alcoa carece doutra razón que non sexa a vontade para deslocalizar a produción e deixar a San Cibrao e á Mariña lucense nun deserto para os seus traballadores con tal de non vender a un posible competidor.

Facemos ben en seguir fixando a estratexia, en facer desistir a Alcoa e que ceda paso a un novo investidor cun proxecto de futuro para a planta. A inflexibilidade mostrada por Alcoa na negociación levou ao Goberno de España, en colaboración coa Xunta, a realizar un ofrecemento para negociar directamente con Alcoa e que a factoría fose adquirida pola SEPI para transferila posteriormente a Liberty.

Onte a propia ministra comprometíase de novo a analizar todos os instrumentos posibles para salvar a factoría e, en coordinación coa Xunta, exixirlle a Alcoa que xustifique o cumprimento da lexislación laboral e medioambiental, e dicíalle que, se aprecian evidencia de incumprimento, había que reclamarlle que devolvan todas as axudas públicas que recibiron. E cabe recordar que este mesmo luns o propio Ministerio enviou un requirimento cos requisitos para recibir as compensacións de CO2 do ano 2019.

Por iso, este Grupo Socialista pregúntalle: ¿que actuacións está a levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación da factoría de Alcoa, en San Cibrao?

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Otero.

Resposta do vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, don Francisco Conde López.



**O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Castro, señora Otero, agradézolles que trasladen a situación de Alcoa a este Parlamento e que, polo tanto, poidamos nós trasladar cal é a situación actual, que coñecen perfectamente os traballadores, porque estamos en contacto permanente tanto con eles como co Goberno de España. Xa lles digo que llelo agradezo.

Creo que non é o momento de intereses partidistas. Lamentablemente, tiven que escoitar esta tarde posicións máis partidistas que de defensa dos traballadores de Alcoa. (*Aplausos.*) Eu, señorías, non penso entrar neste xogo, son 1.000 familias as que están afectadas pola situación dunha decisión inxusta por parte dunha multinacional como Alcoa, e este Goberno, este grupo parlamentario, considera que estamos no momento de sumar por parte de todas as forzas políticas para que Alcoa poida recapacitar e que, polo tanto, se sente de novo a negociar un acordo que dea viabilidade á fábrica e garanta o emprego. E creo señorías, que é o momento —incluso esta tarde— de actuar cunha soa voz e de, polo tanto, non utilizar o uso da palabra para intentar confrontar, porque iso, lamentablemente, non lles vai solucionar os problemas aos traballadores.

Creo que deberíamos ser capaces de seguir amosando a unanimidade que no pasado pleno trasladamos neste mesmo Parlamento os tres grupos parlamentarios, e nese contexto creo que é onde temos que traballar. A Xunta de Galicia, dende logo, ten demostrado durante todos estes anos —e falo de anos—, dende o ano 2011, que os traballadores de Alcoa sempre a tiveron ao seu lado para atopar solucións en cada momento, e esas solucións atopáronse. O obxectivo claramente nestes momentos é manter a actividade industrial, polo tanto, impedir a paralización das cubas e salvaguardar ese milleiro de empregos que están en xogo nestes momentos na xornada. E nós farémolo igual que o fixemos sempre, témolo demostrado no seu momento cando construímos o gasoduto da Mariña e tamén cando tivemos que establecer axudas para reconvertir os fornos de fueoil a gas na planta de alúmina. Cumprimos tamén coas necesidades que tiña o sector para impulsar a súa consideración como sector electrointensivo esencial estratéxico e, por suposto, nestes momentos estamos traballando tamén para que, a través da colaboración co Goberno, se poida impulsar a modernización da planta a través do Plan nacional de recuperación e resiliencia.

Somos plenamente conscientes da dificultade do momento, e neste Parlamento xa trasladamos como a Xunta de Galicia actuou en todo momento con responsabilidade e con rigor, porque aquí estamos falando de cuestións que afectan a legalidade. Cando tivemos que actuar a través da Autoridade Laboral en todo o proceso de negociación do ERE, fixémoslo. A Autoridade Laboral fixo dez advertencias e trasladoulle a Alcoa a advertencia de que estaba actuando ou de que podía actuar de mala fe e que, polo tanto, podía estar incumprindo os principios sobre os cales se estaba desenvolvendo ese ERE, e fixémoslo. Lamentablemente, nestes momentos estamos nunha decisión que ten que tomar Alcoa, e somos plenamente conscientes de que as dúas administracións —que estamos traballando conxuntamente, tanto o Goberno de España como a Xunta de Galicia— temos que seguir traballando no eido e no contorno da legalidade.



Polo tanto, sabemos que hai cuestións de carácter administrativo que afectan a situación da planta dende o punto de vista medioambiental e dende o punto de vista industrial e, loxicamente, estamos traballando nese contexto. E nós non estamos desbotando, nin o Goberno de España nin a Xunta de Galicia, ningunha medida, xa sexa administrativa ou xa sexa xudicial para poder revertir esta decisión unilateral que tomou Alcoa. Polo tanto, señorías, creo que nese contexto é onde as forzas políticas nos temos que desenvolver; e, dende logo, este goberno, a Xunta de Galicia, está traballando nesa dirección.

Nós, señor Castro, non vimos aquí confrontar, non conte con nós. E se vostede non coñece a realidade do seu pobo, eu laméntoo moitísimo, (*Risos.*) laméntoo moitísimo. Incluso non ten constancia de todas as actuacións que se levaron a cabo por parte do presidente da Xunta de Galicia e da propia Xunta de Galicia. Eu remítoos simplemente á hemeroteca porque os traballadores de Alcoa non merecen que eu lle conteste esta tarde.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente.

Para a réplica, o señor Castro.

**O señor CASTRO GARCÍA:** Moitas grazas, presidente.

Eu non sei se coñezo a realidade do meu pobo, pero por algo estou día si día tamén na factoría de Alcoa e cos traballadores. Non sei se pode dicir o mesmo.

E a verdade é que o vexo bastante sabio a vostede —e oxalá se transmitise iso ao presidente da Xunta— porque o que veu facer partidismo aquí foi o presidente pola mañá. (*Aplausos.*) E, moi ben; ou sexa, vostede di que non me quere responder á pregunta, e paréceme superbén, pero vostede sabe que a venda xa non é posible, e non o é non porque o diga eu, dío a propia Alcoa. Entón, por iso volvemos preguntar: ¿vai participar a Xunta na intervención? Se Alcoa segue nas mesmas —que todos sabemos que vai seguir—, ¿vai estar o día 20 a Xunta de Galiza cunha intervención xa preparada? Non sei que dicir, a verdade, pero, bueno...

O BNG estivo, está e estará, así que lle volvemos preguntar: ¿está disposto a intervir a factoría de Alcoa? É unha resposta fácil: si ou non. Sabemos cal é a opinión de Alcoa.

Mais quero acabar dándolle tamén unha resposta aos e ás mariñás —xa que vostede di que non os coñezo e que non merecen unha resposta ante a miña pregunta..., bueno, non sei o que consideran eles e elas—. Quérolles dicir que sodes exemplo e que fomos exemplo porque o demostramos e porque aquí demostramos que hai un pobo digno, un pobo que non se dobrega nin ante o capital nin ante ningunha inxustiza. Así que remato dicindo que non... (*Protestas.*) —¡tranquilos, por favor, e tranquilas!— (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Así que, por favor —como ía dicindo—, mariñáns e mariñás, temos que seguir con este berro que nos levou até agora, e por iso estamos así, que é que A Mariña se salva loitando, que nós estivemos, estamos e estaremos e que cubas, si, ianquis, non. (*Aplausos.*)

Moitas grazas. (*Aplausos.*)



**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Castro.

*(Aplausos.) (Murmurios.)*

*(A señora Nóvoa Iglesias pronuncia palabras que non se perciben.)*

Silencio, por favor, señora Nóvoa.

Señora Nóvoa, non, non... Temos que ter todos coidado; pedinlles a todos que non falemos en alto. E pídllelo desde o punto de vista sanitario. *(Murmurios.)* Non, non, non anden de broma con isto, por favor. Lean hoxe a entrevista do doutor Gestal e así saberán de que vai isto, porque, claro, non podemos estar sempre con isto.

Para a réplica, a señora Otero.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** Grazas, presidente.

Señor Conde, eu entendo que contestar conxuntamente as dúas preguntas formuladas poida levar a confundirse, pero eu creo que en ningún momento da miña intervención fixen partidismo; é máis, falei en repetidas ocasións da unidade que hai agora entre as dúas administracións, da coordinación, tras as eleccións autonómicas, das dúas administracións, e incluso lle agradecín as súas últimas declaracións. Polo tanto, eu non sei onde viu o partidismo que eu fixen coa miña intervención. Podería entender que falaba vostede de partidismo cando eu lle dicía anteriormente que nos alegrabamos de que a Xunta de Galicia viñera ás teses que sempre defendeu o Partido Socialista e que os feitos puxeron en evidencia, que é que o prezo da enerxía era só unha escusa de Alcoa para ocultar a súa decisión e o seu obxectivo —xa máis que evidente hoxe en día— de dar lugar a unha deslocalización da produción.

Porque, mire, Alcoa dixo claramente —vostede estaba nesa mesa multilateral— que aínda que lle regalaran o prezo da enerxía ía marchar. Polo tanto, se o prezo da enerxía non é un problema para o comprador, non sei por que o vai ser para o vendedor. Nós o que lle pedimos á Xunta de Galicia é que, se finalmente Alcoa presenta ese despedimento colectivo, a propia Xunta de Galicia, a través da súa autoridade laboral competente, valore a posibilidade de ver que os termos nos que plantexa Alcoa ese procedemento de despedimento colectivo se están a levar a cabo en fraude de lei, o que suporía a súa paralización inmediata.

Eu recoméndolle e suxírolle ao Bloque Nacionalista Galego que non queimemos etapas sen esgotalas e que non rompamos a unidade que é decisiva para poder lograr que Alcoa resista. Non nos convertamos sequera involuntariamente en aliados de Alcoa desviando a atención.

Polo tanto, no que insisto é en que traballemos todos e todas xuntas...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Otero.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** ...para darlle un futuro á Mariña.





**O señor PRESIDENTE:** Terminou o seu tempo.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Para o peche destas preguntas, o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación.

**O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López):** Señora Castro, eu intentei trasladar cal é a situación; efectivamente, non lle respotei. Como insiste, si lle teño que dicir que a Xunta de Galicia non mudou en ningún momento a súa postura, en ningún momento. A Xunta de Galicia dende o primeiro momento trasladou que a industria electrointensiva en España ten un problema de prezo eléctrico competitivo. E, se non, podemos falar da situación que nestes momentos está a atravesar Celsa, da que está a atravesar Ferroatlántica ou da que está a atravesar Cee-Dumbría. Seguramente as palabras que vostede pretende trasladar á situación de Alcoa irían na súa contra porque, efectivamente, en España hai un problema de prezo eléctrico competitivo nas industrias electrointensivas. Non temos aprobado un estatuto de consumidores electrointensivos, non temos un marco estable de funcionamento dos mecanismos de compensación de CO<sub>2</sub>, porque o Goberno aínda non está aplicando ao máximo o que permite a Comisión Europea, non temos o mecanismo de subhasta, que xa se retirou, e non coñecemos como vai ser o que o vai substituír. Hai un problema obxectivo para o conxunto das empresas electrointensivas en España: non temos un prezo eléctrico competitivo. E hai simplemente que ir aos datos. En España nestes momentos o prezo eléctrico para a industria é de 48 euros/megavatio. Ese mesmo prezo para a mesma industria nestes momentos en Alemaña é de 20 euros/megavatio. Se vostede entende que iso non é un problema da industria electrointensiva en España e que en España temos unha realidade nese contexto, seguramente estaremos enfocando mal a situación. Pero, dende logo, a Xunta de Galicia non mudou en ningún momento a súa postura. A Xunta de Galicia ten claro que ten un único obxectivo, e é que Alcoa San Cibrao manteña a súa actividade industrial e que, polo tanto, se manteñan os 1.000 postos de traballo directos e indirectos vinculados con esa fábrica.

E nestes momentos estamos traballando conxuntamente co Goberno de España porque, efectivamente, unha vez que finalizaron as eleccións autonómicas e no momento en que conseguimos que a través das diferentes advertencias que se lle trasladaron por parte da Autoridade Laboral da Xunta de Galicia Alcoa accedese a negociar con Liberty, nese momento hai unha unidade de acción por parte das dúas administracións, que eu lle agradezo ao Goberno de España, ao Ministerio de Industria e ao Ministerio de Transición Ecolóxica, que están poñendo todos os medios e todos os instrumentos para traballar conxuntamente coa Xunta de Galicia e cos traballadores para reverter unha situación.

Polo tanto, creo que nestes momentos todos temos claro, o Goberno de España e a Xunta de Galicia, que tan só hai un camiño posible, que é manternos ao lado dos traballadores para impedir a paralización das cubas. Aí é onde nos vai encontrar Alcoa e, por suposto, os traballadores, que saben que poden contar co apoio da Xunta de Galicia. É certo que Alcoa está



a tempo de rectificar, iso é certo e, polo tanto, nada lle impide nestes momentos sentarse de novo a negociar para alcanzar un acordo nin nada lle impide pechar e saber marchar, que é o que lle trasladamos durante todo o proceso, sobre todo porque hai un comprador que nestes momentos segue interesado en facer os investimentos e, polo tanto, segue interesado na planta. Cremos que iso é o que nos ten que levar a atopar unha solución.

Señor Castro, creo que esta mañá non estivo moi atento á intervención do presidente, porque o presidente foi bastante claro cando falou sobre a intervención por parte das dúas administracións. Pero eu o que lle pediría é que cando queira falar da intervención, primeiro, o faga con rigor, porque iso seguramente axudará a establecer o debate; e o rigor o que dita é que temos que deixar traballar os Servizos Xurídicos da Avogacía do Estado e da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia para acreditar realmente, dende o punto de vista dos diferentes procedementos administrativos e legais, cal é a mellor alternativa que podemos poñer sobre a mesa. Iso terano que ditar, señor Castro, os Servizos Xurídicos do Estado e tamén da Xunta de Galicia. E nese contexto estamos traballando, os traballadores sábeno. Nós, dende logo, non imos desbotar ningunha vía para poder dar unha solución que só pasa por manter a actividade da planta.

E a partir de aí, loxicamente, eu o que lle pediría ao Bloque Nacionalista Galego é que non confundan, porque cando queren comparar a situación de Alcoa coa situación de Alemaña, nada ten que ver. Veñen aquí e queren confundir comparando as medidas que se están tomando en Alemaña coas que se poden tomar aquí, en España, e saben perfectamente que esas axudas de Lufthansa van destinadas a inxectarlles liquidez ás empresas afectadas pola caída extraordinaria da actividade, que non ten nada, absolutamente nada que ver, coa situación que ten Alcoa. De feito, o Goberno de España sabe que conta cun instrumento similar, que é o Fondo de apoio á solvencia de empresas estratéxicas, que está tamén autorizado pola Comisión Europea.

Polo tanto, señor Castro, non veñan confundir, xa enganaron suficientemente os traballadores, deixen de enganar a xente e únense á unidade de acción da Xunta de Galicia e do Goberno de España precisamente para apoiar os traballadores.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, vicepresidente.

**Pregunta de D<sup>a</sup> María Elena Candia López e seis deputados/as máis, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre as medidas que puxo en marcha a Xunta de Galicia para garantir a sostibilidade do sector do transporte público por estrada e para favorecer unha mobilidade segura**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra o señor Fernández Prado.

**O señor FERNÁNDEZ PRADO:** Grazas, presidente.

Boas tardes, conselleira.



Como todos sabemos, a situación orixinada pola covid-19, ademais das evidentes consecuencias sanitarias, tamén está a ter consecuencias sociais e económicas de longo alcance que afectan os distintos sectores, tamén o do transporte público de pasaxeiros.

As restricións da mobilidade derivadas da emerxencia sanitaria e da declaración de estado de alarma, así como a diminución dos desprazamentos dos cidadáns, están a ter un forte impacto no sector do transporte. A dispersión territorial e o envellecemento da poboación acentúan a importancia que ten en Galicia o transporte público para garantirles o dereito aos cidadáns á mobilidade e o seu acceso aos servizos básicos.

Co obxectivo de garantir estes dereitos, sabemos tamén que a Xunta foi restablecendo os servizos de transporte público dun xeito acompañado á recuperación da actividade e ao incremento dos desprazamentos; algo que, por certo, non estamos vendo na mesma liña nos que dependen do Goberno de España, tanto en transporte de estradas como de ferrocarril, como aeroportuario.

Sen embargo, esta recuperación da oferta non se veu aínda acompañada da mesma recuperación da demanda, e os niveis de ocupación continúan moi afastados dos que eran no momento antes da declaración do estado de emerxencia sanitaria. Xunto con isto, o sector ten que facer fronte á adaptación e á implantación de medidas de seguridade, protección e hixiene, tanto dos traballadores como dos usuarios, para garantir, evidentemente, que este transporte sexa unha mobilidade segura para todos.

Pois conscientes desta situación, sabemos que a Xunta de Galicia adoptou diversas medidas encamiñadas a favorecer unha mobilidade máis segura e tamén intentar achegar a este sector, transcendental —como dicía—, algo de liquidez para poder afrontar esta baixada de demanda, esta baixada de usuarios, pero aínda así poder prestar este servizo básico.

E non sei se nos pode aclarar nesa liña se Galicia segue esperando aínda o Fondo Covid estatal, cuxa repartición eu creo que aínda está pendente por parte do Ministerio de Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana. Non sei se teñen algunha previsión desde a Consellería para cando está previsto recibir estes fondos e cantos son. E sobre estas achegas de financiamento e de anticipos, non sei se podería concretarnos cales foron ata o momento.

Polo tanto, os deputados do Grupo Popular asinantes plantexamos a seguinte pregunta: ¿que medidas ten posto en marcha a Xunta de Galicia para garantir a sostibilidade do sector do transporte público por estrada e favorecer unha mobilidade segura?

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Prado.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, dona Ethel Vázquez Mourelle.

**A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle):** Grazas, presidente.



Pois, señoría, dende a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade temos un diálogo constante e fluído con todas as federacións de transporte, que aglutinan practicamente o cen por cento do sector. É unha interlocución que reforzamos como consecuencia da pandemia da covid porque o viamos totalmente necesario.

As restricións de mobilidade como consecuencia do estado de alarma realmente foron moi importantes, implicaron reducións de usuarios no transporte do 95 %. É unha diminución brutal de pasaxeiros, unha diminución drástica. Polo tanto, é obvio que a sostibilidade e a viabilidade do transporte público están en perigo e tamén, por suposto, están en perigo os postos de traballo. E se está en perigo o transporte público e están en perigo os postos de traballo, tamén estará en perigo que miles de galegos accedan a servizos básicos como é a educación, a sanidade e todos os servizos básicos, sobre todo, con especial atención ao rural.

Eu quero aproveitar a ocasión para poñer en valor o esforzo de todo o sector xunto coa Xunta de Galicia. Colaboramos e traballamos xuntos con aportacións e con compromisos, o que nos permitiu tomar decisións e medidas consensuadas, como é o restablecemento progresivo das liñas de transporte de autobús por estrada, competencia da Xunta de Galicia. Nestes momentos, o cen por cento das liñas das provincias están restablecidas e, como mínimo, o 80 % das liñas interprovinciais. O certo é que é unha mágoa tremenda que nos servizos ferroviarios, dende logo, non teñan a mesma resposta. Os servizos ferroviarios en Galicia como consecuencia da política do ministro o señor Ábalos pasan de castaña escura en Galicia.

En calquera caso, dende a Xunta de Galicia tomamos decisións e seguirémolas tomando para traballar por un transporte público eficaz, un transporte público seguro. Dende o primeiro momento estivemos traballando para ese transporte público seguro, repartindo material, cun protocolo de protección avalado polo Issga, polo Instituto de Seguridade e Saúde Laboral. Xuntos activamos máis medidas de saúde, moitas máis que o resto dos medios de transporte público —ben o saberán—, máis que o tren e que o avión; reactivamos unha campaña divulgativa para fomentar ese cumprimento da normativa de protección, pensando nese transporte público seguro; promocionamos liñas e incentivos e axudas co programa Reactiva; e tamén garantimos liquidez.

Adiantamos o 10 % da recadación anual do período do estado de alarma, que son 2,4 millóns de euros adiantados. Tamén mantivemos o pago de 2,9 millóns de euros da obrigação de servizo público do pasado 30 de decembro no DOG. Son 3,62 millóns de euros de anticipos. De anticipos deses cartos que non chegan do Estado, que temos que anticipar dende a Xunta de Galicia para ter a flote e para garantir os postos de traballo do transporte público. E ademais 74 millóns de euros coa tarxeta Xente Nova engadida polo transporte público.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira. Ten outra rolda despois.

**A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle):** Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.



Réplica, señor Fernández Prado.

**O señor FERNÁNDEZ PRADO:** Grazas, presidente.

Grazas, conselleira, pola súa resposta.

Vexo que, como pasou na lexislatura pasada, o tema do transporte segue sendo prioritario dentro do Goberno galego e da súa consellería. Creo que a lexislatura pasada puidemos traballar e ver que se produciu a maior modernización da historia no transporte. E alégrome de que siga reforzando e consolidando esta política, especialmente no que ten que ver coas zonas rurais.

Grazas por eses datos facilitados e por ese investimento que detallou. Compartimos que temos que tentar acadar ese cen por cento global nos servizos e facelo, evidentemente, con esas garantías de seguridade e hixiénicas.

Pena que —como tamén dicía antes— isto non o esteamos vendo igual nas políticas do Goberno de España. Hoxe coñecemos que o autobús entre Ferrol e Madrid era suspendido, que tiña tres frecuencias diarias ata hoxe. Xa non é posible comprar estes billetes e deixan Ferrol sen conexión coa capital de España.

Creo sinceramente que este tipo de decisións, pois esta é unha liña estatal, é o mesmo que estamos vendo nas liñas de ferrocarril, onde estamos perdendo liñas, frecuencias e sabemos tamén da venda presencial de billetes nas pequenas estacións. ¡A de veces que falamos disto na lexislatura pasada! Aquí están aproveitando unha desculpa como a pandemia para facer agora o que conseguimos parar na outra lexislatura. Eu creo que son intolerables estas accións que nos fai o Goberno socialista aos galegos.

Porque, ademais, o que é máis sanguento é que todos estes recortes —porque non teñen outro nome— do Goberno de Pedro Sánchez son nas liñas que teñen máis demanda tanto en buses como en ferrocarril, como nas liñas aéreas. E encima, ademais de quitarlas, quitan as que teñen maior demanda e interese para os cidadáns.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Prado...

**O señor FERNÁNDEZ PRADO:** Polo tanto, pedímoslle que siga apoiando este transporte que temos... *(O señor Fernández Prado pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, terminou o seu tempo.

Peche da pregunta, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

**A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle):** Grazas, presidente.

Señoría, é unha mágoa, pero temos que lamentar que, pasados oito meses dende a declaración do estado de alarma, Galicia non reciba nin un só euro dos 28,6 millóns de euros que



se teñen comprometido do Fondo Covid de compensación do transporte público. O certo é que é un momento crítico para o sector do transporte.

Tivemos que, dende a Xunta de Galicia, inxectar 6 millóns de euros, e fixémoslo como balsa salvavidas por tres obxectivos: pola pervivencia das empresas, polos postos de traballo e tamén por garantir ese transporte público especial, imprescindible en Galicia, sobre todo para o noso rural. Esa é unha balsa salvavidas da Xunta de Galicia, porque o certo é que Galicia no día de hoxe non ten recibido nin un só euro do Goberno de Pedro Sánchez, os 28,6 millóns comprometidos do Fondo Covid de compensación de transporte público.

E pretenden que sigamos agardando tres meses. Eu, dende logo, non sei se están durmindo nos *laureles*, pero eu o que lle pido ao Goberno de España, o que lle pido ao Ministerio que preside o ministro Ábalos, é que se poñan as pilas; que se poñan as pilas para restablecer os servizos de tren e que se poñan as pilas para a axuda ao sector do transporte público, polos postos de traballo, para a pervivencia das empresas e tamén porque é imprescindible o transporte público en Galicia.

Nós toda a documentación xa a entregamos o 8 de xullo, e xa pasaron meses; mira que pasaron meses: ¡o 8 de xullo! O 21 de setembro instei a secretaria xeral de Transportes a que materializase ese ingreso que se debe a Galicia: 28,6 millóns de euros, polo ben do sector, polo futuro do sector, polo futuro dos traballadores, polo futuro do transporte público. E o certo é que se ese ingreso efectivo non se materializa; o transporte público coas nosas peculiaridades é fundamental; a dispersión xeográfica, a nosa situación, fai que no noso rural sexa imprescindible. E a resposta do Goberno central —téñoa aquí—, o pasado día 5, é seguir esperando. Eu insisto en que se poñan as pilas, porque a parsimonia non axuda nada, e menos en plena pandemia, porque o sector de transporte público en Galicia precisa que se faga ese ingreso que se comprometeu.

Lamentamos o abandono do Goberno central; nós seguiremos traballando. O certo é que o Goberno de Pedro Sánchez si que segue lixeiro para desmantelar o servizo ferroviario e tamén lixeiro para deixar na estacada un sector estratéxico como é o transporte público. E nós seguiremos reclamando ese fondo compensatorio do transporte público porque se lle deben a Galicia 28,6 millóns de euros. E seguiremos reclamando polo futuro do sector, polos traballadores do sector e porque o transporte público en Galicia en autobús é imprescindible.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Teresa Egerique Mosquera e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da implantación do Plan de transporte metropolitano de Galicia na área metropolitana de Vigo**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra a señora Egerique.

**A señora EGERIQUE MOSQUERA:** Grazas, presidente.



Boas tardes, conselleira.

Vigo é unha cidade que nos últimos anos mudou os seus fluxos de movemento porque houbo actuacións e infraestruturas que así o demandaban. O gran hospital público Álvaro Cunqueiro, en Beade-Valadares, deulle tráfico e maior vida a esa zona, que é lugar de paso e tamén cara ao parque tecnolóxico, acceso á VG-20 ou mesmo á universidade. Podemos falar tamén do crecemento de Vigo cara ao sur co PAU de Navia, onde reside a poboación máis nova, non só de Vigo senón de toda Galicia; é o barrio máis populoso tamén de Vigo.

Estas novas realidades sociais e unha maior peonalización das zonas do centro requiren un transporte público axeitado, diferente ao de hai trece anos. Un transporte público que se adapte aos novos fluxos de mobilidade dos veciños de Vigo e da súa área metropolitana, pois hai quen opta tamén cada vez máis por vivir nos concellos da contorna da cidade.

Polo tanto, os vigueses precisamos un transporte público moderno, áxil e cómodo; todo o contrario ao que temos na cidade. En Vigo temos un servizo de transporte que non diría que é do século XX, diría que é do XIX, pois non evolucionou coa cidade e quedou nun transporte obsoleto e caro, moi caro, que non cobre nin en liñas nin en frecuencias as necesidades máis comúns dos cidadáns de Vigo, sobre todo das parroquias e dos barrios máis afastados do centro, que realmente son os que máis o empregan para as súas xestións, compras, saúde e lecer.

Temos enriba da mesa un proxecto de Vigo Vertical que esquece e arrasa co patrimonio arquitectónico da cidade, que atende ás veces dun xeito pouco acertado os desniveis que poden existir en determinados barrios, pero temos un abandono do transporte público, non temos plan de transporte urbano.

Á diferenza doutras cidades de España do mesmo tamaño, ou incluso menores e menos dispersas, Vigo non avanzou en materia de transporte urbano en quince anos; leva exactamente igual que entón. Mentres as grandes infraestruturas, por certo, da Xunta de Galicia —tamén hai que dicilo— mudan a realidade de vida e mudan —como dixer— os fluxos de mobilidade.

Pola súa banda, a implantación do Plan de transporte metropolitano en Galicia, co desexo de integrarse en todas as cidades, foi importante e trouxo resultados moi positivos para os territorios e para os usuarios. Xa dixer varias veces que, á marxe das administracións, os veciños de Vigo e os seus concellos limítrofes vivimos xa dun xeito metropolitano, porque xa nos movemos polos concellos con moita normalidade. Só hai unha persoa que non o entende; unha persoa que é Abel Caballero, o propio alcalde, quen en lugar de mirar ao futuro, de promover a apertura (*Murmurios.*) e o fluxo entre territorios, queda no século pasado —como dixer— ou no século XIX e opta por pechar a cidade.

E cada vez que fai iso a xustiza dille que non. Tamén intentou facer un párking só para empadroados en Vigo, un aparcamento a carón do Álvaro Cunqueiro. Díxoo no ano 2018 e non pode facelo, porque a lei e a xustiza non llo deixan facer.



Polo tanto, e despois afondarei máis nestes temas, señora conselleira, o que queremos saber agora son os beneficios que a aplicación do transporte metropolitano trouxo aos vigueses, á marxe de que Abel Caballero nos prive aos cidadáns de Vigo de aplicalo no ámbito urbano.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Egerique.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

**A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE: (Vázquez Mourelle):** Grazas, presidente.

Señoría, podo afirmar que a Xunta de Galicia fai unha aposta inequívoca polo transporte público, por un transporte público máis moderno, por un transporte público máis seguro e de calidade e por unha mobilidade máis sostible. Como entendemos a mobilidade como un dereito, é obriga das administracións facilitar ese dereito á mobilidade. E tamén o entendemos facer do mellor xeito posible, e aí entendémolo pois co menor impacto posible nos petos dos galegos. Polo tanto, sumamos aos nosos obxectivos e cualificativos do transporte público de moderno, seguro e de calidade, tamén o de económico, porque nos importa o peto dos galegos.

Aforrar nun servizo tan básico como necesario vémolos como esencial, e facilitar esa axuda económica é un apoio social, porque estamos a falar dun auténtico plan social de transporte público, de fomento do transporte público e de vantaxes económicas para todas as familias. Un transporte público que nos achega a todas partes, como ir á universidade, ir á escola, ao traballo, aos centros sanitarios, xunto coas familias, cos amigos. O transporte público é esencial en Galicia.

Estes obxectivos e todo este traballo enmárcanse no Plan de transporte público de Galicia. Un plan de transporte público metropolitano que está a funcionar na Coruña, en Santiago, en Lugo, tamén na área de Vigo. Pero na área de Vigo sen o concello de cabeceira, como todos xa sabemos.

No caso da área de Vigo, saben que en abril de 2015 acordamos con doce concellos a implantación deste Plan de transporte metropolitano, e inclúe o transporte de ría. E o certo é que o transporte de ría ten datos moi positivos, tremendamente positivos, pois o 40 % dos desprazamentos son en barco e con viaxes bonificadas. Polo tanto, valoración moi positiva.

Ata tal punto é a valoración positiva do Plan de transporte metropolitano na área de Vigo que recentemente renovamos e acordamos entre os doce concellos seguir prorrogando este Plan de transporte metropolitano para o ano 2021. E facémolo a Xunta e os concellos, os doce concellos da man, traendo novas vantaxes e renovándonos continuamente. Saben: a tarxeta Xente Nova no ano 2016, para os menores de 19 anos; unha tarxeta que incrementamos no ano 2020 para facilitar aos menores de 21 anos o transporte público de xeito grauíto, que a faremos extensiva a toda Galicia. Tamén con esa reordenación de liñas para dar





máis cobertura. Acadaremos a finais deste ano un incremento do 63 %. E sobre todo a valoración é tremendamente positiva porque setenta mil familias están utilizando esta tarxeta metropolitana que permite aforros de ata seiscentos euros ao ano, que se entrara Vigo serían de mil.

E hai que pensar no peto dos galegos. E dicir tamén que 16.600 mozos de menos de 21 anos teñen esta tarxeta Xente Nova. Polo tanto, hai que pensar no peto dos galegos. E isto é grazas ao maior investimento da Xunta...

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio, señora Abelairas! *(Murmurios.)*

**A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle):** ...para o transporte metropolitano de Galicia...

**O señor PRESIDENTE:** Oíña eu, pero foi pouquiño. *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

Xa está. ¡Silencio!

Remate.

**A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle):** ...seguro e moderno e, dende logo, accesible para os vigueses. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

Réplica, señora Egerique.

**A señora EGERIQUE MOSQUERA:** Grazas, señora conselleira.

A verdade é que dicía eu na miña anterior intervención que Abel Caballero perdeu unha vez máis en materia de transporte nos tribunais, pero el non quere recoñecelo. Abel Caballero quería discriminar os usuarios do transporte urbano coa tarxeta PassVigo, e a xustiza díxolle que non, principalmente porque na Constitución prohíbese a discriminación por razóns de orixe.

Abel Caballero debería lembrar como era e foi sempre Vigo, unha cidade aberta, aperturista, acolledora, que acolleu a Abel, acolleuno a el tamén, que, por certo, viña dun concello da área metropolitana. ¡Debe ter pouca memoria!

E non só a Constitución, señora conselleira, tamén a Lei de ordenación dos transportes terrestres que redactou o propio Abel Caballero en 1987. ¡Que pouca memoria e canto dano á cidade e aos veciños! Un home que se declarou inmensamente feliz por unha fusión e que agora a rexeita totalmente. ¡Que pouca memoria ten Abel Caballero!

A xustiza tamén lle dixó que non ás súas intencións de poñer en marcha unha área metropolitana á carta, sen ter en conta o transporte metropolitano. A xustiza falou claro: a área



metropolitana non pode funcionar sen transporte metropolitano. Dio o sentido común, dio a lei e dio a xustiza. O máis curioso e cómico é que cando coñeceu a sentenza, nun dos seus berrinches, Abel Caballero decidiu presentar unha moción no Pleno municipal de Vigo para modificar a Lei da área metropolitana. Unha lei que se aprobou por unanimidade neste parlamento; el estaba na tribuna e aplaudiuna como o que máis. ¡Que pouca memoria ten Abel Caballero!

Posteriormente asinou coa Xunta de Galicia o convenio de transporte metropolitano para integrar ese plan no transporte metropolitano, e non o aplicou. ¡Outra vez a falta de memoria!

Abel Caballero non ten escapatoria posible neste tema. Pode ter unha, que é a de botarlle a Feijóo a culpa de todo, que por cuarta vez, por certo, gañou as eleccións en Vigo, (*Murmurios.*) e dicir que as sentenzas que lle din que non a el son varapalos para a Xunta...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor. ¡Silencio!

**A señora EGERIQUE MOSQUERA:** ...ou saír como sae hoxe cunha ocorrencia máis do Nadal para evitar outros temas.

Os falsos localismos e a postura anacrónica e obsoleta de Abel Caballero no pleno do transporte conseguiu unha cousa, señora conselleira: que os vigueses, as familias de Vigo perdésemos catro ano de descontos e pagásemos o transporte máis caro de Galicia... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

**A señora EGERIQUE MOSQUERA:** ...excluíndonos das vantaxes do Plan do transporte metropolitano.

Por iso, señora conselleira, preguntolle: ¿que vantaxes teríamos os veciños de Vigo de estar integrados no transporte metropolitano de Galicia? (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Egerique.

Peche da pregunta, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

**A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE: (Vázquez Mourelle):** Grazas, presidente.

Señoría, reitero que a valoración do transporte metropolitano da área de Vigo é tremendamente positiva. En cinco anos, 86.000 veciños da área de Vigo aforraronse sete millóns de euros grazas ao transporte metropolitano. ¡Sete millóns de euros! Díxeno rápido, pero o certo é que son sete millóns de euros. E o certo é que no caso do Concello de Vigo é certamente moi particular e singular, porque en xullo de 2016 acorda integrarse no Plan de transporte metropolitano, e en maio de 2017, de súpeto, denuncia o convenio na saída efectiva do transporte metropolitano, e hai uns días que coñecemos esa sentenza que dá a razón á Xunta de Galicia: que a área metropolitana de Vigo non pode funcionar sen o transporte metropoli-



tano. E non o di a Xunta, non o di Ethel, dio a xustiza, que a área metropolitana non pode funcionar sen o transporte metropolitano.

Vigo é libre de facer o que queira, pero eu penso que debería pensar no tráfico, na contaminación, no ruído e no peto dos vigueses. Vigo é no que debería estar pensando, no peto dos vigueses, porque é a quen se debe. (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Señora Abelairas, agora escoiteina. ¡Silencio!

**A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE: (Vázquez Mourelle):** É innegable que a postura do Concello de Vigo está a impedir bonificacións importantísimas e vantaxes importantísimas aos vigueses por non entrar no transporte metropolitano. Porque se entrara Vigo e se Vigo volviera decidir incorporarse, incrementaríanse os descontos de xeito substancial. Volvo insistir: grazas ao transporte metropolitano, os veciños de Vigo aforran seiscentos euros ao ano. Se entrara Vigo serían mil euros ao ano. ¿Seiscentos ou mil? Creo que o peto dos vigueses ben merece rectificar e pensar un pouco sobre este asunto.

Hai un exemplo moi gráfico. Unha veciña de Vigo que queira desprazarse a Aldán, colle o autobús urbano, colle o barco, o autobús a Aldán, pois co transporte metropolitano no día de hoxe o desconto é do 52 %; se entrara Vigo, o desconto sería do 71 %. Polo tanto, son innegables os beneficios.

Señorías, rectificar é de sabios, sobre todo neste caso. Non rectificar entendo que será todo o contrario. Pero cada un que saque a súa conclusión.

Eu agardo que se esquezan eses personalismos, que deixe de lado os personalismos, que se sume Vigo para conseguir descontos de ata mil euros do transporte público, porque no día de hoxe son soamente seiscentos e poden ser mil euros ao ano se entra o Concello de Vigo.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e catro deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego para evitar o empeoramento ou a supresión do servizo de comedor escolar do CEIP As Mercedes, de Ourense**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra a señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Grazas, presidente.

Antes de que marche, señora Vázquez, os de Ourense tamén queremos transporte metropolitano. (*Aplausos.*) Dígalle ao alcalde letal e ao anterior que paren de bloquealo. Xa que estamos, ¡en fin!



Hoxe, señor conselleiro de Ensino, queremos falarlle da situación que se está a vivir no CEIP das Mercedes, no centro de Ourense, polo bloqueo ao que o ten sometido a Xunta de Galiza. As familias están a vivir con preocupación a pandemia —que quero aproveitar tamén este momento para enviar todos os nosos mellores desexos á poboación de Ourense—, pero están tamén preocupadas, sobre todo, pola deixadez de funcións que ten a Xunta de Galiza desde o inicio do curso escolar.

Este CEIP é o único público do centro de Ourense, e o único ademais que ten servizo de comedor. E, por certo, grazas ao sobreesforzo da ANPA Pía da Casca, á que tamén queremos agradecer o seu traballo. *(Aplausos.)*

Este centro ten moitas limitacións de espazo. Algo que a Xunta de Galiza sabe, que sabe hoxe polas súas protestas, pero que sabía onte tamén, porque, primeiro, durante anos levan reclamando unha mellora dos espazos e, segundo, saben vostedes que durante anos tamén levan fornecendo este servizo de comedor grazas a que subscribían un convenio con Política Social para poder empregar as instalacións públicas da residencia xuvenil Florentino López Cuevillas, que depende de Política Social. Pero dúas consellerías xuntas, a súa e a da señora Fabiola García, non foron quen de axudar estas familias, e o que fixeron foi todo o contrario: bloquear a situación. Agardaron ata o 28 de agosto, apenas uns días antes de que comezaran de novo as aulas, para dicirlles que non se ratificaba este ano ese uso compartido das instalacións, ese protocolo de colaboración.

Ademais, fixérono, fóra de tarde, mal e arrastro, sen ningún tipo de actitude colaboradora para axudar a buscar unha solución, algún tipo de medio, como, por exemplo, cambiar de data as reformas que ían facer na capela, como, por exemplo, establecer quendas nese comedor ou como, por exemplo, intentar buscar tamén en colaboración con ese concello, dirixido por un señor letal grazas aos votos do Partido Popular, algún outro espazo.

As consecuencias son que teñen que renunciar ao uso da biblioteca, que fora mellorada, que teñen que empregala para comer, e que teñen que empregar tamén aulas que son moi pequenas. E as consecuencias de todo iso, señor conselleiro, é que é o centro con maior incidencia da covid de toda Galiza. Onte vostede presumía nesta tribuna de que a maioría dos centros tiñan un caso ou dous casos, en moitos casos irmáns, por aulas. Non é o caso deste centro, onde a metade dunha aula de 5º de primaria deu positivo.

Señor conselleiro, necesitamos unha alternativa. Eu hoxe pídolle dúas cousas: primeiro, que se desculpe coas familias e, segundo, que desde a Xunta de Galiza senten con elas a buscar unha solución. Nunha cidade con tantos edificios e instalacións baleiras ten que haber unha alternativa, e vostedes teñen que axudar a conseguila. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, terminou o seu tempo.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** Moitas grazas, señor presidente.



A verdade é que este centro, que é un centro público, que ten arredor de 160 alumnos, que ten unhas características arquitectónicas moi complexas, porque está no centro da cidade, presta un servizo de comedor, xestionado pola ANPA, como un servizo de conciliación basicamente que dá servizo a cincuenta persoas. De modo tradicional, desde hai aproximadamente quince anos, mediante un convenio entre a ANPA e a Consellería de Política Social, os alumnos desprazábanse a un comedor que existe neste centro Florentino Cuevillas, de Política Social.

Obviamente, en condicións ordinarias era así, e tería seguido sendo así. Hai que dicir que, neste caso, a propia residencia, onde hai alumnos, onde hai mozos e mozas que pagan por estar aí, que teñen uns dereitos por estar aí, pois foi necesario dalgún xeito facer quendas de comedor neste centro residencial, que chocaron respecto das intencións, neste caso, da ANPA.

Non é certo que non se falara coa ANPA; está aquí a ex-delegada da Xunta de Galicia. Hai constancia de que houbo varias reunións coa ANPA, que se lle ofreceron alternativas, posibilidades e que foi imposible chegar a un punto de encontro. Supoño que cando hai unha negociación na que non se dá chegado a un punto de encontro, sempre teñen un pouco de responsabilidade todas as partes.

En todo caso, plantexouse unha alternativa, que é o uso da biblioteca, e o uso tamén dunha serie de espazos dentro do centro educativo para dar un servizo de comedor, que se está dando con certa normalidade.

E paréceme bastante arriscado e bastante alegre —se se me permite a expresión— pola súa parte intentar facer unha correlación directa entre un aspecto, entre o servizo de comedor e os contaxios que hai neste centro. Efectivamente, é un dos centros onde houbo unha maior densidade numérica de persoas afectadas.

Pero facer unha afirmación como a que vostede intenta facer, achegando lexitimamente a auga á súa sardiña —perdón, ao revés tantas intervencións parlamentarias pois xa fan un pouco desconcentrarnos—, pois eu creo que iso é unha afirmación moi alegre, e non sei se vostede ten datos que poidan corroborala. E se non eu creo que se debería abster de meterse neses fregados. Porque realmente facer unha afirmación tan grave como a que acaba de facer cuestionando as decisións sanitarias neste ámbito pois é francamente unha alegría parlamentaria.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Señor Rodríguez, permítame que lle diga que o que é unha temeridade é pretender que cun centro cunhas características físicas moi limitadas pretendan vostedes que nenos e nenas menores de 8 ou 9 anos nalgún caso tomen as súas merendas, tomen o seu tentempié da media mañá quitando as máscaras nesas instalacións tan pequenas e que non pase nada. Iso si que é unha temeridade, (*Aplausos.*) por unha cuestión



moi clara: porque vostedes sabían que había unha pandemia que xestionar desde o 14 de marzo, e foi o 28 de agosto, despois de que fora o 26 de xullo cando saíu a orde coas prazas desa residencia Florentino Cuevillas, e xa sabían vostedes que ocupación ían arbitrar para aí, cando notificaron telefonicamente á ANPA a súa decisión unilateral, de Ensino e de Política Social, e en ningún momento se buscou dar unha alternativa ás familias que non fora que empreguen a biblioteca. Iso non é unha negociación, iso é unha imposición, e unha imposición irresponsable, señor Rodríguez. *(Aplausos.)*

Eu se quere, que tome a palabra tamén a ex-xefa territorial de Ourense e que dea explicacións. Porque, a verdade, estaría bastante ben que deran explicacións detalladas de por que se chega a este trato inxusto con este CEIP As Mercedes, cando as familias e o profesorado estiveron implicados desde o primeiro momento e cando se poden buscar alternativas para fornecer máis espazo. Ou cando se pode intentar chegar a algún tipo de acordo cos usuarios e usuarias da residencia para establecer algún tipo de quenda ou para establecerlles a eles, que son persoas adultas e que poden desprazarse, algún tipo de alternativa, que estou segura de que entenderían. Iso é o que agardan as familias.

O que está claro é que non podemos seguir neste CEIP coa mesma situación o resto do curso, dependendo da sorte, porque as familias non queren azar, queren certeza, queren apoio por parte da Xunta de Galiza, e iso é o que están a exixir. É algo tan sinxelo como iso, señor Rodríguez: a administración ten que ser colaboradora do ensino público e non obstaculizar...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

*(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

Terminou o tempo, señora Presas, xa terminou o seu tempo.

Peche da pregunta, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** Señora portavoz, vostede que fala en nome das familias deste centro educativo, ou polo menos dunha parte das familias, e xa que fala de alternativas, estaría ben que nos dixera cales son, cales puxeron encima da mesa, porque seguramente se fose así tan fácil como vostede di estaría arreglado, sen dúbida. ¿Ou vostede pensa que o equipo directivo, ou vostede pensa que a inspección, ou vostede pensa que as xefaturas territoriais, tanto de Política Social como de Educación, ou vostede pensa que a Delegación Provincial da Xunta de Galicia en Ourense non terían tomado decisións a favor desta situación se houberse alternativas tan alegremente como di vostede?

Mire: é unha situación sobrevida, é unha situación que depende obviamente da situación derivada da pandemia. Xa está o comedor funcionando con normalidade, xa está dando servizo con normalidade, comen alumnos de todas as aulas nese comedor, nos diferentes comedores, de todas as aulas; comen aproximadamente un terzo de alumnos nese centro. E realmente a situación neste caso da residencia Florentino Cuevillas imposibilita que un ser-



vizo que se prestaba con normalidade non se pode prestar. Temos que ser todos flexibles, e non podemos pensar que non pasa absolutamente nada, e temos que saber onde estamos e que estamos facendo. E realmente con afirmacións tan alegres como as que vostede plantexa, facendo unhas correlacións directas realmente moi cuestionables e moi difíciles de defender, ou plantexando que existían alternativas, intentando dicir que non se fixo nada, cando existiu un contacto directo neste caso coa ANPA, pois realmente non sei cal é a motivación desta pregunta, máis alá de intentar facer un pouco de ruído ou intentar dalgún xeito plantexar un problema político onde non existe.

Había un problema derivado dun cambio do escenario. Dáse unha solución, que non é a mellor, seguramente non será a mellor, pero plantexa vostede, que ten tanto contacto coa comunidade educativa e coa ANPA, unha alternativa. Se vostede nos trae aquí unha alternativa dicindo que podemos facer isto, estudarase, vostede, a ANPA ou quen sexa. Pero estou seguro de que se buscou por todas partes, e a solución que pareceu máis coherente pois é a que se está facendo.

Hai que lamentar a situación sanitaria que sofre este centro, como sofren outros centros de Ourense. Estamos na cidade, por desgraza, coa peor situación sanitaria. E este centro, un centro educativo, pois é un pouco o reflexo do contorno no cal está ubicado.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Olalla Rodil Fernández e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a opinión do Goberno galego respecto da posible incidencia na calidade da educación pública das alternativas ofrecidas ao alumnado do Colexio de Educación Infantil e Primaria Frei Luis de Granada, de Sarria**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra a señora Aira.

**A señora AIRA DÍAZ:** Bos tardes.

Primeiro de nada, saudar a xente que vén de Sarria e que está na sala véndonos.

Dende o BNG estamos moi preocupadas pola situación na que se atopan as nenas e os nenos do CEIP Luis de Granada, de Sarria, dende que a finais do ano 2019 o centro aparecese dun día para outro todo cheo de puntuais. Malia o evidente risco que isto tiña para o alumnado, tamén as gretas, que motivaron que se colocaran os puntuais, a Xunta non fixo nada até que as familias comezaron a mobilizarse reclamando medidas que garantiran a seguridade das súas fillas e fillos.

Como parche, a Xunta de Galiza decidiu recolocar unha parte do estudantado na escola-fogar; un edificio vello que non cumpre nin de lonxe as mínimas condicións exixibles para albergar un centro de ensino. Non cumpre practicamente ningunha das condicións requiridas no Real decreto 132/2010, do 12 de febreiro, de condicións mínimas dos centros de ensino. Pois presenta



ausentes condicións de salubridade, ausentes condicións de accesibilidade, ausentes condicións de confortabilidade, a maiores, falta o patio do colexio, falta o ximnasio, falta a biblioteca.

A cuestión é que xa iniciado o curso a situación se mantén nun limbo, pois non hai licenza de obras para o colexio, non é seguro que o concello poida concedela, hai cento cincuenta criaturas que están neste edificio que non cumpre as mínimas condicións para ser un centro de ensino.

Un parche que non resolve o problema, como tampouco as obras previstas pola Consellería de Educación no Frei Luis van resolver o problema que este edificio ten. O único que se sabe a estas alturas é que sen intervir na estrutura, como lograron dicir os servizos técnicos da consellería despois de que as plataformas e as comisións e pais e nais os apertasen bastante, non se pode saber como está a estrutura sen realizar catas, ensaios e estudos xeotécnicos. Polo tanto, a viabilidade das obras só se saberá unha vez que isto estea feito. Polo tanto, a solución da escola-fogar non é temporal, isto vai para longo, para moi longo.

Señor conselleiro, o que precisa e ao que ten dereito o alumando deste centro, o único colexio público de Sarria —hai que subliñalo— e en xeral o conxunto da vila, é un novo centro educativo do século XXI, adaptado á realidade e ás necesidades do alumando presente e futuro. Non precisan parches.

¿Pensa a Xunta de Galiza que as alternativas ofrecidas ao alumnado do CEIP Frei Luis de Granada son acaídas para unha educación pública de calidade, neste caso, en Sarria? (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Aira.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** Moitas grazas de novo, señor presidente.

Este colexio —como vostede sabe perfectamente— ten dous edificios: un edificio de uso educativo e outro coñecido como a escola-fogar, que é dunha residencia de estudantes e que o ano pasado se adecuou, fixéronse reformas para poder facer aí un uso educativo.

Ben, en xaneiro deste ano 2020, plantexouse un proxecto de rehabilitación deste centro educativo, detectáronse unha serie de cuestións que en ningún momento comprometían a seguridade pero que si facían necesario unha rehabilitación, e adoptouse a decisión de plantexar un proxecto de rehabilitación integral do edificio deste centro, e comezouse cos trámites administrativos pertinentes.

Tamén, —e aquí é algo moi importante— con acordo da comunidade educativa, o que se plantexa é trasladar os alumnos desde o edificio Frei Luis de Granada a dous edificios para executar neste momento como solución provisional as obras. Neste caso, os alumnos de 4º, 5º e 6º de primaria trasládanse ao IES Xograr Afonso Gómez e os de 1º, 2º e 3º de primaria á escola-fogar. Obviamente, a escola-fogar non é como di vostede que non cumpre; se non cumprira non creo que nin o equipo directivo do centro sexa tan irresponsable, a non ser o





que vostede está dicindo, ou que os equipos de inspección sexan tan irresponsables como para posibilitalo.

É unha alegría dialéctica a que vostede plantexa aquí ao dicir que non cumpre porque os equipos directivos e os servizos de inspección, obviamente, estou seguro de que autorizaron esta modificación espacial ou traslado, e teríano en conta. En todo caso, fixéronse as obras necesarias de adaptación, e está desenvolvéndose o curso cunha gran normalidade e sen ningún tipo de problema.

Esta é unha solución provisional mentres se executan as obras de acondicionamento no Luis de Granada, e os alumnos —como xa digo— están repartidos entre estes dous centros. Creo que a partir de aí, o que vostede di de que non se vai dar licenza, eu pódolle dicir que hoxe á mañá falei co alcalde, e o alcalde non me di iso. Co cal non sei a quen facerlle caso, se a vostede, ao alcalde, a vostede, á comunidade educativa, a vostede, á inspección, aos directores.

Señoría, sexa prudente e non xere alarma. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Réplica, señora Aira.

**A señora AIRA DÍAZ:** Agradecería poder facer unhas brincadeiras co que acaba de dicir o señor conselleiro, pero vou perder o tempo en explicar o que interesa. En todo caso, eu intento estar alegre na maior parte da miña vida até onde podo. *(Aplausos.)*

Ben, podo entender o sentido da súa resposta. Supoño que está dicindo o que ten que dicir, pero ninguén pode negar o periplo polo que pasaron nais e pais, simplemente para poder preservar a integridade e a saúde das súas fillas e fillos.

A Xunta tivo todo o tempo a pretensión de facer ver que non pasaba nada, ocultou información, semiinformou. Só cambiaron de opinión pola presión da plataforma e da comisión de seguimento de obras, que se tiveron que facer contrainformes encargados para que os técnicos da propia consellería mudaran, e mudaron porque non lles quedou máis remedio. Por vostedes, os nenos e nenas estarían no colexio apuntalado agora mesmo, jeh!

O que di de que a escola-fogar cumpre cos requisitos. Pois voulle contar o que me contan a min e que creo firmemente: ten unha tubaxe de chumbo; aos nenos díselles que non beban das billas dos baños, cousa que é practicamente imposible de controlar. Até onde sei, estiveron no patio do recreo nun párking público descuberto, pero o curioso é que ese párking valía de ximnasio tamén. Agora que chove e que vai frío non sei que van facer. A única cousa coa que cumpre esa escola é que coas rendixas que teñen as fiestras se garante a renovación do aire de ventilación para cumprir o protocolo covid. *(Aplausos.)*

Dende o BNG acompañamos e seguiremos a acompañar as familias, que algo terán que dicir porque son as súas fillas e fillos, na demanda dun colexio público cun edificio novo, nunhas



condicións dignas para todo o alumnado namentres ese edificio non se constrúe. Xa lle fixeron parches no 2011, e dende logo non valeron para nada, que estamos aquí. Ofrecéronlles para non ir á escola-fogar aulas móbiles e prestáballes o concello os terreos. Non dialogaron, non aceptaron nada. Están na máis absoluta das xordeiras. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Aira.

Peche da pregunta, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** Señora deputada, vostede di «a min cóntame», a vostede cóntanlle. Eu teño aquí os informes de inspección. *(Murmurios.)* ¿A ver a quen lle facemos caso? Insisto: ¿a quen lle facemos caso? *(Aplausos.)* ¿Facémoslle caso ao Bloque ou facémoslles caso aos técnicos? ¿Facémoslle caso ao Bloque ou facémoslle caso á comunidade educativa dese centro?

¿A ver quen mente? Os que lle din a vostede... *(Murmurios.)* Non, non, non, ¿é que a ver quen mente, se os que lles dan a vostedes a información ou a outra información que se coñece? Ao mellor, vostedes só pensan que teñen razón as familias que lles din o que vostedes queren oír. E nese caso teñen vostedes toda a razón.

Pero dá a sensación de que vostedes as análises dos técnicos *se las pasan*, dá a sensación de que o respecto á comunidade educativa e á do centro tamén llelo contan. Porque, en todo caso, esta decisión se tomou con acordo da comunidade educativa, e é unha situación provisional, provisional mentres se fan as obras.

E saberá vostede unha cousa, ou debería sabelo: hai un proxecto de practicamente 1,3 millón de euros de rehabilitación integral dese centro. Ese proxecto dese centro está xa adxudicado a unha empresa, para executar o proxecto en seis meses, e só está esperando a ter a licenza —eu falei esta mañá co alcalde— para poder comezar a traballar, para no curso que vén solucionar esta situación.

Pero —insisto— sería moi bo saber cales son as súas fontes, porque realmente as súas fontes xérannos unha gran contradición... *(A señora Aira Díaz pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Por favor, señor Aira. ¡Por favor!

Grazas.

**O señor CONSELLEIRO CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** Eu, señora deputada,... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* —non se enfade, non se alporice—... *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Tranquilos.

—**O señor CONSELLEIRO CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** ...eu preguntareilles aos técnicos que me informan se teñen eles razón ou se a ten o BNG. Non se preocupe, fareino.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**Pregunta de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as iniciativas que desenvolveu o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia para previr os riscos derivados da pandemia da covid-19**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra o señor Balseiro Orol.

**O señor BALSEIRO OROL:** Moitas grazas, señor presidente.

Permítame, señor presidente, que as miñas primeiras verbas desta lexislatura na máxima institución de Galicia, o Parlamento, sexan para desexarlle moito éxito á señora conselleira de Emprego e Igualdade. Estou seguro de que así vai ser, que os éxitos da señora conselleira serán éxitos de todos os galegos e de todas as galegas, porque coñezo algo a súa traxectoria profesional, e non a cualificaría de boa senón que a cualificaría de excelente.

Señora conselleira, como vostede ben sabe, a pandemia do coronavirus tivo e está a ter un impacto moi relevante en todos os ámbitos da nosa sociedade, tamén no día a día das nosas empresas, dos nosos autónomos e dos nosos comercios, pero, en xeral, en todas as actividades económicas e sociais. O que obrigou a redeseñar as medidas de seguridade que se aplican antes, durante e despois da asistencia ao traballo.

A prioridade, señora conselleira, segue a ser salvagardar a nosa saúde, e por iso debemos poñer especial atención no ámbito da seguridade no traballo. Tamén aquí a nosa comunidade autónoma, o Goberno de Galicia, Galicia, anticipouse, e por iso desde o Grupo Popular somos conscientes de que o Goberno galego durante as fases máis agudas da emerxencia sanitaria e do confinamento traballou arreo na reactivación da economía para que esta se producise coas máximas garantías de seguridade en todos os sectores. Por iso, a Xunta de Galicia anticipouse ante a urxencia da situación e ante a necesidade de dar unha resposta rápida e operativa ás dúbidas que xurdían nun escenario continuamente cambiante.

Neste sentido, destacou dun xeito salientable a actividade do Instituto da Seguridade e Saúde Laboral de Galicia, como saben as súas señorías, dependente da Xunta de Galicia. Foi moi relevante o labor do Issga no exercicio da súa función de información e divulgación en materia de prevención de riscos laborais. Así, ten elaborado nestes meses múltiples documentos de acceso público, nos que se recollen recomendacións preventivas básicas que se deben ter en conta nos centros de traballo e en moi diversas actividades, complementando e incorporando con certezas as informacións das autoridades sanitarias da covid-19.

Para afondar nesta cuestión, señora conselleira, o grupo maioritario desta cámara, o Grupo Popular, formúlalle a seguinte pregunta: ¿que iniciativas ten desenvolvido o Issga para prever os riscos laborais da pandemia da covid-19?

Nada máis e moitas grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)



**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señor Balseiro.

Resposta da conselleira de Emprego e Igualdade, dona María Jesús Lorenzana Somoza.

**A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza):** Moitas grazas, señor presidente.

Boas tardes, deputadas e deputados.

Señor Balseiro, comezo a miña intervención agradecendo a formulación desta pregunta, xa que nos dá pé dende o Goberno galego a destacar a actuación exemplar que se ten levado a cabo dende o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, o Issga, e durante todos estes meses complexos da pandemia. Deste xeito, a Xunta de Galicia, a través do Instituto, traballou sen tregua para posibilitar a reactivación económica coas máximas garantías de seguridade en todos os sectores.

A Xunta púxose dende o minuto cero á disposición de quen o precisara. Deseñamos así medidas de diagnose e de análise, por unha banda, e, por outra banda, implementamos plans de acción orientados á readaptación e á diminución dos efectos da covid. Sobre todo o que ten marcado e o que marcará a nosa actuación é e será a prevención.

Tal e como dixo o noso presidente na sesión de investidura, a prevención é o máis valioso que temos para protexernos namentres no mundo non apareza unha vacina ou un tratamento efectivo. Neste sentido, dende a Administración autonómica vimos desenvolvendo diferentes medidas preventivas encamiñadas á salvagarda da seguridade e saúde laboral dos traballadores e das traballadoras de Galicia. Claro exemplo disto é —como lle digo— o labor realizado polo Issga porque, como vostedes ben saben, señorías, o organismo encargado dentro da Administración autonómica da colaboración, a elaboración e a divulgación da información técnica relativa á prevención —neste caso contra a pandemia nos centros de traballo na nosa comunidade— é precisamente este instituto.

Neste contexto, o Instituto realizou actividades de asesoramento decisivas en diversas materias que lle competen ao Goberno galego. O marco de actuación do Instituto sintetízase en cinco áreas: a elaboración de documentación técnica, a asistencia técnica especializada, a coordinación con outras unidades directivas, a atención de consultas e a participación en medios de comunicación e congresos.

Dentro destas cinco áreas paso a destacar as actuacións máis importantes que desenvolveu durante a pandemia: por unha banda, prestou asesoramento ás diversas consellerías galegas na elaboración de protocolos e guías específicas de actuación, así no ámbito específico da reincorporación laboral, en colaboración coa Consellería de Economía, Emprego e Industria; na elaboración de criterios técnicos de traballo en obras de construción e reforma, coa Consellería de Infraestruturas e Mobilidade; en asesoramento técnico para a elaboración de manuais de aplicación ante a covid, en colaboración con Cultura e Turismo; asesoramento técnico en prevención e extinción de incendios, en colaboración coa Consellería de Medio Rural.



En segundo lugar, non podemos esquecer a presenza do Issga en órganos de participación institucional como o Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral ou a Mesa do Emprego Autónomo.

E, en último lugar, temos que facer referencia á colaboración e ao asesoramento técnico en distintos ámbitos do tecido industrial galego: co clúster da automoción, da construción, do naval ou do forestal; con Asime, con PSA ou con Finsa na elaboración do Plan de continxencia de empresas asociadas ás mesmas; máis de corenta guías e protocolos sobre seguridade e saúde laboral específicos para distintos sectores, como o sector do comercio, o sector do taxi, perruquerías...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza):** ...farmacias, supermercados...

**O señor PRESIDENTE:** Ten outra rolda despois. Grazas.

**A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza):** Máis nada. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Réplica, señor Balseiro.

**O señor BALSEIRO OROL:** Moitas grazas, señor presidente.

Moitas grazas, señora conselleira.

Permítame en nome do Grupo Popular, para que vostede llo transmita ao conxunto dos traballadores e das traballadoras do Issga, o noso recoñecemento polo esforzo e polo traballo que formularon nestes meses pasados e polo traballo que están formulando neste momento, do que vostede acaba de dar boa conta nesta cámara.

Sabe vostede que Galicia se anticipou no ámbito sanitario, pero —vostede acábao de dicir tamén— Galicia tamén se anticipou na seguridade laboral, resolvendo dúbidas e ofrecendo certezas alí onde outras administracións daban o silencio por resposta. Grazas por todo ese traballo feito, neste caso, ao Issga, que permitiu que as nosas empresas, que os nosos autónomos, que os nosos comerciantes, pero, en definitiva, os traballadores e as traballadoras galegas puideran desenvolver a súa actividade nunhas condicións máis seguras neste sentido.

A Xunta foi unha aliada nos momentos máis duros da pandemia e continúa a selo neste momento, pero tan só hai que visitar a web do Issga, observar os distintos seminarios e atender a inxente cantidade de consultas resoltas nos teléfonos e correos que se habilitaron para o efecto para ser consciente da utilidade e do servizo prestado polo persoal do Issga nestes meses.

Polo cal, señora conselleira, creo sinceramente que Galicia é máis segura porque Galicia se anticipou. E desde o Grupo Popular, desde o grupo maioritario desta cámara, esa é a liña que debemos seguir.



Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Balseiro.

Peche desta pregunta, conselleira de Emprego e Igualdade.

**A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza):** Grazas, deputado.

Señoras e señores, como acabo de referirme na miña intervención, efectivamente, son moitas e moi variadas as medidas que se levan desenvolto, que se están desenvolvendo desde o Issga para facer fronte á covid-19. Ademais da colaboración na elaboración de documentación técnica, protocolos e guías, son moitas as consultas respondidas; cerca de setecentas consultas no ámbito da pandemia están rexistradas e contestadas polo Issga. En definitiva, o Issga amosou un alto nivel técnico de especialización, ao tempo que deu conta da súa transversalidade como órgano de referencia en materia de prevención de riscos laborais, dando apoio nunha situación nova e excepcional ao tecido empresarial e á sociedade en xeral, elaborando e difundindo as recomendacións preventivas para todos os sectores e actividades económicas que acabo de referir.

Nesta tarefa evidenciouse, por un lado, a coordinación administrativa, e moi especificamente a coordinación coa autoridade sanitaria por parte do Issga, e, así mesmo, quedou constatada a colaboración cos axentes sociais a través dos moitos documentos sectoriais que responderon ás consultas efectuadas polos mesmos.

A filosofía deste traballo foi e será sempre nun dobre sentido: o primeiro, é axudar as pequenas e as medianas empresas e o traballo autónomo, elaborando —como digo— guías e protocolos por sectores e actividades, incrementando así a seguridade dos traballadores e das traballadoras. En segundo lugar, tratar de achegar coñecemento técnico e científico en materia preventiva, especialmente en materia de hixiene industrial e medicina do traballo.

Sen máis, quixera finalizar esta intervención reiterando o compromiso da consellería á que represento de avanzar en medidas que aposten pola prevención e o respaldo a todos os traballadores de Galicia.

Ata aquí a miña intervención. Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

**Pregunta de D. Julio Torrado Quintela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego da situación actual de Galicia ante os gromos da covid-19**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra o señor Torrado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señor conselleiro.



Preguntámoslle hoxe polas medidas que vai tomar con respecto á situación dos rebrotes que están existindo; particularmente, coa situación que estamos vivindo en Ourense e que estamos vendo.

Somos conscientes de que os gobernos están ante situacións difíciles e, por tanto, sabe ademais que dende o noso punto de vista imos apoiar as medidas que sexan necesarias para frear a pandemia. Iso é o relevante e a iso debemos dedicar os nosos esforzos.

Transmitímoslle tamén, ademais de esperar polas respostas que nos dea, o noso desexo de que este goberno ao que vostede se incorpora lle deixe tomar esas medidas. Porque ata o de agora, a verdade é que este goberno estivo máis preocupado do relato que da sanidade. E este é un problema que nos preocupa porque a súa chegada pode cambiar iso, e aspiramos a que así sexa.

Permítame que lle faga unha referencia de por que sostemos esta idea. Hai un problema en varios planos con respecto a afrontar a pandemia; en primeiro lugar, de medios. Vostede tivo que pintarlle a cara ao señor presidente cando dixo aquí no último pleno que non había a posibilidade de definir cantos rastrexadores había en Galicia porque non era unha persoa senón unha función. Despois de que o presidente dixera que había 6.108 para encherse o peito en medio dunha campaña electoral, o cal evidencia —xa que vostede seguramente dixo a verdade— que el dixo a mentira.

Temos un problema coas PCR. Neste parlamento hai traballadores aos que lles chegan mensaxes de PCR que non fixeron. Hai persoas que fan PCR ás que non lles chegan as mensaxes. Hai áreas sanitarias que lles fan PCR aos contactos estreitos, hai outras que non. Temos un problema de coordinación. Dende o 12 de xullo, xa non vou preguntar por que non se volveu reunir a Cecop. Pero si voulle preguntar —xa que se falou aquí de anticipación, incluso na pregunta anterior, que non tiña nada que ver— sobre a anticipación: dous meses dende as eleccións para formar goberno, ¡dous meses! Debía ser que non tiñamos unha pandemia nin ningunha emerxencia, para a poucos días de empezar o curso cambiar a cúpula da Consellería de Educación, o conselleiro de Sanidade, o director xeral de Saúde Pública, o xerente do Sergas, o director xeral de Residencias de Maiores. Unha autoemenda á totalidade.

Temos un problema de información. Dar os datos por concellos era perigosísimo —dixo Feijóo—, para logo prometer que os daba, para unha semana despois estar sen eles, para dicir que perdón pero que os volvía dar, para seguir estando sen eles. E mentres levamos un mes e medio léndoos todas as mañás grazas a un bo traballo periodístico e —perdoe que o diga— a que alguén os filtra. Tamén alguén os filtra.

Non vou preguntar polo estudo serolóxico no que dilapidaron cen mil tests cando eran moi necesarios, para despois ter unhas conclusións das que nunca se soubo máis unha vez pasaron as eleccións.

Vostedes falan de colaboración. Tiñan un estado de alarma, non lles gustaba, votaban en contra; logo non existiu, pedíano; logo ofrecéronlles que se convocara, dicían que eran *estadiños*. E todo para acabar a semana pasada indo a un Consello Territorial facer de faldeiros



do peor epidemiólogo que hai neste país, que é a señora Ayuso. Entre saúde e Ayuso, votaron a Ayuso; entre Galicia e Ayuso, votaron a Ayuso; entre a cidadanía e Ayuso, votaron con Ayuso. E en total, ¿para que? Para que esta semana, unha semana despois de todo o que dixeron, teñen que facer o que lles dixo o Ministerio que había que facer. *(Aplausos.)*

¿Vanlle deixar a vostede tomar as medidas necesarias, señor conselleiro? *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Torrado.

Resposta do conselleiro de Sanidade, don Julio García Comesaña.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña):** Bo día, presidente.

Señorías.

Señor Torrado, volvo darlle as costas ao falar, descúlpeme.

Aproveito esta ocasión para trasladarlle publicamente os parabéns pola súa recente designación como secretario de Sanidade na Secretaría do PSdG, en substitución do doutor Evaristo Rodríguez. Unha posibilidade que agardo que nos permita abrir unha canle de comunicación frutífera.

Con ese mesmo desexo de interlocución honesta respondo á súa pregunta sobre a situación dos gromos en Galicia. A súa pregunta foi rexistrada o 12 de agosto, e é certo que hoxe a situación epidemiolóxica galega está lonxe de empeorar de xeito exponencial. A media semanal de novos casos diarios atópase estabilizada, cunha certa tendencia á baixa desde finais precisamente do mes de agosto. E isto é así precisamente porque a Xunta actúa ante os gromos, como vimos de demostrar hoxe mesmo coas medidas tomadas en Ourense.

Como vostede sabe, tanto o concepto de gromo como as medidas de resposta están perfectamente definidas no protocolo que a Xunta elaborou no mes de maio e que axustou na nova normalidade posteriormente en xuño. Dado que por gromo consideramos calquera colección de tres casos, pois, evidentemente, en Galicia neste tempo desde que finalizou o estado de alarma houbo centos de gromos, pero a gran maioría foron controlados e contidos antes de que obrigasen a tomar medidas extraordinarias de restrición.

A Xunta, en total, implantou ata o día de hoxe medidas restritivas nun total de corenta e oito concellos, e en trinta e tres deles esas medidas xa se reverteron e foron levantadas despois de que se avaliasse por parte do Comité Clínico o cumprimento do seu cometido. Concretamente, no día de hoxe, vanse incorporar cincuenta concellos a partir desta noite a esas medidas restritivas. A duración media das medidas restritivas nestes concellos que acabo de comentar foi de dezaoto días. É dicir, as medidas que a Xunta aplica aos gromos máis complicados co aval do Comité Clínico funcionan e dan resultados na meirande parte dos casos en menos dun mes.

Señor Torrado, hai ben pouco un compañeiro seu de militancia, o presidente do Principado de Asturias, dicía nunha mensaxe á cidadanía que se fixasen nos datos de Galicia como unha





imaxe de esperanza, porque a nosa evolución epidemiolóxica —especificada en palabras do señor Barbón— é posible melloralas cando se toman as medidas correctas.

Nese sentido, é certo que os datos oficiais do Ministerio corroboran esta afirmación do seu compañeiro. Cos datos de agora mesmo pola tarde, Galicia está con 104,5 casos diagnosticados por cada 100.000 habitantes nos últimos catorce días, por debaixo da media nacional, que é de 273, e soamente por encima de Canarias con 97,24 e Valencia con 100,42.

O mesmo ocorre coa taxa de positividade das probas de PCR, onde nos atopamos segundo o Ministerio nun 4,3 %, o que converte a Galicia na segunda comunidade autónoma con menor taxa de positividade detrás de Asturias. E non é porque fagamos poucas PCR, pois estes días batemos o récord, con máis de seis mil oitocentas probas feitas nun día, e tendo en conta ademais que, de momento, o Ministerio non conta o *pooling* que se fai en Galicia como proba, senón que segue agrupando de vinte en vinte.

En definitiva, ante a súa pregunta sobre a valoración da evolución da situación actual de Galicia e dos gromos existentes, eu teño que dicir que cando se aplican criterios técnicos...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro. Ten outra rolda despois. Grazas. (*Aplausos.*)

Réplica, señor Torrado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, presidente.

Sabe, señor conselleiro, que non hai máis que boas intencións, sempre é bo manter esa canle de comunicación. De feito, como lle dicía ao inicio, somos conscientes plenamente de que a situación é difícil, imposible, imprevista en moitas situacións e que os gobernos toman decisións como poden coa mellor das vontades. Nós somos conscientes. Fíxese: tomou vostede un bo exemplo, e non verá o presidente de Asturias falar mal de Galicia; como non verá, porque non nos ve falar mal das decisións que vaian tomando, que están tomando agora en Ourense, porque están ben tomadas, se son coa intención de frear a pandemia. Niso é un plano razoable. Porque nós consideramos que os gobernos teñen que tomar decisións que xa lles son difíciles. Por tanto, salvo que sexa unha cuestión moi estraña, necesitamos que todos pulemos no mesmo sentido. E nesa vía vai encontrar sempre ao PSdeG e ao Partido Socialista en toda España.

Permítame que lle contrapoña co exemplo que lle estaba poñendo. Vostedes hai unha semana despotricaron o habido, o non habido e o por haber contra o Ministerio de Sanidade, e hoxe están tomando as decisións que hai unha semana votaban en contra. (*Aplausos.*) Claro, eu alégrome moito de que poñamos de exemplo ao presidente de Asturias; alegraríame tanto que preferiría ter os datos de Asturias. É máis: preferiría ter as ratios de profesionais por paciente de Asturias. É máis: preferiría ter o gasto por habitante en sanidade de Asturias. E moito máis: preferiría ter a atención primaria que ten Asturias. É que por ter prefería ter o presidente de Asturias que o presidente de Galicia. (*Risos.*) (*Aplausos.*)

Pero é certo, señor conselleiro, que parece —xa lle digo de antemán— que vostede igual tamén, porque alí curiosamente tamén lle preguntaron polos rastrexadores e tamén dixo



que non era unha función que se puidera non mirar exactamente. Curiosamente aquí isto non pasou.

En todo caso, nós estamos de acordo con todas as medidas. O que dicimos é que oxalá a vostede lle deixen telas. Porque si aquí gañaron as eleccións, pero é certo que hai xente posiblemente que crea que non é bo vender a coherencia para comprar un relato aínda que gañe eleccións. Iso si o fixo...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Torrado.

*(Aplausos.)*

Peche da pregunta, conselleiro de Sanidade.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña):** Señor Torrado, Galicia non ten nada en contra de que o Ministerio de Sanidade tome as medidas que crea oportunas na Comunidade de Madrid, o que pedimos é que as pacte co Goberno de Madrid, e non pretenda que llas impoñamos os demais gobernos e demais autonomías.

Non nos parece que o xeito de actuar sexa remitir pola mañá un documento, ou o día anterior, e pretender que despois que a Ponencia de Alertas se negue a valorar o documento porque non ten criterios técnicos, ou que na Comisión de Saúde Pública sete comunidades voten en contra, dúas se absteñan, 9-9, e pola tarde se busque unha votación sendo a primeira vez que non se trata un tema por consenso no Consello. *(Aplausos.)*

Nós ao Ministerio o que lle contamos cando nos plantexou esas tres medidas non foi que non houbera que tomar medidas en Madrid; nós non entramos en se hai que tomar medidas en Madrid. O que lle dixemos é que en Galicia, desde o mes de xuño, estabamos a tomar medidas e que o faciamos cunha batería de criterios que excedían con moito eses tres que pretendía impoñer o Ministerio. Falabamos de polo menos dez indicadores. E que ademais eses dez indicadores eran propostos e revisados por uns técnicos que o Ministerio non sabemos se ten; acaba de dicir agora mesmo que hai catro meses que non se reúne cos técnicos, co seu comité. Nós si que nos reunimos cos técnicos, as decisións tómanse avaladas polos técnicos e con eses dez criterios. E con eses dez criterios non se tomaron medidas hoxe. É máis: cos criterios do Ministerio en Ourense non tiñamos que ter feito nada hoxe curiosamente. E nós cremos que si, que hai que tomar medidas en Ourense. E xa as tomamos —repito— na Mariña lucense no mes de xuño, na Coruña, en Lugo, en Pontevedra e así —como dicía antes— ata en corenta e catro concellos.

E esas medidas, cando se toman con criterios técnicos, está demostrado que funcionan. E iso foi o que lle dixemos ao Ministerio. E ademais que non hai que ter un umbral de 100.000 habitantes para tomar esas medidas e o resto de poboacións de menos habitantes non ter ningún. Iso foi o que lle dixemos ao Ministerio. E tamén lle dixemos que se propoñían un documento técnico nós o apoiariamos. Curiosamente, este venres, dous días despois desa negativa de presentar un documento técnico, presentouno, e hoxe os membros da Ponencia de Alertas discutírono e, en principio, si que estamos de acordo con ese documento, que terá que ser evolucionado.



En definitiva, o que digo é que non nos opoñemos a que se tomen esas medidas. Repito: en Ourense, cos criterios do Ministerio, non teríamos que tomar ningunha medida. E refírome aos datos que ten Ourense neste momento. Non estamos nos 500 casos por 100.000 habitantes, non estamos nun 35 % de ocupación da UCI e non estamos en máis dun 10 % de PCR positivas, que son os criterios sinxelos que o Ministerio propoñía para actuar en cidades como Ourense.

Polo tanto, teño que dicir que non estamos de acordo con esa apreciación e que seguiremos tomando medidas, co aval do Ministerio ou sen el, como temos feito ata agora cando a situación así o suxira, como temos feito hoxe e como seguiremos facendo no resto de situacións que se produzan.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Marina Ortega Otero e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o plan de conciliación integral elaborado pola Xunta de Galicia para o caso de que as familias deban exercer o coidado dos menores nos casos de suspensión da actividade lectiva como consecuencia da covid-19**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra dona Marina Ortega.

**A señora ORTEGA OTERO:** Grazas, presidente.

Señora conselleira, Galiza pode perder nos próximos quince anos 178.000 habitantes de seguir con esta tendencia; somos das comunidades autónomas con peor índice de natalidade e demografía. Pero é significativa en canto á poboación que perdemos no tramo de idade que precisamente está en idade fértil, que, por certo, é a mesma xeración que viviu unha crise hai anos cando —lembrems— tiveron que emigrar novamente, xusto cando accedía ao mercado laboral. E agora a esta mesma xeración tócalle vivir outra crise cando ten que cadrar o equilibrio da vida laboral e familiar no medio dunha crise económica e social motivada por unha pandemia sen precedentes. ¿Como coidar dos nosos fillos e fillas neste contexto se non existen políticas de conciliación reais por parte da Xunta?

En materia de conciliación e igualdade hai un antes e un despois do Decreto lei 6/2019, que aprobou o Goberno central o 1 de marzo do ano pasado. Pero despois de meses de pandemia, aquí, cunha profunda crise económica e social, nais e pais tivemos que facer fronte a un inicio de curso en Galicia sen gratuidade nos libros de texto, coa negativa por parte da Xunta á iniciativa deste parlamento de aportar as máscaras gratuítas para os cativos nos centros de ensino, cunha pandemia no medio, na única comunidade autónoma que non aportou axudas directas efectivas aos autónomos nos peores momentos, como si fixeron outras comunidades autónomas. E sen políticas de conciliación reais efectivas que solucionen a incerteza en que viven as familias. Nestes momentos, as familias precisan unha ruta de acción clara, precisan solucións para coidar os seus fillos nestas condicións específicas sen precedentes, nunha Galicia na que os salarios e as pensións son os máis baixos do Estado.



¿Que farían moitas familias sen as nóminas dos ERTE ou sen as axudas sen precedentes dos autónomos? E, por suposto, ¿que fariamos sen o grande esforzo que fixeron as administracións locais, os nosos concellos, en dispoñer tan sequera do datos da covid por concellos ata hoxe mesmo, que o señor Feijóo, por fin, caeu da burra? ¿Que fariamos sen estas axudas por parte dos concellos, das administracións locais e por parte das axudas do Estado?

Pero xa imos tarde, porque en lugares como na miña provincia, en Ourense, xa estamos ao límite. A conciliación é unha tarefa pendente da Consellería de Política Social, e a pandemia non fixo máis que amosar esta importante carencia.

Señora conselleira, dende a Xunta teñen que espabilar e poñer medidas sobre a mesa xa, non agardar a que os concellos ou o Goberno central solucione todo, xa que aquí hai competencias, logo aquí hai recursos para facelo. Esta cámara comprometeuse a resolver con solucións a cuestión da conciliación, e vostede é a responsable de executar a solución. A pregunta que se están facendo todas as familias: ¿como coidar os nosos fillos neste contexto?

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Ortega.

**A señora ORTEGA OTERO:** Estamos delegando perigosamente...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, grazas... Ten outra rolda despois. Terminou o seu tempo. Grazas. *(Aplausos.)*

Resposta da conselleira de Política Social, dona Fabiola García Martínez.

**A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez):** Presidente, deputadas e deputados, moi boas tardes de novo.

Señora Ortega, hai uns meses, eu tiven a ocasión de vir a esta cámara para dar a coñecer as medidas de conciliación que como goberno temos en marcha cada día e á disposición de todas as familias galegas; medidas que durante os últimos anos foron reforzadas para facer de Galicia o mellor lugar para formar unha familia.

Señora Ortega, a Xunta de Galicia xa leva espabilada moitísimos anos. E por iso fomos quen de duplicar as prazas públicas en escolas infantís chegando ás vinte e cinco mil que temos na actualidade, ser pioneiros na implantación dunha educación infantil gratuíta para os segundos fillos e sucesivos, que se iniciou o pasado 1 de abril e que beneficia as familias duns catorce mil nenos e nenas que acoden ás escolas infantís públicas, privadas e tamén municipais.

Fomos quen durante estes anos de impulsar as casas niño nos concellos máis pequenos de Galicia. Recursos de conciliación cen por cento gratuítos á disposición das familias que viven no rural galego e que son aptas para un máximo de cinco nenos.

E somos, por suposto, plenamente conscientes de que a pandemia supuxo moitas dificultades adicionais para moitas familias. Por iso respondemos cunha medida pioneira, que son



os bonos Coidado Extraordinario. Entre 500 e 600 euros ao mes para que as familias puidesen contratar servizos de coidado para nenos, para maiores e para persoas con discapacidade.

E así mesmo, mentres os centros de día estaban pechados en Galicia, puxemos en marcha un servizo de axuda no fogar extraordinario. Grazas ao mesmo puidéronse prestar cinco millóns de horas en todos os fogares galegos.

Estivemos á altura, polo tanto, durante a primeira onda e volveremos estar á altura durante esta segunda onda, porque neste novo contexto no que nos tocou vivir seguiremos traballando para darlles cada día máis facilidades ás familias e que poidan conciliar. Por iso, a primeira lei que o Goberno galego remitiu a este Parlamento de Galicia neste período de sesións foi a Lei de impulso demográfico, que será o soporte normativo para todas as respostas que se darán nos vindeiros meses e nos vindeiros anos en materia de conciliación.

Espero de verdade, señora Ortega, contar co seu apoio leal, coas achegas construtivas que normalmente nos fai e, finalmente, tamén, por suposto, co voto favorable do seu partido, do Partido Socialista, para sacar adiante por unanimidade esta importante Lei de impulso demográfico.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

Réplica, señora Ortega.

**A señora ORTEGA OTERO:** Señora conselleira, o bono Coidado que dixeron que chegaría a trinta e seis mil familias só chegou a mil duasetas familias. Iso non resolve. Díxollelo vostede aos medios de comunicación.

Con todos os respectos, atópase ante unha cámara soberana, onde a cidadanía nos encomendou representar e servir o pobo galego no medio dunha profunda crise. Non é o momento de dar un parte noticioso; para iso xa poñemos o telexornal, señora conselleira. (*Aplausos.*) Trátase de traballar para que teñamos plans de conciliación xa, ao igual que outras comunidades autónomas, que xa os teñen dende hai tempo, reais e que solucionen a vida dos pais e das nais, e non teñan que derivar nos avós, que están en perigo nesta pandemia. É realmente triste, señoría, que a única información e explicación ao respecto que se teña que dar á cidadanía en moitísimas ocasións pola súa parte é interpelar o Goberno central a que resolva, ou os concellos, porque dedúcese de que aquí se declara incompetente. Lamentable é tamén que levemos xa varias xornadas de período ordinario e vostede non compareza aínda nesta cámara.

Vostede, señora conselleira, e o seu goberno fan como o conto do neno que chega da escola dun exame, e, se aproba, dille á nai: «aprobei»; e se suspende di: «suspendéronme». Vós facedes igual. Cando estabamos no estado de alarma, (*Aplausos.*) o mando único era o Estado, cando as cousas ían mellor e o mando único era o Estado, era Feijóo o que tiña os méritos,



e agora, que é cando teñen as competencias e as cousas non funcionan, a culpa sempre é do resto: do Estado, dos concellos ou dos alcaldes.

A aportación do Estado a Galicia: máis de cento vinte mil galegos e galegas protexidos polo Goberno central con prestacións sociais; máis de cento vinte mil galegos protexidos e xa incorporados aos traballos; e vinte e dous mil que continúan protexidos polos ERTE. Noventa e cinco mil recibiron prestacións por parte da Administración do Estado: 17 millóns de euros do Fondo Social, 1,9 millóns de becas comedores para Galicia, 31.800 empresas galegas, 272 millóns do Feder, 361 millóns do Fondo Covid, etc. Os concellos, esforzándose e aportando solucións, con servizos municipais...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Ortega.

Grazas. Terminou o seu tempo. Grazas. Xa está, xa está. Grazas.

*(Aplausos.)*

Peche da pregunta, conselleira de Política Social.

**A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez):** Moitas grazas, presidente.

Señora Ortega, recordará vostede que na última sesión plenaria, o 22 de setembro, todos, e reitero absolutamente todos os membros desta Cámara, incluídos os deputados e as deputadas do seu grupo socialista, acordamos: «1º) Aprobar unha liña de medidas para garantir o dereito de conciliación mentres haxa gromos da covid. 2º) Instar o Goberno español a que aprobe un permiso retribuído a nivel estatal para os pais e as nais con fillos en corentena».

A min, a verdade, é que me gustaría saber se vostede lle demanda a mesma premura no cumprimento dos seus compromisos ao Goberno do señor Sánchez que ao Goberno galego. *(Aplausos.)* E non entendemos, porque nós si cumprimos sempre co prometido, cumprimos con todas as medidas que anunciamos e todas as medidas están en marcha, e así o seguiremos facendo. Por iso, señora Ortega, Galicia aproba e o seu goberno de Madrid, suspende. *(Aplausos.)*

É máis: señora Ortega, ¿sabe de verdade o que eu creo que lles axudaría a conciliar a moitas familias galegas e a ter unha mellor calidade de vida? Que o ingreso mínimo vital chegase con axilidade a todos os fogares galegos. Pero para iso parece ser que vostedes nin o seu goberno teñen tanta présa.

O Goberno galego é e seguirá sendo sempre plenamente consciente das necesidades e dos servizos de conciliación que necesitan as familias galegas para poder compatibilizar a súa vida persoal e a súa vida laboral.

Señorías, a Xunta de Galicia adoptou sempre un compromiso e estará sempre presente coa cidadanía galega. É un compromiso que vai cumprir, e farao tendo en conta sempre a realidade e as circunstancias nas que nos atopamos. E como sei que compartimos ese obxectivo,



señora Ortega, eu confío, de verdade, —e insisto— que nos vindeiros meses poidamos manter un diálogo fluído e un diálogo constante para poder conseguir que esta Lei de impulso demográfico, que é pioneira a nivel nacional, que é necesaria para os fogares galegos, chegue a esta cámara e saia desta cámara con consenso, e que sexa aprobada por unanimidade. Iso si que lles axudaría ás familias de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)


**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

Xa non hai máis asuntos. Remata aquí o pleno.

Boa tarde.

*Remata a sesión ás sete e corenta minutos do serán.*





PARLAMENTO  
DE GALICIA

## DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

